Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 09/05/2023 01:46:41
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 491
9 de maio de 2023

CSV: BOPGDSPG-lTglA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa
1.1.2. Propostas de normas
1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 8 de maio de 2023, polo que se admite a trámite o Proxecto de Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia e se abre o prazo de presentación de emendas 192219

Acordo da Mesa do Parlamento, do 8 de maio de 2023, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de artesanía de Galicia 192211

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Rexeitamento da iniciativa

49131 (11/PNC-004194)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para proceder á aprobación dun plan para a axilización da tramitación e resolución dos procedementos xudiciais 192212

51551 (11/PNC-004406)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir que a contratación pública cumpra cos principios de igualdade, non discriminación e transparencia, e respecte a libre competencia 192212

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Aprobación por unanimidade sen modificacións

48427 (11/PNC-004150)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para atender os problemas de saúde mental 192213

50472 (11/PNC-004308)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto dos problemas do servizo de fisioterapia na área sanitaria de Ferrol 192214

50957 (11/PNC-004355)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para aprobar o decreto regulador do programa galego de cribado neonatal 192214

Rexeitamento das iniciativas

44363 (11/PNC-003901)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para cubrir de inmediato, a tempo completo e de maneira continuada, a praza de médico do Centro de Saúde de Corrubedo 192214

49567 (11/PNC-004226)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das prazas residenciais para maiores 192215

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario
1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia
1.3.8.2. Informes de fiscalización selectivos

Informe de fiscalización horizontal sobre percepcións económicas non salariais e indemnizacións de gastos efectivos en entidades locais: indemnizacións por razón do servizo, asistencias e outros gastos 192359

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos
1.5.4. De ámbito europeo
1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 5 de maio de 2023, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 1999/62/CE, a Directiva 1999/37/CE do Consello e a Directiva (UE) 2019/520 no

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

relativo á clase por emisións de CO2 dos vehículos pesados con remolques [COM (2023) 189 final] [COM (2023) 189 final anexo] [2023/0134 (COD)]

-11/UECS-000289 (53461) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 1999/62/CE, a Directiva 1999/37/CE do Consello e a Directiva (UE) 2019/520 no relativo á clase por emisións de CO2 dos vehículos pesados con remolques [COM (2023) 189 final] [COM (2023) 189 final anexo] [2023/0134 (COD)] 192480

Resolución da Presidencia, do 8 de maio de 2023, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establece un marco para garantir a subministración segura e sostible de materias primas fundamentais e se modifican os Regulamentos (UE) 168/2013, (UE) 2018/858, (UE) 2018/1724 e (UE) 2019/1020 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2023) 160 final] [COM (2023) 160 final anexos] [2023/0079 (COD)] {SEC (2023) 360 final} {SWD (2023) 160 final} {SWD (2023) 161 final} {SWD (2023) 162 final}

-11/UECS-000290 (53490) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establece un marco para garantir a subministración segura e sostible de materias primas fundamentais e se modifican os Regulamentos (UE) 168/2013, (UE) 2018/858, (UE) 2018/1724 e (UE) 2019/1020 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2023) 160 final] [COM (2023) 160 final anexos] [2023/0079 (COD)] {SEC (2023) 360 final} {SWD (2023) 160 final} {SWD (2023) 161 final} {SWD (2023) 162 final} 192505

Resolución da Presidencia, do 8 de maio de 2023, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello pola que se establece a Lei de apoio á produción de munición [COM (2023) 237 final] [2023/0140 (COD)]

-11/UECS-000291 (53491) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello pola que se establece a Lei de apoio á produción de munición [COM (2023) 237 final] [2023/0140 (COD)] 192636

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 8 de maio de 2023, polo que se admite a trámite o Proxecto de Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia e se abre o prazo de presentación de emendas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 8 de maio de 2023, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas

- 53362 (11/PL-000022)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia

Examinado o devandito proxecto e logo de verificar que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Admitir a trámite o Proxecto de lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, polo procedemento lexislativo ordinario.

2º. Oír a Xunta de Portavoces para a súa asignación a comisión e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 29 de maio de 2023, ás 1.:30 horas.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Acordo da Mesa do Parlamento, do 8 de maio de 2023, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de artesanía de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 8 de maio de 2023**,** adoptou o seguinte acordo:

Aceptación de ampliación do prazo de emendas ao articulado

- 53015 (11/PL-000021)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de artesanía de Galicia
BOPG nº 486, do 26.04.2023

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Ampliar, por primeira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de artesanía de Galicia (doc. núm. 53015, 11/PL-000021), ata o día 26 de maio de 2023, ás 18.30 horas.

2º. Dar traslado deste acordo á Xunta de Portavoces.

3º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 4 de maio de 2023, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 49131 (11/PNC-004194)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para proceder á aprobación dun plan para a axilización da tramitación e resolución dos procedementos xudiciais
BOPG nº 454, do 15.02.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 3 votos a favor, 7 votos en contra e 2 abstencións.

- 51551 (11/PNC-004406)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir que a contratación pública cumpra cos principios de igualdade, non discriminación e transparencia, e respecte a libre competencia
BOPG nº 470, do 21.03.2023

Sométese a votación separada por puntos:

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 1: resulta rexeitado por 2 votos a favor, 7 votos en contra e 3 abstencións.
Puntos 2, 3, 4 e 5: resultan rexeitados por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2023
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 5 de maio de 2023, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 48427 (11/PNC-004150)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para atender os problemas de saúde mental
BOPG nº 446, do 01.02.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Facer públicas de xeito regular as memorias e os informes do desenvolvemento do Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19, e o Plan Galego de Prevención do Suicidio.

2. Introducir nos cadros de persoal dos centros de saúde a especialidade de psicoloxía clínica, de xeito que estean presentes nos seus equipos multidisciplinares.

3. Activar, con carácter urxente e efectivo, as medidas tendentes á eliminación de toda forma de coerción nos servizos de saúde mental, seguindo as directrices da Resolución 2291 (2019) da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa.

4. Reforzar a sanidade pública, coa provisión dos recursos necesarios, para reducir unhas listas de espera actualmente insoportables (máis de 10.000 persoas esperando unha primeira consulta), e que son un factor claro de desigualdade no acceso á atención pública para as persoas con menos recursos económicos, con esperas de meses.

5. Potenciar os recursos públicos a nivel residencial e comunitario fronte á externalización de servizos.»

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 50472 (11/PNC-004308)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto dos problemas do servizo de fisioterapia na área sanitaria de Ferrol
BOPG nº 461, do 01.03.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a resolver os problemas do servizo de fisioterapia, aprobando de xeito inmediato a carteira de servizos desta profesión e habilitando a derivación directa desde o MAP, así como a aumentar o cadro de persoal de profesionais ata a ratio recomendada pola OMS.»

- 50957 (11/PNC-004355)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para aprobar o decreto regulador do programa galego de cribado neonatal
BOPG nº 467, do 15.03.2023

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aprobar neste ano 2023 o decreto regulador do programa galego de cribado neonatal actualmente en trámite e a desenvolver tamén neste ano a primeira actualización do panel de enfermidades que serán cribadas, a través do novo comité asesor do programa.»

Rexeitamento das iniciativas

- 44363 (11/PNC-003901)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para cubrir de inmediato, a tempo completo e de maneira continuada, a praza de médico do Centro de Saúde de Corrubedo
BOPG nº 416, do 02.12.2022

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 49567 (11/PNC-004226)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das prazas residenciais para maiores
BOPG nº 454, do 15.02.2023

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2023
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario
1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia
1.3.8.2. Informes de fiscalización selectivos

Informe de fiscalización horizontal sobre percepcións económicas non salariais e indemnizacións de gastos efectivos en entidades locais: indemnizacións por razón do servizo, asistencias e outros gastos

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 20 de marzo de 2023, adoptou os seguintes acordos:

- 51501 (11/ICON-000010)
Consello de Contas
Informe de fiscalización horizontal sobre percepcións económicas non salariais e indemnizacións de gastos efectivos en entidades locais: indemnizacións por razón do servizo, asistencias e outros gastos

A Mesa acorda a admisión a trámite, a remisión da documentación aos grupos parlamentarios, o traslado á Mesa da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas e a publicación na páxina web e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2023
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos
1.5.4. De ámbito europeo
1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 5 de maio de 2023, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 1999/62/CE, a Directiva 1999/37/CE do Consello e a Directiva (UE) 2019/520 no relativo á clase por emisións de CO2 dos vehículos pesados con remolques [COM (2023) 189 final] [COM (2023) 189 final anexo] [2023/0134 (COD)]

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

-11/UECS-000289 (53461) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 1999/62/CE, a Directiva 1999/37/CE do Consello e a Directiva (UE) 2019/520 no relativo á clase por emisións de CO2 dos vehículos pesados con remolques [COM (2023) 189 final] [COM (2023) 189 final anexo] [2023/0134 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 53461, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 1999/62/CE, a Directiva 1999/37/CE do Consello e a Directiva (UE) 2019/520 no relativo á clase por emisións de CO2 dos vehículos pesados con remolques [COM (2023) 189 final] [COM (2023) 189 final anexo] [2023/0134 (COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Resolución da Presidencia, do 8 de maio de 2023, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establece un marco para garantir a subministración segura e sostible de materias primas fundamentais e se modifican os Regulamentos (UE) 168/2013, (UE) 2018/858, (UE) 2018/1724 e (UE) 2019/1020 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2023)

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

160 final] [COM (2023) 160 final anexos] [2023/0079 (COD)] {SEC (2023) 360 final} {SWD (2023) 160 final} {SWD (2023) 161 final} {SWD (2023) 162 final}

-11/UECS-000290 (53490) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establece un marco para garantir a subministración segura e sostible de materias primas fundamentais e se modifican os Regulamentos (UE) 168/2013, (UE) 2018/858, (UE) 2018/1724 e (UE) 2019/1020 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2023) 160 final] [COM (2023) 160 final anexos] [2023/0079 (COD)] {SEC (2023) 360 final} {SWD (2023) 160 final} {SWD (2023) 161 final} {SWD (2023) 162 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 53490, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establece un marco para garantir a subministración segura e sostible de materias primas fundamentais e modifícanse os Regulamentos (UE) 168/2013, (UE) 2018/858, (UE) 2018/1724 e (UE) 2019/1020 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM (2023) 160 final] [COM (2023) 160 final anexos] [2023/0079 (COD)] {SEC (2023) 360 final} {SWD (2023) 160 final} {SWD (2023) 161 final} {SWD (2023) 162 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Resolución da Presidencia, do 8 de maio de 2023, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello pola que se establece a Lei de apoio á produción de municións [COM (2023) 237 final] [2023/0140 (COD)]

-11/UECS-000291 (53491) Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello pola que se establece a Lei de apoio á produción de municións [COM (2023) 237 final] [2023/0140 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 53491, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para la Unión Europea en relación coa Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello pola que se establece a Lei de apoio á produción de municións [COM (2023) 237 final] [2023/0140 (COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
- 3 MAI. 2023
SAÍDA
Nº 18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL DE ENTRADA
03 MAI. 2023
Núm. 53362

Ref: mv

Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o **"Proxecto de lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia",** aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 27 de abril de 2023.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

A SEÑORANS ALVAREZ, BLANCA
Data e hora: 03/05/2023 13:59:13
CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

DIEGO CALVO POUSO, VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e sete de abril de dous mil vinte e tres adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar o *Proxecto de lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia".

E para que conste, asina a presente co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a vinte e sete de abril de dous mil vinte e tres.

Vº. e Prace:
O PRESIDENTE

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

Proxecto de Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral de Galicia

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS 6

TÍTULO PRELIMINAR 22

Disposicións xerais 22

CAPÍTULO I 22

Obxecto, ámbito de aplicación e fins da Lei 22

Artigo 1. *Obxecto da Lei* 22

Artigo 2. *Ámbito de aplicación* 23

Artigo 3. *Fins da lei* 24

CAPÍTULO II 25

Principios da ordenación do litoral 25

Artigo 4. *Principios* 25

Artigo 5. *Colaboración e cooperación* 25

Artigo 6. *Coordinación* 26

Artigo 7. *Enfoque ecosistémico* 26

Artigo 8. *Xestión integrada do litoral* 26

Artigo 9. *Participación* 28

Artigo 10. *Apoio científico e saberes tradicionais* 28

TÍTULO I 28

Organización administrativa e suxeitos intervenientes na ordenación do litoral 28

CAPÍTULO I 28

Competencias autonómicas 28

Artigo 11. *Competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia* 29

Artigo 12. *Competencias das entidades instrumentais do sector público autonómico* 30

CAPÍTULO II 31

Competencias dos entes locais 31

Artigo 13. *Concellos costeiros* 31

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CAPÍTULO III 32
Coordinación 32
Artigo 14. *Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación do Litoral* 32
CAPÍTULO IV 32
Órganos de consulta e asesoramento 32
Artigo 15. A *Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo* 32
CAPÍTULO V 33
Participación da sociedade civil no desenvolvemento sustentable do litoral 33
Artigo 16. *Redes e asociacións* 33
Artigo 17. *Desenvolvemento local participativo* 33
Artigo 18. *Custodia do litoral* 34
TÍTULO II 35
Instrumentos de ordenación do litoral 35
CAPÍTULO I 35
Disposicións xerais 35
Artigo 19. *Criterios xerais de planificación* 35
Artigo 20. *Sistema integrado* 36
CAPÍTULO II 37
Instrumentos de ordenación específicos 37
Artigo 21. *A Estratexia de Economía Azul de Galicia* 37
Artigo 22. *As directrices de ordenación do litoral* 38
Artigo 23. *O Plan de ordenación costeira* 39
Artigo 24. *O Plan de ordenación mariña* 40
Artigo 25. *Os plans especiais de ría* 41
Artigo 26. *Os plans especiais das praias* 42
Artigo 27. *Plans sectoriais* 43
TÍTULO III 43
Usos e actividades no litoral 43

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CAPÍTULO I 43
Disposicións xerais 43
Artigo 28. *Uso sustentable do litoral* 43
Artigo 29. *Zonificación do litoral* 43
Artigo 30. *Tipoloxía de usos* 44
CAPÍTULO II 44
Área de protección ambiental 44
Artigo 31. *Espazos da área de protección ambiental* 44
Artigo 32. *Obxectivos de ordenación da área de protección ambiental* 45
Artigo 33. *Usos permitidos na área de protección ambiental* 45
Artigo 34. *Usos compatibles na área de protección ambiental* 46
Artigo 35. *Usos prohibidos na área de protección ambiental* 47
Artigo 36. *Concorrencia de réximes de uso na área de protección ambiental* 47
CAPÍTULO III 47
Área de mellora ambiental e paisaxística 47
Artigo 37. *Espazos da área de mellora ambiental e paisaxística* 47
Artigo 38. *Obxectivos de ordenación da área de mellora ambiental e paisaxística* 48
Artigo 39. *Usos permitidos na área de mellora ambiental e paisaxística* 48
Artigo 40. *Usos compatibles na área de mellora ambiental e paisaxística* 49
Artigo 41. *Usos prohibidos na área de mellora ambiental e paisaxística* 49
Artigo 42. *Concorrencia de réximes de uso na área de mellora ambiental e paisaxística* 50
CAPÍTULO IV 50
Área de reordenación 50
Artigo 43. *Espazos da área de reordenación* 50
Artigo 44. *Obxectivos de ordenación da área de reordenación* 50

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 45. *Usos na área de reordenación* 51
CAPÍTULO V 51
Réxime da intervención administrativa 51
Artigo 46. *Títulos de intervención administrativa* 51
Artigo 47. *Autorizacións e concesións do dominio público marítimo-terrestre* 52
Artigo 48. *Autorización autonómica para usos na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre* 53
Artigo 49. *Informe de avaliación paisaxística de usos e actividades* 55
Artigo 50. *Autorización ou informe para usos e actividades sobre espazos naturais protexidos* 55
Artigo 51. *Outros informes* 56
Artigo 52. *Procedemento integrado* 56
TÍTULO IV 56
Actuacións estratéxicas para o desenvolvemento sustentable do litoral 56
Artigo 53. *Actuacións estratéxicas* 56
Artigo 54. *Usos da cadea mar – industria alimentaria* 57
Artigo 55. *Rede de sendas litorais* 58
Artigo 56. *Rede de establecementos turísticos do litoral* 59
Artigo 57. *Intervencións sobre o patrimonio cultural do litoral* 59
Artigo 58. *Sustentabilidade económica e social do sector marítimo-pesqueiro e a cadea mar – industria alimentaria* 61
Artigo 59. *Dotacións públicas esenciais para o abastecemento de poboacións e o saneamento e depuración de augas residuais* 61
TÍTULO V 62
Normas adicionais de protección e sustentabilidade do litoral 62
Artigo 60. *Normas adicionais* 62
Artigo 61. *Resiliencia costeira* 63
Artigo 62. *Impacto económico e social* 64
Artigo 63. *Compatibilidade cos obxectivos de calidade e ambientais das augas interiores e costeiras do litoral de Galicia* 64
TÍTULO VI 65

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Patrimonio público litoral 65

Artigo 64. *Medidas* 65

Artigo 65. *Constitución de patrimonio público autonómico do solo litoral* 65

Artigo 66. *Declaración de utilidade pública* 66

Artigo 67. *Dereito de tenteo e retracto* 66

TÍTULO VII 66

Cultura litoral, concienciación e educación ambiental 66

Artigo 68. *Cultura litoral e oceánica e patrimonio cultural inmaterial* 66

Artigo 69. *Concienciación social e educación para o desenvolvemento sustentable* 67

Artigo 70. *Investigación, capacitación e ciencia cidadá* 67

TÍTULO VIII 68

Inspección do litoral e potestade sancionadora 68

Artigo 71. *Inspección* 68

Artigo 72. *Potestade sancionadora* 69

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS 69

Disposición adicional primeira. *Área de influencia litoral* 69

Disposición adicional segunda. *Definición de augas costeiras e augas de transición* 70

Disposición adicional terceira. *Aprobación dos instrumentos de ordenación do litoral previstos nesta lei* 70

Disposición adicional cuarta. *Adaptación do Plan de ordenación do litoral de Galicia* 70

Disposición adicional quinta. *Plans que afectan ao litoral aprobados conforme ao previsto na lexislación sectorial* 71

Disposición adicional sexta. *Catálogo de bens de valor cultural no litoral* 71

Disposición adicional sétima. *Regularización de bens transferidos incluídos no dominio público marítimo-terrestre* 72

Disposición adicional oitava. *Tala de árbores* 73

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición adicional novena. *Tramo internacional do Río Miño* 73

Disposición adicional décima. *Obras e actuacións de interese xeral do Estado* 73

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS 73

Disposición transitoria primeira. *Títulos habilitantes* 73

Disposición transitoria segunda. *Aplicación transitoria do Plan de ordenación do litoral de Galicia* 74

Disposición transitoria terceira. *Delimitación de espazos de especial interese ambiental e paisaxístico* 74

Disposición transitoria cuarta. *Autorizacións autonómicas e declaracións responsables para usos en zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre* 74

DISPOSICIÓN DERROGATORIA 74

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa* 74

DISPOSICIÓNS FINAIS 75

Disposición final primeira. *Modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia* 75

Disposición final segunda. *Modificación da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia* 76

Disposición final terceira. *Información cartográfica* 77

Disposición final cuarta. *Desenvolvemento regulamentario* 77

Disposición final quinta. *Entrada en vigor* 77

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.

Galicia é unha Comunidade Autónoma marítima por excelencia co litoral máis longo de toda España: un total de 2.555 quilómetros considerando non só os 1.659 quilómetros do seu perímetro costeiro, senón tamén os 432 quilómetros que rodean os seus centos de illas e illotes e os 464 quilómetros das súas marismas e areais. Con enormes diferenzas xeomorfolóxicas entre as súas fachadas atlántica e cantábrica, a costa galega alberga unha das súas singularidades máis recoñecidas: as súas rías. Este fenómeno xeográfico de orixe tectónica -nunha peculiar interacción entre o fluvial e o mariño- orixinou un dos ecosistemas mariño costeiros máis variados e ricos do mundo, grazas tamén ao afloramento oceánico que se produce nas súas augas. A esta riqueza ambiental -ou como consecuencia dela- súmase unha beleza paisaxística excepcional formada por centos de unidades fisiográficas de gran calidade.

Con esta xeografía privilexiada e os abundantes recursos mariños que alberga o seu litoral, compréndese o tradicional vínculo entre o mar e as súas xentes. Dunha banda, xerou unha importante economía azul, sendo na actualidade o sector marítimo-pesqueiro galego un dos máis importantes de Europa, que emprega ao 50% do sector en España e concentra unha parte importante dos ingresos das empresas galegas en instalacións situadas na costa. Doutra banda, as actividades relacionadas cos sectores marítimos foron un dos sinais de identidade de Galicia dende a antigüidade e xeraron un rico patrimonio material e inmaterial que debe ser preservado.

Dende as Rías Baixas ata a Mariña Lucense, pasando polas Rías Altas e a Costa da Morte, cunha das zonas costeiras mellor conservadas de España e uns dos cantís máis altos de Europa, o litoral de Galicia merece manter e mellorar a súa sustentabilidade ambiental, social e económica e protexer a súa propia fisionomía natural e humana. E a Comunidade Autónoma de Galicia dispón das competencias, os coñecementos e os medios para afrontar a súa ordenación.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

II.

O artigo 148.1.3 da Constitución Española dispón que as Comunidades Autónomas poden asumir a competencia sobre "ordenación do territorio, urbanismo e vivenda". Así o fixo Galicia, recoñecendo a citada competencia e incluíndo, ademais, a ordenación "do litoral", ao dispoñer no artigo 27.3 do seu Estatuto de Autonomía que "no marco do presente Estatuto corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva sobre as seguintes materias: 3. Ordenación do territorio *e do litoral*, urbanismo e vivenda".

O Tribunal Constitucional pronunciouse sobre o contido desta competencia autonómica de "ordenación do litoral" en diversas ocasións, vertendo unha doutrina xa consolidada, na que destaca a afirmación de que "*todas las comunidades costeras competentes para la ordenación del territorio lo son también para la del litoral*" (STC 149/1991, FJ 1.A). A afirmación anterior acompañouse dunha declaración de mínimos sobre o concepto de litoral, ao dispoñer que *"a los efectos de esta Ley [de costas], incluye al menos la ribera del mar y sus zonas de protección e influencia*" (STC 149/1991, FJ 1A).

Con esta doutrina, o Tribunal Constitucional restou relevancia ao feito de que algunhas comunidades autónomas costeiras non asumisen expresamente o título específico de ordenación do litoral e trasladou o foco de atención sobre os conceptos de "territorio" e "litoral". Así, o Tribunal Constitucional invocou en repetidas ocasións o principio de territorialidade, que recoñece ao territorio como elemento definidor das competencias autonómicas, sinalando que "*el territorio, y de ahí su funcionalidad general en el entramado de distribución de competencias operado por la Constitución, los Estatutos de Autonomía y demás leyes integradas en el bloque de la constitucionalidad, se configura como elemento definidor de las competencias de los poderes públicos territoriales*" (STC 38/2002). Pero declarou inconstitucional o intento do lexislador estatal de concretar o alcance do título competencial sobre ordenación do litoral a través da adición dun apartado 2 ao artigo 114 da Lei de Costas que declaraba que "*a competencia autonómica sobre ordenación territorial e do litoral ... alcanzará exclusivamente ao ámbito terrestre do dominio público marítimo-terrestre, sen comprender o mar territorial e as augas interiores*"; pois non pode o lexislador estatal, sen unha expresa previsión constitucional ou estatutaria para elo, levar a cabo *"una interpretación conceptual y abstracta del sistema*

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de distribución de competencias con el objetivo de delimitar las atribuciones de las Comunidades Autónomas" (STC 162/2012, FJ. 7).

O propio Tribunal Constitucional abordou directamente a cuestión de que debe entenderse por territorio autonómico a partir da STC 38/2002, estendendo ao ámbito autonómico a doutrina sentada polo Tribunal Supremo e o Consello do Estado respecto á pertenza dos portos e a zona marítimo-terrestre aos territorios municipais en que están encravados, e afirmando que "*distinto es el caso del mar territorial*", que non forma parte do territorio autonómico. Porén, ista realidade non impide que "*en el mar territorial excepcionalmente pueden llegar a ejercerse competencias autonómicas, eventualidad ésta que dependerá, bien de un explícito reconocimiento estatutario (vertidos industriales o contaminantes en aguas territoriales, salvamento marítimo: arts. 17.6 y 11 EAAnd) bien de la naturaleza de la competencia tal como resulta de la interpretación del bloque de la constitucionalidad (acuicultura: STC 103/1989, de 8 de junio; ordenación del sector pesquero: STC 158/1986, de 11 de diciembre; marisqueo: STC 9/2001, de 18 de enero)...*" (FJ 6).

Este é o punto de partida da ordenación contida nesta lei, amparada competencialmente no título de ordenación do territorio e do litoral (artigo 27.3 EAG) respecto dos espazos do litoral que indiscutiblemente forman parte do territorio autonómico, e noutros títulos competenciais cando se proxecte a competencia sobre o mar: a competencia exclusiva sobre a pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura (artigo 27.15 EAG) e sobre os portos autonómicos (artigo 27.9 EAG), a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de ordenación do sector pesqueiro (artigo 28.5 EAG) e portos pesqueiros (artigo 28.6 EAG), ou a competencia de execución da lexislación do Estado en materia de salvamento marítimo (artigo 20.3 EAG) e vertidos industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego (artigo 29.4 EAG), por citar os títulos mais significativos.

Á relación anterior, deben engadirse as competencias que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de medio ambiente, que foron progresivamente perfiladas polo Tribunal Constitucional en interpretación do artigo 149.1.23 CE, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar a "lexislación básica sobre a protección do medio ambiente, sen

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

prexuízo das facultades das Comunidades Autónomas de establecer normas adicionais de protección", e da asunción estatutaria das competencias, como a realizada no artigo 27.30 EAG ao recoñecer a competencia exclusiva da materia "normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23".

En primeiro lugar, o Tribunal Constitucional recoñeceu a capacidade das comunidades autónomas de desenvolvemento lexislativo da lexislación básica, superando a doutrina inicialmente restritiva vertida a propósito da Lei de Costas, ao afirmar que "*en materia de medio ambiente el deber estatal de dejar un margen al desarrollo de la legislación básica por la normativa autonómica, aun siendo "menor que en otros ámbitos", no puede llegar, frente a lo afirmado en la STC 149/1991 (fundamento jurídico 1.º, D, in fine) de la cual hemos de apartarnos en este punto, a tal grado de detalle que no permita desarrollo legislativo alguno de las Comunidades Autónomas con competencias en materia de medio ambiente, vaciándolas así de contenido*" (STC 102/1995).

En segundo lugar, o Tribunal Constitucional advertiu sobre os excesos que a propia transversalidade do título ambiental pode provocar de pretenderse encadrar no mesmo calquera tipo de actividade relativa aos recursos naturais, "*sino sólo la que directamente tienda a su preservación, conservación o mejora*" (STC 102/1995). Como o propio Tribunal recoñece, para deslindar cada suposto de concurrencia competencial, é necesario operar con dous criterios, un obxectivo e outro teleolóxico: é preciso identificar cada *materia*, pois unha mesma lei ou disposición pode albergar varias (SSTC 32/1983 y 103/1989); é necesario, además, averiguar a *finalidade* do precepto (SSTC 15/1989, 153/1989 y 170/1989). Esta doble operación permitirá identificar, en cada caso, o título competencial *predominante* pola súa vinculación directa e inmediata, sen que en ningún caso poda chegarse ao vaciamiento das competencias das Comunidades Autónomas segundo os seus Estatutos (STC 125/1984).

En terceiro lugar, a propósito do título ambiental o Tribunal Constitucional recoñece as competencias das comunidades autónomas sobre espazos naturais mariños cando así veña esixido pola *continuidade e unidade do espazo natural protexido* (STC 99/2013).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por último, as facultades executivas ou de xestión en materia de protección do medio ambiente corresponden á Comunidade Autónoma. "*No sólo la Constitución la encomienda a aquéllas, sino que además estatutariamente se les defiere la función ejecutiva ... El juego recíproco de las normas constitucionales (artículos 148.1.9 y 149.1.23 CE) y de las estatutarias pone de manifiesto «sin lugar a dudas, que las facultades ejecutivas o de gestión en materia de medio ambiente, en general... corresponden a» las Comunidades Autónomas «y no al Estado»* (SSTC 149/1991 y 329/1993)" (STC 102/1995).

III.

O bloque da constitucionalidade, tal e como queda descrito no punto anterior, non queda desvirtuado pola condición demanial dalgúns dos espazos que esta Lei pretende ordenar, aos que se refire o artigo 132 CE.

Como é sobradamente coñecido, o Tribunal Constitucional sinalou que "... *la condición de dominio público no es un criterio utilizado en nuestra Constitución (...) para delimitar competencias (...) el concepto de dominio público sirve para calificar una categoría de bienes, pero no para aislar una porción de territorio de su entorno, y considerarlo como una zona exenta de competencias de los diversos entes públicos que las ostentan...*" (STC 77/1984).

Efectivamente, desa titularidade do demanio, de conformidade co artigo 132 da Lei de Costas, derivan certas "facultades" do lexislador estatal, en concreto, como perfilou o Alto Tribunal, "*la facultad del legislador para definir el dominio público estatal y para establecer el régimen jurídico de todos los bienes que lo integran*". En palabras do Tribunal Constitucional referidas ao dominio público marítimo-terrestre, "*el legislador no sólo ha de inspirarse en los principios de inalienabilidad, imprescriptibilidad e inembargabilidad, sino que además ha de adoptar todas las medidas que crea necesarias para preservar sus características propias, ... las medidas de protección necesarias para asegurar la integridad de esa titularidad ... pues como es obvio, el mandato del constituyente quedaría burlado si el legislador obrase de modo tal que, aun reteniendo físicamente en el dominio público del Estado la zona marítimo-terrestre, tolerase que su naturaleza y sus características fueran destruidas o alteradas*". Agora ben, "*las facultades dominicales sólo pueden ser legítimamente utilizadas en atención a los fines públicos que justifican la existencia del dominio público, esto es para asegurar*

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

la protección de la integridad del demanio, la preservación de sus características naturales y la libre utilización pública y gratuita, no para condicionar abusivamente la utilización de competencias ajenas" (STC 149/1991).

IV.

Con base nas propias competencias e desde o comezo do Estado das Autonomías, Galicia ven regulando o seu litoral de modo sectorial e desenvolvendo instrumentos relevantes de ordenación do territorio con incidencia no litoral, como as Directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral de Galicia, e ferramentas necesarias para a preservación paisaxística, como os Catálogos da Paisaxe.

Coa aprobación desta Lei preténdese dar un paso mais. Esta Lei aspira á ordenación e xestión do litoral desde un enfoque ecosistémico e integrado, que garanta un desenvolvemento sustentable.

O enfoque ecosistémico, recollido en diversos instrumentos internacionais e europeos, como é o Regulamento (UE) nº 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, supón xestionar as actividades humanas que se realizan no litoral dentro de límites ecolóxicamente significativos, pretendendo harmonizar a xestión dos recursos naturais e dos ecosistemas co desenvolvemento económico e social, a fin de garantir o menor impacto deste sobre aqueles e que a presión que provoquen sobre o litoral se manteña en niveis compatibles co bo estado ambiental dos ecosistemas costeiros e mariños.

Partindo de dito enfoque, a xestión do litoral debe abordarse seguindo a Recomendación 2002/413/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2002, relativo á aplicación da xestión integrada das zonas costeiras de Europa, que o propio Estado español asumiu coa sinatura do Protocolo internacional relativo á xestión integrada das zonas costeiras do Mediterráneo o 21 de xaneiro de 2008, ratificado como tratado internacional o 20 de maio de 2010 (BOE de 23 de marzo de 2011). A integración esixe superar a visión sectorializada do litoral, en favor dunha xestión que tome en consideración os diversos usos e actividades económicas que se proxectan e desenvolven no litoral, os diversos riscos e ameazas que afecten aos ecosistemas mariño-costeiros, así como as distintas

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Administracións que concorran na súa ordenación e xestión, isto é, adoptar un enfoque integrado na xestión do litoral. É precisamente a aspiración de alcanzar unha xestión integrada do litoral a que esixe unha regulación como a presente, que distingue espazos, suxeitos e actividades, pero sen esquecer que o litoral é unha entidade única e continua que require de regras de ordenación coherentes e de accións coordinadas.

Xunto ao anterior, e fronte aos sucesivos intentos harmonizadores e uniformadores da ordenación da costa, esta lei constrúese sobre unha premisa distinta avalada pola experiencia e o coñecemento científico: a escala autonómica é idónea para lograr unha ordenación e xestión ecosistémica e integrada do espazo litoral, realista, razoable e eficaz, coherente e adecuada á singularidade do litoral de Galicia.

O fin último do novo enfoque desde o que debe ordenarse e xestionarse o litoral é o seu desenvolvemento sustentable, que pon o acento nun equilibrio adecuado entre os valores ambientais, os económicos e os sociais presentes neste espazo tan sensible e singular. Tres pilares básicos que veñen sustentando, por exemplo, a Política Pesqueira Común no marco da Unión Europea (Regulamento UE nº 1380/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013) e que o propio TC identificou tempranamente sobre o litoral na súa sentenza 149/1991, invocando a Carta Europea do Litoral: *"es esencial para el mantenimiento de los equilibrios naturales que condicionan la vida humana, ocupa un lugar estratégico en el desarrollo económico y en la reestructuración de la economía mundial, es soporte de las actividades económicas y sociales que crean empleo para la población residente, es indispensable para el recreo físico y psíquico de las poblaciones sometidas a la presión creciente de la vida urbana y ocupa un lugar esencial en las satisfacciones estéticas y culturales de la persona humana".*

Por todo o exposto, o litoral de Galicia ten que dispoñer dunha norma, coa lexitimidade que só confire o Parlamento, que ofreza instrumentos suficientes e adecuados que permitan un desenvolvemento sustentable. A tarefa é abordada co acompañamento dun estado de opinión que dificilmente ten volta atrás: o convencemento de que Galicia pode e debe asumir o protagonismo que lle corresponde na ordenación e xestión dun dos seus espazos mais significativos e identitarios, o litoral.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

V.

Esta Lei estrutúrase nun Título Preliminar e oito Títulos, dez disposicións adicionais, catro transitorias, unha derrogatoria e cinco finais.

O Título preliminar recolle as disposicións xerais, referidas ao obxecto, o ámbito de aplicación, os fins da lei e os principios da ordenación do litoral.

Esta lei define por vez primeira o litoral de Galicia, como unha franxa de anchura variable a ambos os dous lados da beira do mar, na que se produce a interacción entre a natureza, as comunidades humanas e as actividades socioeconómicas que se sustentan na existencia ou influencia do mar. Franxa que se estende cara o interior ata o límite administrativo dos concellos costeiros ou, cando o supere, o límite interior dos espazos naturais protexidos que radiquen nos mesmos; e mar adentro, ata o límite exterior do mar territorial, se ben exclusivamente para o exercicio das competencias que o Estatuto de Autonomía recoñece explicitamente neste medio ou ás que deban realizarse no mar pola natureza da competencia tal e como resulta da interpretación do bloque da constitucionalidade.

Os fins perseguidos pola Lei están en íntima conexión coas ideas xa expostas: a consideración do litoral como unha entidade continua e única; a xestión responsable dos recursos naturais, a protección do medio ambiente; a prevención e redución dos efectos dos riscos naturais; a protección, conservación e mellora da calidade das augas do litoral de Galicia; a tripla dimensión da sustentabilidade, medioambiental, económica e social, que orienta a ordenación do litoral; a cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación do litoral de Galicia; o apoio aos sectores produtivos mediante accións que favorezan o mantemento das poboacións litorais que viven do mar e garantan o desenvolvemento das súas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos; o impulso dun turismo litoral diversificado, desestacionalizado e de calidade; a protección, conservación e mellora do patrimonio cultural do litoral; ou o fomento da cultura do litoral, a través de accións de sensibilización, divulgativas e de formación da sociedade galega.

Como principios da ordenación do litoral, enúncianse os principios de desenvolvemento sustentable, precaución ou cautela, prevención, non regresión, quen contamina paga, participación e uso das mellores e máis

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

recentes evidencias científicas dispoñibles e coñecementos tradicionais. E desenvólvense a colaboración e cooperación, a coordinación, o enfoque ecosistémico, a xestión integrada do litoral, a participación e o apoio científico e os saberes tradicionais.

O Título I regula a organización administrativa e os suxeitos intervenientes na ordenación do litoral: as competencias autonómicas e dos entes locais; a coordinación, a través da creación dunha Comisión Interdepartamental de Coordinación de Ordenación do Litoral; a consideración da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo como órgano de consulta e asesoramento; e a esencial participación da sociedade civil no desenvolvemento sustentable do litoral, a través de redes e asociacións, de estratexias de desenvolvemento local participativo, a constitución de grupos de acción local en zonas costeiras e a custodia do litoral.

O Título II recolle os instrumentos de ordenación do litoral, definindo o seu ámbito de aplicación, os obxectivos perseguidos e as determinacións que deben incorporar, establecendo como principio reitor de cada ordenación a colaboración interadministrativa e arbitrando os medios necesarios para garantir a participación dos suxeitos públicos e privados compelidos, así como unha adecuada coordinación.

A lei articula un sistema integrado de instrumentos de ordenación, que toma como punto de partida a posta en valor da economía azul, mediante a Estratexia de Economía Azul de Galicia, que pretende servir de apoio ao crecemento sostible dos sectores produtivos vinculados ao mar e ao aproveitamento potencial dos mares e océanos como motores da economía, na liña da Comunicación da Comisión Europea "Sobre un novo enfoque da economía azul sustentable da UE: transformar a economía azul da UE para un futuro sustentable" [COM (2021) 240 final].

As Directrices de ordenación do litoral serán o elemento básico da planificación do litoral, ofrecendo unha visión global da ordenación que servirá de referencia para formular os demais instrumentos.

Regúlanse dous plans de ordenación do litoral, para os espazos terrestres e marítimo-terrestres – o Plan de ordenación costeira – e os espazos mariños o Plan de ordenación mariña –. O primeiro ten natureza de plan territorial integrado dos regulados na normativa de ordenación do territorio; o

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

segundo ten natureza diferente, de ordenación dos espazos mariños coas limitacións que para este espazo dispón o propio ámbito de aplicación desta lei, aínda que lle resultarán aplicables as disposicións da normativa de ordenación do territorio relativas ao procedemento de elaboración.

O sistema de instrumentos de ordenación e xestión péchase coa regulación de dous plans de natureza facultativa, que permitirán dispoñer dun instrumento adecuado que ordene as rías e as praias de resultar necesario, e coa remisión aos plans sectoriais, regulados na normativa de ordenación do territorio para determinadas actividades sobre o litoral.

A Lei establece criterios de ordenación xerais, referidos ás interaccións terra – mar, a continuidade ecolóxica, a capacidade de carga dos ámbitos, a avaliación dos riscos e a esixencia de conter procedementos de revisión e indicadores que permitan avaliar o cumprimento dos seus obxectivos e introducir melloras.

Esta planificación completará a que ata agora viña levándose a cabo a través doutros instrumentos recollidos na lexislación sectorial e do Plan de ordenación do litoral de Galicia, que, como futuro Plan de ordenación costeira, será revisado para adaptarse á nova regulación dos usos do litoral.

O Título III relativo aos usos e actividades no litoral, recolle algunhas das novidades mais salientables da Lei.

A regulación dos usos e actividades parte dunha zonificación do litoral, realizada a partir da constatación de que non todos os espazos do litoral teñen as mesmas características, soportan a mesma tipoloxía de usos ou requiren das mesmas intervencións. Esta zonificación, respectuosa coa normativa básica estatal e, en particular, coa normativa de costas, medio mariño e patrimonio natural e biodiversidade, non incide na natureza dos espazos ou bens que zonifica nin altera o seu réxime xurídico establecido polas normas que os regulan. Serve, e esta é a finalidade da zonificación, para ordenar os usos e actividades en función dos obxectivos de ordenación perseguidos con esta Lei.

Así, no litoral distínguense tres áreas distintas, con obxectivos de ordenación específicos e a conseguinte determinación dos usos permitidos, compatibles e prohibidos: a área de protección ambiental, que comprende

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

os espazos que conservan características naturais singulares e irremplazables e valores ambientais excepcionais, que deben ser especialmente protexidos e preservados do proceso urbanizador ou calquera outro que poda alterar as súas condicións; a área de reordenación, que comprende os espazos transformados pola acción urbanizadora e espazos degradados, de difícil ou imposible re-naturalización, que esixen accións de reordenación, orientadas a non agravar o deterioro, a humanizar os espazos e renovar os elementos e o seu entorno; e a área de mellora ambiental e paisaxística, que comprende todos os demais espazos que, sen reunir as condicións dos anteriores, mantéñense maioritariamente libres de procesos de degradación, ou sufriron procesos de desnaturalización reversibles, polo que esixen accións de protección, recuperación e mellora das súas condicións.

A lei regula o réxime de intervención administrativa, isto é, os diferentes títulos de intervención esixibles para levar a cabo os usos e actividades que se declaran compatibles cos obxectivos de ordenación en cada unha das tres áreas antes referidas, aspirando a simplificar a tramitación a través dun procedemento integrado, a dar seguridade xurídica ás persoas usuarias do litoral e a establecer as condicións de outorgamento, desenvolvendo, cando é preciso, a normativa básica estatal e dando o protagonismo que corresponde á Administración xeral da Comunidade Autónoma, con respecto ao marco constitucional, á normativa de costas e medio mariño e ás facultades que corresponden ao Estado na súa condición de titular do dominio público marítimo-terrestre.

Compre destacar que o outorgamento das autorizacións e concesións do dominio público marítimo-terrestre atribúese á Administración autonómica a partir do momento en que se produza o efectivo traspaso de funcións e servizos polo Estado. Con fundamento na doutrina máis recente do Tribunal Constitucional analizada polo Consello Consultivo de Galicia no seu ditame 227/2022, pártese de que a Constitución Española non reserva ao Estado a competencia exclusiva para outorgar títulos de ocupación do dominio público. Así o sinala o TC na súa sentenza 149/1991 ao recoñecer que a reserva ao Estado desta facultade non é senón unha opción que acolleu o lexislador estatal, máis non é unha consecuencia única e obrigada do bloque de constitucionalidade.

O Alto órgano consultivo da Comunidade Autónoma concluíu que, dos

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

termos dos artigos 27.3 e 37.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e da doutrina actual do Tribunal Constitucional (por todas, SSTC 31/2010, do 28 de xuño, 57/2016, do 17 de marzo, e 18/2022, do 8 de febreiro) dedúcese que a competencia asumida pola Comunidade Autónoma Galega sobre a "ordenación do territorio e do litoral" comprende todas as facultades ou funcións que naturalmente son desenvoltas en relación con tal materia, incluídas as facultades sobre a "xestión" dos títulos de uso e ocupación do dominio público marítimo terrestre, comprensibles das funcións executivas de outorgamento (e, conseguintemente, tamén as relativas á prórroga, modificación e extinción) das autorizacións e concesións previstas na normativa de costas para a utilización e ocupación do dominio público marítimo-terrestre do litoral galego non adscrito.

Non formando parte tales funcións executivas das facultades do Estado derivadas da titularidade do dominio público marítimo-terrestre, nin da competencia estatal sobre protección do medio ambiente, e sen que as reteña o Estado en virtude da cláusula residual do artigo 149.3 de la CE, resulta posible e considérase necesario o exercicio de ditas funcións de xestión de carácter executivo, pendente de que se proceda, en virtude do principio de lealdade constitucional, ao traspaso de funcións e servizos por parte del Estado.

Xunto ás autorizacións e concesións de dominio público marítimo-terrestre, a lei regula as autorizacións para os usos na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, o informe de avaliación paisaxística e a autorización ou informe para usos e actividades sobre espazos naturais protexidos.

Singularizar o litoral de Galicia e recoñecer as súas particularidades significa identificar os usos e actividades que veñen realizándose e os que necesariamente deben desenvolverse nel, non só sen prexudicalo, senón poñéndoo en valor e significándoo como unha fonte de riqueza, benestar e cohesión social. Algúns deses usos constitúen unha riqueza propia de Galicia e resultan estratéxicos para o desenvolvemento sustentable do litoral. Por iso o Título IV da Lei os identifica como "actuacións estratéxicas" e establece as medidas legais necesarias para que poidan levarse a cabo co máximo respecto ao medio ambiente e á paisaxe, e na mesma medida con eficacia e seguridade xurídica.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Así, regúlanse os usos da cadea mar – industria alimentaria, pola relevancia que teñen non só sobre a economía do mar senón sobre o benestar e a riqueza das poboacións do litoral que escolleron hai décadas un modo de vida vencellado ao mar. Regúlanse os establecementos vinculados a estes usos, declárase a necesidade de ocupar o dominio público marítimo-terrestre cando requiran a captación e retorno de auga de mar para o desenvolvemento dos seus procesos produtivos ou comerciais, e suxéitase a súa localización no dominio público marítimo-terrestre ou na zona de servidume de protección a intensos condicionantes e esixencias de integración paisaxística.

O litoral como lugar de esparexemento, lecer e consumo de tempo libre pretende impulsarse a través da creación, unhas veces, e a ampliación, outras, dunha rede de sendas que permita unir os puntos máis emblemáticos da paisaxe litoral e promover o seu coñecemento e goce, contribuindo a un turismo diversificado e desestacionalizado, en coherencia coa normativa turística de Galicia. Xunto ás sendas, e coa mesma finalidade, crearase unha rede de establecementos de turismo litoral, que permitirá manter, recuperar ou mellorar inmobles preexistentes, de especial valor arquitectónico, histórico ou cultural, situados na área de mellora ambiental e paisaxística e, só cando o permitan as normas reguladoras do espazo natural, na área de protección ambiental, suxeitándose as intervencións á normativa de patrimonio cultural e ás esixencias paisaxísticas.

O litoral ten monumentos, belezas, lugares ou edificacións que merecen ser preservadas como parte integrante do seu valor. Perseguerase a recuperación e posta en valor deste patrimonio, mesmo naqueles casos en que deban realizarse accións sobre o dominio público marítimo-terrestre ou a zona de servidume de protección. En tales casos, a normativa de patrimonio cultural debe prevalecer, como recoñece a propia normativa de costas. Por iso é polo que se declaran estratéxicas as intervencións sobre o patrimonio cultural do litoral e se articula un réxime xurídico claro, esixente e garantista para a súa posta en valor.

A Lei recoñece o uso pesqueiro, marisqueiro e acuícola como estratéxico e prioritario para o desenvolvemento sostible do litoral e así o dispoñerán os plans de ordenación do litoral que se aproben, que establecerán un réxime de zonificación e uso que garanta o acceso e a permanencia das embarcacións galegas aos caladoiros cuxa regulación sexa de competencia

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

autonómica. Ao mesmo tempo, velarase pola sustentabilidade deste sector marítimo-pesqueiro a través do informe de impacto económico e social que, como unha das principais ferramentas desta lei, se recolle no Título V.

Por último, o medio ambiente e o benestar das poboacións costeiras esixen un servizo público de abastecemento, saneamento e depuración de augas residuais de calidade. Por iso decláranse estratéxicas as dotacións públicas dirixidas a prestar dito servizo, co máximo respecto da normativa de costas e rodeada, como é regra nesta lei, de garantías de adecuación paisaxística e cinguindo a súa aplicación aos casos estritamente necesarios: cando os sistemas que pretendan implantarse presten servizo a actividades ou instalacións que estean situadas no dominio público marítimo-terrestre ou estean vinculados a servizos esenciais de depuración de núcleos de poboación situados no litoral.

No marco das competencias que dispón a Comunidade Autónoma de Galicia para ditar normas adicionais de protección do medio ambiente, e aspirando a preservar un modelo produtivo e un modo de vida que depende en gran medida do mar, o Título V da lei, baixo o título de "normas adicionais de protección e sustentabilidade do litoral", recolle tres medidas relevantes, que suxeitan algunhas actuacións que pretendan levarse a cabo sobre o litoral a tres condicións adicionais: a determinación do grao de resiliencia da costa ante os riscos asociados ao cambio climático, a análise do impacto de certas actuacións no desenvolvemento económico e social dos sectores produtivos de Galicia ou as súas comunidades e o mantemento dos obxectivos de calidade e ambientais das augas interiores e costeiras do litoral. Estas medidas poderán axudar a tomar decisións relevantes sobre o litoral e serán esixibles, a través da emisión dun informe preceptivo, cando se trate de realizar certos usos.

En primeiro lugar, a Xunta de Galicia realizará estudos de resiliencia do litoral de Galicia que permitan considerar os riscos asociados para os efectos do cambio climático, tanto no deseño dos instrumentos de ordenación como na adopción de decisións sobre usos do litoral. A información estará dispoñible para a súa consulta e será utilizada preceptivamente nos procedementos autonómicos de outorgamento de autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre, cando se pretenda a ocupación do espazo con instalacións fixas ou non desmontables, a través da emisión dun informe pola consellería

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

competente en materia de medio ambiente, que poderá impoñer condicións referidas ao prazo de vixencia do título, para establecer a obriga de desaloxar o espazo e retirar os materiais ante o avance do mar ou para incorporar ao clausulado unha expresa asunción do risco por parte da persoa interesada.

En segundo lugar, as actuacións que pretendan levarse a cabo no litoral de Galicia por calquera suxeito público ou privado, susceptibles de interferir no exercicio das competencias exclusivas da comunidade autónoma de Galicia, ben directamente ou ben por efecto da interacción terra - mar, deberán contar cun informe previo de sustentabilidade, que permita avaliar o impacto social e económico das devanditas actuacións e, no seu caso, adoptar ou esixir a adopción de medidas preventivas ou reparadoras, de conformidade cos criterios de sustentabilidade do litoral que se determinen.

Finalmente, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico con competencias sobre as augas do litoral velarán por que se manteñan os obxectivos de calidade e ambientais das augas interiores e costeiras do litoral cando poidan ser afectadas por vertidos ou pola realización de certas obras, instalacións e actividades. Os obxectivos de calidade e ambientais estarán determinados na normativa de augas de Galicia, entre os que figurarán os obxectivos ambientas establecidos na estratexia mariña da demarcación mariña noratlántica.

O Título VI da lei regula o patrimonio litoral, coa inclusión de medidas para acrecentalo, co fin de poder acometer accións de re-naturalización e a execución dalgunhas actuacións estratéxicas, regulando a declaración de utilidade pública para os efectos de expropiación forzosa e o dereito de tenteo e retracto en certos ámbitos que delimitarán os plans.

O Título VII da lei recolle algunhas novidades que están en sintonía coas que se están promovendo desde os organismos internacionais que teñen por misión o desenvolvemento sustentable de costas, mares e océanos: a cultura litoral e oceánica. Xunto ao compromiso de poñer a disposición da sociedade información suficiente e accesible sobre o litoral, declárase como obxecto de protección específica como parte do patrimonio cultural inmaterial aos usos, as representacións, as expresións os coñecementos e

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

as técnicas das comunidades costeiras que manifestan un particular sentimento de identidade e de relación co medio costeiro e mariño. Así mesmo, promoveranse estratexias e programas de concienciación á cidadanía sobre a importancia da conservación do litoral, do seu uso sustentable e da súa función esencial para o benestar da humanidade, impulsando programas de formación en todos os niveis do sistema educativo e universitario dirixidos a acadar o ODS nº 14. Sen esquecer o impulso de estratexias e programas de investigación e innovación en ciencias mariñas e a promoción do desenvolvemento de ciencia cidadá sobre o litoral, a través da implicación activa de persoas non especializadas na captación, procesamento, interpretación de datos e identificación de problemas.

Finalmente, o Título VIII regula a inspección e a potestade sancionadora, cunha remisión xenérica ao cadro de infraccións e sancións recollido nas diversas leis xerais e sectoriais que están vixentes.

A lei remata con dez disposicións adicionais, catro transitorias, unha derrogatoria e cinco finais.

A disposición adicional primeira crea as áreas de influencia litoral, de conformidade coa mellor experiencia e coñecemento científico, conformadas de espazos non comprendidos no litoral definido por esta lei pero que poden resultar imprescindibles para o mantemento de bens e servizos ecosistémicos no futuro.

A disposición adicional segunda establece unha remisión á normativa de augas respecto das definicións de augas costeiras e de transición.

A disposición adicional terceira dispón os prazos para a aprobación dos diversos instrumentos de ordenación.

A disposición adicional cuarta regula o cambio de denominación do Plan de ordenación do litoral de Galicia, que pasa a denominarse Plan de ordenación costeira, e o establecemento dun prazo para proceder á súa revisión.

A disposición adicional quinta regula a complementariedade das disposicións desta Lei cos diversos plans aprobados en virtude de normativa sectorial, dos que se enuncian os mais relevantes, de modo non taxado,

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

atribuíndo unha función integradora das diferentes disposicións á Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación de Litoral.

A disposición adicional sexta regula o Catálogo de edificacións de valor cultural no litoral, sobre as que se poderán promover algunhas das actuacións estratéxicas.

A disposición adicional sétima está encamiñada a regularizar a situación xurídica dos bens inmobles destinados a usos ou servizos público autonómicos, cuxa titularidade resultou transferida á Comunidade Autónoma de Galicia antes da entrada en vigor da Lei de Costas e que resultaron posteriormente declarados de dominio público marítimo-terrestre en virtude dun deslinde practicado conforme a dita Lei. Con respecto absoluto ás competencias da Administración xeral do Estado, e dentro das posibilidades que confire a propia normativa de costas, encoméndase á Administración autonómica a promoción dun procedemento de declaración de innecesariedade e desafectación dos terreos, que corresponderá instruír e resolver, conforme ao disposto na normativa vixente, á Administración xeral do Estado.

As disposicións adicionais oitava e novena exclúen a aplicación desta Lei respecto a dúas cuestións específicas: a autorización dos aproveitamentos forestais na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, que se regulará pola normativa de montes de Galicia; e o tramo internacional do Río Miño, que se regulará polo disposto nos correspondentes instrumentos internacionais.

A disposición adicional décima dispón que o establecido nesta lei debe entenderse sen prexuízo do establecido na súa lexislación específica para as obras e actuacións de interese xeral do Estado, que se rexerán pola norma estatal sectorial que resulte aplicable no seu caso.

As disposicións transitorias establecen o réxime transitorio respecto dos procedementos de obtención de títulos habilitantes de usos e actividades sobre o litoral (primeira), o Plan de ordenación do litoral (segunda), a delimitación de espazos de especial interese ambiental e paisaxístico (terceira) e os procedementos de outorgamento de autorizacións e o réxime das declaracións responsables para usos en zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (cuarta).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tras unha disposición derrogatoria única que declara derrogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan a esta Lei, a Lei recolle cinco disposicións finais.

A disposición final primeira recolle unha modificación do artigo 55 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, que afecta á determinación dos usos portuarios. Ademais de especificarse o contido dos usos pesqueiros, inclúense os usos relativos á cadea mar – industria alimentaria como usos complementarios ou auxiliares e os usos portuarios vinculados á interacción porto-cidade. Respecto destes últimos, trátase de usos que cumpren a dobre función de integrar o ámbito portuario no concello e a participación da comunidade no desenvolvemento portuario, a través da implantación de usos e actividades que, sen alterar o desenvolvemento do porto e as operacións de tráfico portuario, melloren a calidade de vida da cidadanía, entre eles, a prestación de servizos sanitarios, asistenciais, docentes, culturais, deportivos e os destinados á mellora da conectividade do porto coa contorna urbana. Para eles dispóñense, ademais, fórmulas de colaboración para a xestión dos espazos.

A disposición final segunda recolle unha modificación do artigo 82 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, que incorpora á dita Lei os obxectivos ambientais establecidos na estratexia mariña da demarcación noratlántica.

A disposición final terceira habilita unha dirección electrónica para consultar a información cartográfica necesaria para a aplicación desta lei.

A disposición final cuarta autoriza ao Consello da Xunta para ditar as disposicións para o desenvolvemento regulamentario desta Lei.

E a disposición final quinta declara a entrada en vigor da Lei aos vinte días naturais da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

VI.

Esta lei axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no que se exixe que "en todas as iniciativas normativas

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xustificarase a adecuación delas aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e accesibilidade, simplicidade e eficacia".

Así, o principio de necesidade desta iniciativa lexislativa ven determinado por canto as medidas propostas unicamente poden ser introducidas mediante unha norma con rango de lei, por afectar a materias que están reservadas a este tipo de norma.

Respéctase o principio de proporcionalidade, xa que para acadar os obxectivos da lei se realiza un esforzo de simplificación e integración da normativa vixente.

Préstase especial atención á efectividade do principio de seguridade xurídica, directamente conectado coa integración coherente da nova norma no ordenamento xurídico vixente, de xeito que o resultado sexa un marco normativo estable, claro, integrado e de certeza; e ao principio de transparencia, promovendo a máis ampla participación da cidadanía en xeral e, en particular, dos operadores técnicos e xurídicos implicados na materia, tanto na elaboración da propia lei como na fase de planificación e sen menoscabo dos procedementos de participación que puidesen estar previstos noutras normas; así como ao principio de accesibilidade, garantindo o acceso a toda a información de que dispoña a Administración na materia obxecto de regulación.

Finalmente, en virtude dos principios de simplicidade e eficacia, e dentro do obxectivo de simplificación administrativa e da normativa aplicable, evítanse as cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que supón a racionalización dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados con elas.

Na tramitación do anteproxecto de lei observáronse todas as garantías esixidas pola lexislación vixente en materia de participación pública, promovendo unha participación pública real e efectiva ao longo de todo o procedemento de tramitación.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

CAPÍTULO I
Obxecto, ámbito de aplicación e fins da Lei

Artigo 1. *Obxecto da Lei*

1. A presente lei ten por obxecto a ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, no marco das competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia na Constitución española e o Estatuto de Autonomía.

2. A ordenación e xestión integrada do litoral comprende:

a) o establecemento dunha organización administrativa do litoral que garanta a xestión integrada, a través de técnicas adecuadas e efectivas de coordinación, colaboración, cooperación e participación;

b) a regulación dos instrumentos de planeamento do litoral, no marco dos principios, criterios básicos e instrumentos establecidos na lexislación de ordenación do territorio de Galicia;

c) a determinación do réxime xurídico dos usos e as actividades socio-económicas que se desenvolven sobre o litoral, con respecto da normativa de costas e medio mariño e sen prexuízo da normativa ditada ao amparo de títulos competenciais específicos e con respecto das facultades que lle correspondan á Administración xeral do Estado en canto titular do dominio público marítimo-terrestre;

d) o outorgamento e a xestión, cando proceda, dos títulos habilitantes para a utilización do litoral;

e) a identificación das actuacións estratéxicas para o desenvolvemento sustentable do litoral e a previsión de instrumentos para a súa realización;

f) a adopción de medidas adicionais de protección e sustentabilidade do litoral que tomen en consideración o mantemento dos obxectivos de calidade e ambientais das augas do litoral de Galicia, o grao de resiliencia costeira ante o cambio climático e o impacto económico e social ante as actuacións que se proxecten sobre o litoral;

g) a regulación do patrimonio público litoral e as accións a emprender para a súa conservación, ampliación e renovación; e

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

h) a promoción da cultura litoral, a través de medidas de concienciación, divulgación e educación ambiental.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. Enténdese por litoral a franxa de anchura variable, a ambos os dous lados da beira do mar, na que se produce a interacción entre a natureza, as comunidades humanas e as actividades socioeconómicas que se sustentan na existencia ou influencia do mar.

2. Para os efectos desta lei, o litoral de Galicia esténdese cara ao interior, ata o límite administrativo dos concellos costeiros ou, cando o supere, o límite interior dos espazos naturais que radiquen nos mesmos; e mar adentro, ata o límite exterior do mar territorial.

3. As disposicións sobre o mar territorial entenderanse referidas exclusivamente a actuacións que deriven do exercicio lexítimo das competencias que a Comunidade Autónoma de Galicia ten recoñecidas no Estatuto de Autonomía explicitamente nese medio ou ás que deben realizarse no mar pola natureza da competencia tal e como resulta da interpretación do bloque da constitucionalidade, sen prexuízo das competencias en materia de costas, protección e ordenación do espazo marítimo ou calquera outra que corresponda ao Estado.

4. Esta lei é complementaria da lexislación sectorial reguladora das actividades que se realicen sobre o litoral, nomeadamente a lexislación de pesca, marisqueo e acuicultura, e aplicarase con pleno respecto da lexislación portuaria, de medio mariño e de costas.

5. En todo caso, quedan fóra do ámbito de aplicación desta lei os portos do Estado, que se regularán pola súa lexislación específica.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 3. *Fins da lei*

Son fins desta lei:

a) a ordenación e xestión do litoral de Galicia como unha entidade continua e única, na que conflúen valores ambientais, económicos e sociais merecedores de protección;
b) a utilización racional e sustentable do litoral, mediante a xestión responsable dos recursos naturais e a protección do medio ambiente;
c) a identificación dos espazos do litoral que, polos seus extraordinarios valores ambientais, deban ser obxecto de especial protección, garantindo a preservación dos seus valores naturais, e daqueloutros que, polo seu estado de desnaturalización ou degradación, requiren medidas de protección, que eviten o avance da súa deterioración, e de mellora ou renovación co fin de mellorar o medio ambiente e a paisaxe, así como a calidade de vida das poboacións que viven no litoral;
d) o impulso, mediante unha planificación racional dos usos e actividades, do desenvolvemento sustentable do litoral, o medio ambiente e a paisaxe de forma conciliada co desenvolvemento económico e social;
e) a cohesión social e a mellora da calidade de vida da poboación do litoral de Galicia;
f) o desenvolvemento equilibrado dos sectores e actividades da economía azul;
g) o apoio ao sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola de Galicia, mediante accións de ordenación do litoral que favorezan o mantemento das poboacións litorais que viven do mar, garantan o desenvolvemento das súas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos baseada nun asesoramento científico sólido e tendo en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais;
h) a prevención e redución dos efectos dos riscos naturais, en particular da emerxencia climática, que poidan ser causados por actividades naturais ou humanas;
i) a protección, conservación e mellora da calidade das augas do litoral de Galicia, así como o cumprimento dos obxectivos ambientais da Estratexia mariña da demarcación noratlántica;
j) o impulso dun turismo litoral diversificado, desestacionalizado e de calidade;

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

k) a protección, conservación e mellora do patrimonio cultural do litoral a través de accións orientadas á súa posta en valor, a súa recuperación e a súa rehabilitación;

l) o fomento da cultura do litoral, a través de accións de sensibilización, divulgativas e de formación da sociedade galega.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CAPÍTULO II
Principios da ordenación do litoral

Artigo 4. *Principios*

1. A ordenación do litoral deberá realizarse de acordo cos principios de lealdade institucional, colaboración e cooperación e coordinación.

2. O deseño, aprobación e xestión dos instrumentos de ordenación do litoral, así como a toma de decisións sobre os usos e actividades que se realicen no litoral basearanse no enfoque ecosistémico e na xestión integrada, respectando os principios de desenvolvemento sostible, precaución ou cautela, prevención, non regresión, quen contamina paga, participación e uso das mellores e máis recentes evidencias científicas dispoñibles e coñecementos tradicionais.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 5. *Colaboración e cooperación*

1. Constitúe un principio reitor da ordenación do litoral a colaboración interadministrativa, a cuxo fin se promoverán os medios adecuados para que todas as administracións públicas con competencias no litoral poidan participar no deseño, aprobación e xestión dos instrumentos de ordenación do litoral ou na toma de decisións respecto a os usos e actividades que se desenvolvan no mesmo.

2. Os órganos administrativos das administracións públicas de Galicia que interveñan no deseño, aprobación e xestión dos instrumentos de ordenación do litoral ou na toma de decisións respecto aos usos e actividades que se desenvolvan no litoral colaborarán activamente cos demais órganos da propia ou distinta administración na facilitación de información que resulte precisa para o exercicio das respectivas funcións.

3. Para a implementación de políticas públicas de desenvolvemento sostible do litoral, a execución de accións estratéxicas ou a xestión de ámbitos, espazos ou elementos do litoral nos que poidan ter interese outras administracións, poderán promoverse convenios de colaboración e fórmulas de cooperación que favorezan a adopción de decisións conxuntas e responsabilidades compartidas.

4. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá o impulso da cooperación transfronteiriza cando se estime que un plan, programa ou proxecto, ou unha obra, instalación ou actividade proxectada ou realizada por outro Estado puidese ter efectos ambientais significativos sobre o litoral de Galicia ou á inversa.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 6. *Coordinación*

1. Todas as accións de ordenación do litoral previstas nesta lei deben realizarse garantindo a coordinación institucional, a través de mecanismos, procedementos e órganos adecuados que permitan asegurar tanto a coherencia nas actuacións das administracións e órganos con competencias nos espazos terrestres, mariños ou marítimo-terrestres do litoral, como a coordinación entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as administracións das entidades locais na aprobación de instrumentos de ordenación do litoral.

2. As administracións públicas de Galicia articularán procedementos de coordinación entre os diferentes órganos implicados nas políticas e medidas previstas na presente lei, ao obxecto de simplificar e axilizar a tramitación dos procedementos relacionados coas mesmas, intervindo, cando resulte necesario, a Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación do Litoral prevista no artigo 14, todo elo sen prexuízo do establecido na lexislación estatal e os órganos de participación previstas nela.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 7. *Enfoque ecosistémico*

Na planificación e xestión do litoral, así como na súa avaliación, aplicarase un enfoque ecosistémico respecto da xestión das actividades humanas, garantindo que a presión conxunta das mesmas se manteña en niveis compatibles coa consecución do bo estado ambiental dos ecosistemas costeiros e mariños e que a súa capacidade de resposta aos cambios inducidos polos seres humanos non se vexa comprometida, permitindo ao mesmo tempo o uso sostible dos bens e servizos do ecosistema para as xeracións actuais e futuras.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 8. *Xestión integrada do litoral*

1. Segundo a Recomendación 2002/413/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2002, relativa á aplicación da xestión integrada das zonas costeiras de Europa, en atención aos diversos usos e actividades económicas que se proxectan e desenvolven no litoral, aos diversos riscos e ameazas que afecten aos ecosistemas mariño-costeiros, así como ás distintas administracións que concorran na súa ordenación e xestión, adoptarase un enfoque integrado na xestión do litoral.

2. A xestión integrada é un proceso participativo, dinámico e adaptativo que, tendo en conta a interrelación e interdependencia entre os fenómenos naturais e actividades humanas, persegue un desenvolvemento sostible integral, ambiental, social e económico, cunha xestión baseada nos ecosistemas para a protección dos seus servizos ecosistémicos e para potenciar a súa resiliencia, sobre todos os espazos terrestres, mariños e marítimo-terrestres nos que se percibe unha interacción terra – mar contrastada cientificamente.

3. Son principios xerais da xestión integrada do litoral:

a) ter especialmente en conta a riqueza biolóxica, a dinámica e o funcionamento natural dos espazos intermareais, así como a complementariedade e a interdependencia entre os espazos terrestres e mariños, que constitúen unha entidade única;
b) tomar en consideración de maneira integrada o conxunto dos elementos relativos aos sistemas hidrolóxicos, xeomorfolóxicos, climáticos, ecolóxicos, socioeconómicos e culturais para non superar a capacidade de carga e de acollida do litoral e para previr os efectos negativos do cambio climático, das catástrofes naturais e do desenvolvemento;
c) ter en conta a multiplicidade e a diversidade de actividades no litoral e dar prioridade aos servizos públicos e ás actividades que requiran, para os efectos de utilización e emprazamento, a proximidade do mar;
d) formular estratexias, plans e programas de uso do solo que abarquen o urbanismo, as actividades socioeconómicas, así como outras políticas sectoriais pertinentes;

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e) garantir unha ordenación equilibrada do territorio nos espazos terrestres do litoral e evitar unha concentración e unha expansión urbanas que poidan por en perigo os ecosistemas costeiros;
f) proceder a avaliacións preliminares dos riscos relacionados coas diversas actividades humanas e infraestruturas a fin de evitar os seus impactos negativos nos espazos litorais e, de producirse, realizar unha restauración adecuada;
g) garantir unha gobernanza que permita unha participación suficiente, de maneira adecuada e oportuna, nun proceso de decisión transparente, das poboacións locais e os sectores da sociedade civil interesados no litoral;
h) garantir unha coordinación institucional intersectorial organizada dos diversos servizos administrativos e das autoridades autonómicas e locais con competencias sobre o litoral.

4. A xestión integrada do litoral persegue os seguintes obxectivos:
a) preservar o litoral en beneficio das xeracións presentes e futuras, protexendo especialmente os ecosistemas costeiros e as paisaxes litorais;
b) facilitar, por medio dunha planificación racional das actividades, o desenvolvemento sostible, garantindo que se teñan en conta o medio ambiente e as paisaxes de forma conciliada co desenvolvemento económico, social e cultural;
c) previr e reducir os efectos dos riscos naturais e, en particular do cambio climático;
d) garantir a coherencia entre as iniciativas públicas e privadas e a coordinación das autoridades públicas na toma de decisións que afecten á utilización do litoral.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 9. *Participación*

1. As administracións públicas de Galicia velarán pola participación das poboacións locais, os operadores económicos, os axentes sociais e a sociedade civil na ordenación do litoral.

2. A participación deberá ser suficiente, adecuada, informada e eficaz. A tal fin, facilitarase información a todas as posibles persoas interesadas e consultarase aos grupos de interese e ás autoridades pertinentes, de conformidade co establecido na normativa reguladora dos dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

3. Ademais da formulación de alegacións durante o período de información pública previsto na normativa de procedemento administrativo, promoverase a participación nas fases de formulación, aplicación e avaliación de estratexias, plans, proxectos ou programas.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 10. *Apoio científico e saberes tradicionais*

1. Na ordenación, xestión e avaliación do litoral empregarase a mellor e máis recente información científica dispoñible que resulte indispensable para mellorar a protección dos ecosistemas mariño-costeiros e os seus recursos e para promover a innovación e a economía azul sustentable.

2. As administracións públicas de Galicia con competencias no litoral promoverán un diálogo permanente coa ciencia e os sectores vinculados á economía azul, que permita ter en conta os coñecementos e prácticas tradicionais que redunden en beneficio do uso racional e sostible dos recursos mariños e costeiros.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

TÍTULO I

Organización administrativa e suxeitos intervenientes na ordenación do litoral

CAPÍTULO I
Competencias autonómicas

Artigo 11. *Competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia*

1. A Comunidade Autónoma de Galicia exerce as competencias en materia de ordenación e xestión integrada do litoral a través das consellerías que teñen atribuídas as competencias de medio ambiente, a ordenación do territorio, o mar, en particular a pesca en augas interiores, o marisqueo e a acuicultura, a ordenación do sector pesqueiro, a planificación portuaria, o control de calidade das augas interiores e costeiras e loita contra a contaminación mariña e, na medida en que incidan sobre o litoral, a promoción do deporte e adecuada utilización do lecer, a ordenación do turismo e a protección do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de Galicia.

2. Correspóndelle ao Consello da Xunta a aprobación dos instrumentos de ordenación do litoral autonómicos previstos nesta lei.

3. Correspóndenlle á consellería con competencias en medio ambiente as seguintes atribucións e funcións:

a) a adopción das medidas de protección do medio ambiente litoral con especial atención aos ecosistemas de maior fraxilidade;
b) o impulso, a dirección e a coordinación dos traballos preparatorios dos instrumentos de ordenación do litoral no relativo ás determinacións de paisaxe e espazos naturais protexidos, así como a elevación ao Consello da Xunta, para a súa aprobación, se é o caso, dos plans especiais das praias;
c) o impulso, implementación e seguimento das accións de mitigación e adaptación dos efectos do cambio climático sobre o litoral e, en

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

particular, a emisión do informe de resiliencia costeira previsto no artigo 61;

d) o impulso das accións relacionadas coa execución da Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e da Conectividade e a Restauración Ecolóxicas, así como as dirixidas á creación da rede de sendas do litoral reguladas no artigo 55;

e) o outorgamento de títulos de intervención referidos aos espazos naturais protexidos, conforme ao previsto na súa normativa especifica;

f) a emisión dos informes de avaliación paisaxística previstos no artigo 49.

4. Correspóndenlle á consellería con competencias en materia de ordenación do territorio as seguintes atribucións e funcións:

a) o impulso, a dirección e a coordinación dos traballos preparatorios dos instrumentos de ordenación do litoral no relativo ás determinacións dos espazos terrestres, así como a elevación ao Consello da Xunta, para a súa aprobación, se é o caso, das Directrices de ordenación do litoral e o Plan de ordenación costeira;

b) o outorgamento dos títulos de intervención, ou a emisión de informes equivalentes, para a utilización dos espazos terrestres do dominio público marítimo-terrestre, cando corresponda en virtude do previsto no artigo 47;

c) o outorgamento dos títulos de intervención autonómicos previstos no artigo 48, ou a emisión de informes equivalentes, para os usos en terreos na zona de servidume de protección;

d) a emisión do informe de impacto económico e social regulado no artigo 62, cando proceda.

5. Correspóndenlle á consellería con competencias sobre o mar as seguintes atribucións e funcións:

a) o impulso, a dirección e a coordinación dos traballos preparatorios dos instrumentos de ordenación do litoral no relativo ás determinacións dos espazos intermareais e mariños, así como a elevación ao Consello da Xunta, para a súa aprobación, se é o caso, da Estratexia de Economía Azul de Galicia, o Plan de ordenación mariña e os plans especiais de ría;

b) o outorgamento dos títulos de intervención para a utilización dos espazos intermareais e mariños do dominio público marítimo-terrestre, cando corresponda en virtude do previsto no artigo 47;

c) a emisión do informe de impacto económico e social regulado no artigo 62, cando proceda;

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

d) o impulso das estratexias de desenvolvemento local participativo e de organismos e instrumentos de co-xestión previstas nesta lei.

6. Correspóndenlle á consellería con competencias en materia de turismo as atribucións e funcións de impulso das actuacións estratéxicas previstas nesta lei que persigan un turismo de calidade, diversificado e desestacionalizado que favoreza o desenvolvemento sustentable do litoral.

7. Correspóndenlle á consellería con competencias en materia de patrimonio cultural as atribucións e funcións de impulso, promoción, conservación e acrecentamento do patrimonio cultural litoral e, en particular, o deseño e execución das actuacións estratéxicas previstas nesta lei para conseguir tales fins, así como a emisión dos informes que procedan respecto da aprobación de instrumentos de ordenación ou a realización de actuacións que afecten ao patrimonio cultural litoral.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 12. *Competencias das entidades instrumentais do sector público autonómico*

1. Sen prexuízo das competencias que lles atribúan as súas leis de creación e a normativa sectorial autonómica aplicable, participarán na ordenación do litoral o ente público Portos de Galicia, o ente público Augas de Galicia, o Instituto de Estudos do Territorio e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño.

2. Portos de Galicia impulsará o desenvolvemento sustentable do litoral a través da implantación de establecementos da cadea mar – industria alimentaria en espazos portuarios da súa competencia.

3. Corresponde a Augas de Galicia o control da calidade das augas interiores e costeiras de Galicia, mediante a intervención e control das verteduras de augas residuais producidas desde terra ao litoral galego.

4. O Instituto de Estudos do Territorio elaborará, manterá e actualizará a información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dunha adecuada ordenación do litoral e, no ámbito das súas funcións e en coordinación coa entidade con competencias en materia de tecnoloxías da información e da comunicación, xestionará e desenvolverá os sistemas de información corporativos da Xunta de Galicia vinculados ao litoral e prestará asistencia aos órganos competentes para o desenvolvemento dos instrumentos de ordenación e execución das accións estratéxicas previstas nesta lei.

Así mesmo, ao Instituto de Estudos do Territorio corresponderalle desenvolver os instrumentos recollidos na normativa vixente sobre protección, xestión ou ordenación da paisaxe litoral, emitir os informes que se lle soliciten sobre paisaxe e executar as funcións que se lle encomenden relativas á formación e divulgación da paisaxe litoral.

5. Corresponderalle ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño, no marco das competencias da Comunidade Autónoma, o control da calidade do medio mariño e, en particular, o control do cumprimento dos obxectivos ambientais nas augas costeiras do litoral de Galicia

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6. A Axencia de Turismo de Galicia exercerá as funcións que lle correspondan na preparación e desenvolvemento dos plans de ordenación do litoral respecto do cumprimento da normativa turística de Galicia así como o impulso ou a execución das actuacións estratéxicas previstas nesta lei que afecten ao turismo.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CAPÍTULO II
Competencias dos entes locais

Artigo 13. *Concellos costeiros*

Ademais das competencias que lles correspondan en virtude doutras leis, os concellos costeiros de Galicia exercerán sobre os seus termos municipais as seguintes competencias:

a) a elaboración, aprobación, desenvolvemento e xestión de instrumentos de ordenación do litoral de ámbito municipal previstos nesta lei;
b) a participación na tramitación dos restantes instrumentos de ordenación do litoral que afecten ao seu ámbito territorial;
c) o deseño, impulso e execución das actuacións estratéxicas de competencia municipal recollidas nesta lei;
d) as restantes competencias que lle confire a normativa urbanística, ambiental e de costas sobre os espazos terrestres e intermareais do litoral.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CAPÍTULO III
Coordinación

Artigo 14. *Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación do Litoral*

1. Créase a Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación do Litoral para a coordinación da elaboración, aplicación e seguimento dos instrumentos de ordenación do litoral.

2. Formarán parte desta Comisión, polo menos, as persoas titulares das consellerías con competencias na ordenación do litoral de conformidade co disposto no artigo 11 desta lei.

3. A súa composición, que deberá ser equilibrada entre homes e mulleres, e o seu réxime de funcionamento determinaranse regulamentariamente.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CAPÍTULO IV
Órganos de consulta e asesoramento

Artigo 15. A *Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*

A Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, adscrita á consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, ademais das funcións que lle son propias, exercerá a función consultiva en materia de ordenación do litoral, correspondéndolle o asesoramento e a emisión de informes relativos á aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo sobre o litoral.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CAPÍTULO V
Participación da sociedade civil no desenvolvemento sustentable do litoral

Artigo 16. *Redes e asociacións*

1. Co propósito de fomentar un desenvolvemento sustentable, innovador e competitivo dos sectores produtivos vinculados ao litoral, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia impulsará a creación de redes ou asociacións que permitan a transferencia de coñecementos e a mellora de capacidades entre os organismos científicos, os sectores produtivos do litoral e as administracións públicas.

2. As redes que se constitúan deben contribuír a lograr os seguintes obxectivos:

a) fomentar a colaboración entre todos os axentes relacionados co litoral na formulación do coñecemento e na obtención da mellor información dispoñible;
b) facilitar o coñecemento mutuo e mellorar a transferencia de información e coñecemento entre organismos científicos, sectores produtivos, sociedade civil e administracións públicas;
c) favorecer o debate e a participación sobre asuntos de interese para a sustentabilidade ambiental, económica e social do litoral;
d) identificar liñas de investigación prioritarias para contribuír de forma eficaz a unha xestión sustentable dos recursos, en termos ambientais, económicos e sociais.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia apoiará e dinamizará o movemento asociativo feminino vinculado ao mar, impulsando a participación, en especial das mulleres máis novas, a coordinación e o intercambio de experiencias.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 17. *Desenvolvemento local participativo*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia impulsará o deseño de estratexias de desenvolvemento local participativo e a constitución de grupos de acción local en zonas costeiras, co fin de que aproveiten as oportunidades que ofrece a economía azul sustentable e se beneficien delas en maior medida, capitalizando e reforzando os recursos ambientais, culturais, sociais e humanos.

2. As estratexias de desenvolvemento local participativo poderán incluír os seguintes obxectivos estratéxicos:

a) o aumento do valor, a creación de emprego, a valoración e fomento da participación das mulleres, a atracción de persoas mozas e a promoción da innovación, en todas as fases da cadea de produción e subministración dos produtos da pesca e a acuicultura, e a mellora da imaxe dos produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio;
b) o fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, á aprendizaxe permanente e á creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas;
c) o impulso e aproveitamento do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático;
d) o fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo;
e) o reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais;
f) a cooperación.

3. No deseño das estratexias de desenvolvemento local participativo e na constitución de grupos de acción local impulsarase a participación equilibrada das mulleres e dos homes, así como a presenza das mulleres en espazos de decisión das organizacións que se constitúan.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 18. *Custodia do litoral*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia fomentará a custodia do litoral mediante acordos entre as entidades de custodia e as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, propietarias e usuarias de espazos do litoral cuxo obxectivo principal sexa a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

A tal fin, realizaranse estudos e diagnósticos da situación dos ecosistemas a conservar e do estado de propiedade dos mesmos, a iniciativa propia da Administración ou solicitados polas entidades de custodia, coa información suficiente para que sirvan de impulso á subscrición de acordos coa Administración ou con terceiros, orientados a articular mecanismos de xestión ambiental e conservación activa dos referidos ámbitos, así como o uso adecuado dos recursos naturais, culturais e paisaxísticos dos mesmos.

2. A Administración autonómica, cando sexa titular de terreos situados na área de protección ambiental do litoral, poderá subscribir acordos de cesión da xestión, total ou parcial, dos mesmos a entidades de custodia do territorio, de conformidade co disposto na normativa do patrimonio natural e a biodiversidade de Galicia.

3. Así mesmo, poderán establecerse mecanismos de cooperación da Administración autonómica con outras administracións e institucións públicas ou privadas, coa finalidade de incentivar a conservación do patrimonio natural e da biodiversidade e a integración dos sectores socioeconómicos nesta conservación.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

TÍTULO II

Instrumentos de ordenación do litoral

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 19. *Criterios xerais de planificación*

1. Os instrumentos de ordenación do litoral de Galicia formularanse atendendo aos criterios xerais de planificación recollidos na normativa de ordenación do territorio de Galicia: o desenvolvemento territorial sustentable, a racionalidade territorial, a cohesión social e económica e a perspectiva de xénero, a cohesión territorial e a dinamización demográfica do sistema costeiro non urbano, a preservación da paisaxe e a infraestrutura verde.

2. Así mesmo, os instrumentos de ordenación deberán integrar os seguintes criterios:

a) Os plans de ordenación do litoral deben tratar adecuadamente as interaccións terra – mar, isto é, os efectos que as actividades humanas en terra poden ter sobre o espazo marítimo e as actividades marítimas poden ter no territorio.

b) No deseño dos instrumentos de ordenación terase en conta, co correspondente aval da mellor evidencia científica, a continuidade ecolóxica do ecosistema terrestre co mariño para evitar as actuacións que poidan afectala negativamente.

c) Para mellorar a coherencia e a conectividade ecolóxica do territorio coas áreas mariñas e costeiras, a Administración autonómica fomentará o establecemento de corredores ecolóxicos e outros elementos da infraestrutura verde e azul que resulten esenciais para a súa preservación e, no seu caso, para a súa restauración ecolóxica.

d) Deberá garantirse unha ordenación equilibrada do territorio nos espazos terrestres do litoral, evitando unha concentración e unha expansión urbanas que poidan por en perigo os ecosistemas costeiros.

e) As determinacións que se adopten nos plans de ordenación deben contemplar a capacidade de carga dos ámbitos para ordenar, isto é, o

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nivel de uso, en termos de número de persoas ou de tipos de actividade, que un hábitat determinado pode soportar de modo permanente sen que diminúa o seu valor ecolóxico ou se deterioren as súas condicións naturais. Cando as persoas ou as actividades aflúan de modo temporal ou estacional, deberá atenderse á capacidade de acollida.

f) Deben realizarse avaliacións preliminares dos riscos relacionados coas diversas actividades humanas e infraestruturas, a fin de evitar e de reducir os seus impactos negativos no litoral.

g) Os instrumentos de ordenación recoñecerán y preservarán os modos de aproveitamento de carácter tradicional ou propios de Galicia, considerando, entre outras, as singularidades dos aproveitamentos dos montes veciñais en man común.

h) Os instrumentos de ordenación deben contemplar os riscos derivados do cambio climático e establecer medidas realistas e eficaces de mitigación e adaptación.

i) Os instrumentos de ordenación deben contemplar procedementos de revisión e indicadores que permitan avaliar o cumprimento dos seus obxectivos e introducir melloras.

3. A elaboración dos plans deberá garantir a participación da sociedade civil e, particularmente, dos grupos de interese e das asociacións e grupos de mulleres, de conformidade co establecido no capítulo V do Título I desta lei.

4. Nos casos de aproveitamento económico dos recursos mariños vivos fomentarase a súa planificación e xestión compartidas entre as administracións públicas de Galicia e os respectivos sectores produtivos co correspondente asesoramento científico-técnico. Os organismos e instrumentos de co-xestión desenvolveranse regulamentariamente para cada zona de explotación e cada tipo de aproveitamento.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 20. *Sistema integrado*

1. Sen prexuízo da utilización dos instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos aprobados e dos instrumentos de ordenación recollidos na lexislación sectorial, a ordenación do litoral realizarase a través dos seguintes instrumentos específicos:

a) a Estratexia de economía azul de Galicia;
b) as Directrices de ordenación do litoral de Galicia;
c) o Plan de ordenación costeira;
d) o Plan de ordenación mariña;
e) os plans especiais de ría;
f) os plans especiais de praias;
g) os plans sectoriais.

2. Os instrumentos de ordenación do litoral conforman un único sistema integrado que se articula segundo os principios de competencia, especialidade e coordinación.

Corresponde á Comisión Interdepartamental de Coordinación de Ordenación do Litoral elaborar criterios interpretativos ou directrices que resulten necesarias para promover a xestión integrada dos instrumentos de ordenación do litoral.

3. As previsións contidas neste Título deben entenderse no marco da lexislación básica do Estado e con respecto das facultades que derivan da súa titularidade sobre os bens que integran o dominio público marítimo-terrestre.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CAPÍTULO II
Instrumentos de ordenación específicos

Artigo 21. *A Estratexia de Economía Azul de Galicia*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia elaborará unha Estratexia de economía azul, de apoio ao crecemento sustentable dos sectores produtivos vinculados ao mar e ao aproveitamento do potencial dos mares e océanos como motores da economía.

2. Os obxectivos xerais da Estratexia serán os seguintes:

a) impulsar a protección e conservación da biodiversidade mariña e a mellora dos seus hábitats;
b) favorecer a mitigación do cambio climático e a resiliencia costeira mediante a descarbonización do sector pesqueiro e acuícola, o impulso das enerxías renovables e a transición cara a unha economía circular nos mares e costas;
c) promover a competitividade e sustentabilidade do sector pesqueiro, acuícola e marisqueiro, especialmente atendendo á dixitalización e implantación de novas tecnoloxías ao longo da cadea sectorial, a transición enerxética e a substitución xeracional, baseando este obxectivo na cogobernanza como fórmula para mellorar a transparencia, a rastrexabilidade e a toma de decisións sobre a sustentabilidade dos recursos e da actividade socioeconómica;
d) fomentar os usos náutico-deportivos e o turismo litoral sustentable;
e) fomentar a cultura oceánica;
f) mellorar a visibilidade das actividades portuarias, náutico-deportivas, pesqueiras, marisqueiras e acuícolas como motores económicos de Galicia;
g) impulsar a investigación, o desenvolvemento e a innovación do Coñecemento Azul.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 22. *As directrices de ordenación do litoral*

1. No marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Galicia aprobará as directrices de ordenación do litoral, que constituirán o marco xeral de referencia para a elaboración dos restantes instrumentos de ordenación do litoral e para a formulación e execución das distintas políticas sectoriais sobre o litoral.

2. As directrices do litoral conterán, polo menos, as seguintes determinacións:

a) os criterios para a identificación dos espazos de interese ambiental e paisaxístico no litoral sobre os que se proxecten medidas especiais de protección, conservación e ordenación;

b) os criterios para garantir e promover a conectividade ecolóxica do territorio, co establecemento ou restablecemento de corredores ecolóxicos;

c) os criterios para a implantación da rede de sendas do litoral, primando a recuperación de camiños e corredoiras e garantindo métodos de intervención respectuosos coa paisaxe e os hábitats;

d) os criterios para a implantación das distintas actividades económicas e sociais dos axentes públicos e privados que operen nos espazos do litoral, garantindo a sostibilidade das artes tradicionais;

e) os criterios para garantir o acceso ao mar e o estacionamento, garantindo a preservación do medio ambiente e evitando impactos paisaxísticos;

f) os criterios para determinar a concentración urbana admisible no litoral;

g) os criterios de determinación da capacidade de carga e acollida nos diversos espazos do litoral;

h) os criterios para evitar barreiras arquitectónicas que impidan a contemplación das paisaxes litorais;

i) os criterios esixidos ás edificacións e instalacións permitidas en espazos sensibles do litoral, nomeadamente as requiridas para os tanques de cultivo;

j) os criterios que orientarán as accións de renovación urbana ou rehabilitación;

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTE

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

k) as liñas de acción dirixidas á ampliación dos espazos públicos litorais;

l) as oportunidades do litoral e a identificación de accións necesarias para o seu aproveitamento racional e sustentable;

m) os criterios para a determinación dos usos estratéxicos e prioritarios do mar, aos efectos da elaboración do plan de ordenación mariña;

n) a identificación das accións que requiran a actuación conxunta con outras administracións públicas.

3. As determinacións contidas nas directrices de ordenación do litoral indicarán de modo inequívoco o alcance, orientador ou vinculante, para os plans ou, cando sexa o caso, o carácter de normas de aplicación directa.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 23. *O Plan de ordenación costeira*

1. O Plan de ordenación costeira é o instrumento básico de ordenación dos espazos terrestre e intermareal do litoral de Galicia, que pretende dotar ao litoral dun marco normativo estable que o protexa de forma efectiva e o provea dun conxunto de principios, criterios e normas que garantan unha ordenación baseada en criterios de sustentabilidade e a conservación, protección e posta en valor destes espazos do litoral.

2. Este plan ten a natureza xurídica de plan territorial integrado, séndolle de aplicación o disposto para os mesmos na normativa de ordenación do territorio de Galicia.

3. O plan de ordenación costeira conterá, polo menos, as seguintes determinacións:

a) a concreción das determinacións das directrices de ordenación do litoral para o seu ámbito de aplicación;
b) o establecemento dun modelo territorial que identifique e caracterice as distintas áreas que conforman o litoral, segundo a zonificación do espazo establecido nesta lei;
c) o desenvolvemento dos obxectivos de ordenación asignados a cada área do litoral nesta lei e a concreción dos usos e actividades permitidos, compatibles e prohibidos;
d) as determinacións orientadas á preservación da paisaxe litoral, segundo as directrices da paisaxe e os catálogos que se aproben;
e) o diagnóstico do estado do litoral, coa caracterización dos asentamentos, o inventario cartografado dos hábitats asociados ás dinámicas intermareais, os espazos naturais protexidos terrestres e marítimo-terrestres, o patrimonio cultural litoral e os usos e actividades económicas existentes, así como os demais datos e ferramentas que sirvan para establecer un marco básico de referencia para a integración das políticas territoriais e as actuacións urbanísticas sobre o litoral.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. As determinacións do plan de ordenación costeira terán a eficacia vinculante propia dos plans territoriais integrados establecida na normativa de ordenación do territorio de Galicia.

5. O plan disporá como principio reitor da súa actuación a colaboración interadministrativa, arbitrando os medios adecuados para que todas as administracións públicas poidan participar nas decisións mediante informes, audiencias ou a través dos órganos de coordinación que se cren para o efecto.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 24. *O Plan de ordenación mariña*

1. No marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, o Plan de ordenación mariña é o instrumento básico de ordenación dos espazos mariños do litoral de Galicia, que se elaborará no marco da Estratexia de Economía Azul prevista nesta lei, para ordenar as actividades humanas que se desenvolven sobre o medio mariño co fin de alcanzar os obxectivos seguintes:

a) fomentar o crecemento da economía do mar, o desenvolvemento do espazo marítimo e o aproveitamento dos seus recursos mariños sen menoscabo da conservación, protección e mellora do medio ambiente, incluída a resistencia para os efectos do cambio climático;
b) contribuír ao desenvolvemento sustentable da pesca, o marisqueo e a acuicultura, pola súa condición de usos prioritarios e estratéxicos;
c) apoiar o desenvolvemento sustentable do sector enerxético, con respecto da biodiversidade e da pesca, o marisqueo e a acuicultura;
d) impulsar o desenvolvemento sustentable do transporte marítimo, incluído o transporte de persoas;
e) contribuír á promoción do turismo sustentable e da náutica deportiva;
f) favorecer a protección e posta en valor do patrimonio cultural subacuático;
g) os demais obxectivos xerais establecidos para a Estratexia de economía azul no artigo 21.

2. A elaboración do plan axustarase ás seguintes determinacións:

a) deberán terse en conta as interaccións terra – mar nos termos establecidos no artigo 19.2;
b) deberá solicitarse a participación dos grupos de interese, desde as fases iniciais da elaboración do plan;
c) deberá utilizarse a mellor información dispoñible de carácter ambiental, económico e social, que orientará a toma de decisións, segundo o principio de precaución;
d) deberán promoverse fórmulas da cooperación interautonómica, coa Administración xeral do Estado e internacional, a fin de lograr a coherencia entre a planificación proxectada e outros plans ou actuacións de ordenación equivalentes.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3. O Plan determinará o carácter orientativo ou vinculante das súas determinacións.

O Plan ordenará as augas do litoral de Galicia, sen prexuízo das competencias de ordenación do espazo marítimo que corresponden ao Estado.

En todo caso, a zonificación cartográfica deberá tomarse en consideración a efectos de valorar o impacto económico e social das actuacións proxectadas sobre os espazos mariños do litoral de Galicia, nos termos establecidos no artigo 62 desta lei.

4. O plan dispoñerá como principio reitor da súa actuación a colaboración interadministrativa, arbitrando os medios adecuados para que as demais administracións públicas con competencias concorrentes sobre o espazo mariño poidan participar nas decisións mediante informes, audiencias ou a través dos órganos de coordinación que se cren para o efecto.

5. Aos efectos da tramitación e aprobación do Plan de ordenación mariña, serán aplicables as disposicións referidas aos plans territoriais integrados contidas na normativa de ordenación do territorio de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 25. *Os plans especiais de ría*

1. Poderán aprobarse plans especiais de ría cando se considere conveniente contar cun instrumento de ordenación adaptado ás circunstancias morfolóxicas, produtivas, paisaxísticas e ambientais do ámbito espacial correspondente a unha ría de Galicia.

2. Este plan ten a natureza xurídica de plan territorial especial, séndolle de aplicación o disposto para os mesmos na normativa de ordenación do territorio de Galicia.

3. Os plans especiais de ría conterán, polo menos, as seguintes determinacións:

a) a descrición do ámbito espacial obxecto de ordenación;
b) a diagnose sobre a problemática suscitada polos usos existentes no ámbito e as tendencias previsibles dos mesmos, analizando a súa adecuación ou inadecuación ás esixencias establecidas nesta lei;
c) a sinalización das áreas de zonificación recollidas nesta lei e as medidas específicas de ordenación que permitan lograr os obxectivos sinalados para cada unha delas;
d) a análise da capacidade de carga;
e) as actuacións estratéxicas que pretenden acometerse e calquera outra actuación que se considere necesaria para lograr os obxectivos pretendidos polo plan;
f) o estudo económico, que analice a coherencia entre as actuacións proxectadas e a dispoñibilidade de recursos;
g) a formulación, no seu caso, dos programas de investimentos públicos vinculados ao desenvolvemento das actuacións previstas.

4. Os plans especiais de ría deben contemplar os instrumentos de cooperación e coordinación que garantan o cumprimento dos principios da ordenación do litoral previstos nesta lei.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 26. *Os plans especiais das praias*

1. Os plans especiais das praias son os instrumentos de ordenación das praias do litoral de Galicia.

2. Estes plans teñen a natureza xurídica de plans territoriais especiais cando o seu ámbito sexa supramunicipal, séndolle de aplicación o disposto para os mesmos na normativa de ordenación do territorio de Galicia. Nos restantes casos, terán natureza xurídica de plans especiais urbanísticos, suxeitos ao disposto na normativa do solo de Galicia.

3. Os plans especiais das praias conterán as seguintes determinacións:

a) a descrición do ámbito espacial obxecto de ordenación, referido a unha ou varias praias, que abarcará a área de protección ambiental e os ámbitos da área de mellora ambiental e paisaxística que se consideren necesarios para protexer e garantir o uso público das praias e prestar servizos necesarios ou convenientes para o seu goce;
b) a diagnose, con especial referencia ao estado de conservación, a accesibilidade, o estacionamento, o réxime de usos existente, as edificacións preexistentes e o seu estado de conservación, as ocupacións con ou sen título, os servizos de tempada, entre outros datos indicativos do estado do ámbito;
c) a análise da capacidade de carga e de acollida e, no seu caso, límites máximos de ocupación;
d) a análise das condicións de seguridade e as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas;
e) o estudo de resiliencia perante o cambio climático;
f) a análise do sector turístico e, no seu caso, establecemento de obxectivos de calidade e sustentabilidade;
g) os obxectivos de ordenación e a sinalización das actuacións necesarias para logralos;
h) o estudo económico das accións para emprender, que analice a coherencia entre as actuacións proxectadas e a dispoñibilidade de recursos;
i) a formulación, no seu caso, dos programas de investimentos públicos vinculados ao desenvolvemento das actuacións previstas, cando sexan

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de competencia autonómica, ou a previsión de actuacións a realizar en colaboración coa Administración xeral do Estado, no seu caso.

4. Os plans especiais de praias deben contemplar os instrumentos de cooperación e coordinación que garantan o cumprimento dos principios da ordenación do litoral previstos nesta lei.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 27. *Plans sectoriais*

Nos termos e co alcance disposto na normativa de ordenación do territorio de Galicia, poderán aprobarse os plans sectoriais necesarios para ordenar e regular a implantación territorial de actividades sectoriais vinculadas co litoral, entre elas, cando proceda, as actuacións estratéxicas establecidas nesta lei.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

TÍTULO III

Usos e actividades no litoral

CAPÍTULO I
Disposicións xerais

Artigo 28. *Uso sustentable do litoral*

1. O uso do litoral realizarase conforme ao principio de desenvolvemento sustentable, de modo que se propicie o uso racional dos recursos naturais harmonizando os requirimentos da economía, a cohesión social, a igualdade de trato e oportunidades, a saúde, a seguridade das persoas e a protección do medio ambiente.

2. As disposicións contidas neste título entenderanse sen prexuízo das limitacións específicas que se realicen nos instrumentos de ordenación para espazos determinados que requiran de medidas particulares pola súa vulnerabilidade, capacidade de carga ou acollida, seguridade dos bens e as persoas ou calquera outra circunstancia vinculada aos obxectivos de ordenación recollidos nesta lei que os faga merecedores dunha ordenación singular.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 29. *Zonificación do litoral*

Para os efectos previstos nesta lei, e sen prexuízo do disposto na normativa de costas e de medio mariño, no litoral de Galicia distínguense tres clases de espazos, agrupados para súa ordenación en áreas, en función das súas condicións e das accións que corresponde emprender sobre eles:

a) Área de protección ambiental: comprende os espazos que conservan características naturais singulares e insubstituíbles e valores ambientais excepcionais, que deben ser especialmente protexidos e preservados do proceso urbanizador ou calquera outro que poida alterar as súas condicións.

b) Área de mellora ambiental e paisaxística: comprende os espazos que, sen reunir as condicións dos anteriores, se manteñen maioritariamente libres de procesos de urbanización ou degradación, ou sufriron procesos de desnaturalización reversibles, polo que esixen accións de protección, recuperación e mellora das súas condicións.

c) Área de reordenación: comprende os espazos transformados pola acción urbanizadora ou a implantación de usos e actividades económicas, e os degradados por calquera causa, de imposible ou difícil re-naturalización, que esixen accións de reordenación, orientadas a non agravar a deterioración, humanizar os espazos e renovar os elementos e a súa contorna.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 30. *Tipoloxía de usos*

A presente lei regula os usos en cada unha das áreas en que se zonifica o litoral, en función do seu grao de adecuación aos obxectivos de ordenación establecidos e sen prexuízo do disposto na normativa de costas e de medio mariño e do exercicio pola Administración xeral do Estado das facultades que lle corresponden na súa condición de titular do dominio público marítimo-terrestre.

Son usos permitidos os plenamente acordes cos obxectivos de ordenación, que poden realizarse libremente, sen prexuízo das limitacións establecidas na normativa sectorial que resulte de aplicación.

Son usos compatibles os respectuosos cos obxectivos de ordenación pero suxeitos a un réxime de intervención administrativa co fin de constatar o seu cumprimento e establecer, cando proceda, as condicións de exercicio necesarias para preservalos.

Son usos prohibidos os contrarios ou incompatibles cos obxectivos de ordenación establecidos nesta lei, polo que se impide a súa realización.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CAPÍTULO II
Área de protección ambiental

Artigo 31. *Espazos da área de protección ambiental*

1. Conforman a área de protección ambiental os espazos do litoral que conservan singulares e insubstituíbles características naturais e valores excepcionais ambientais.

2. Inclúense na devandita área, polo menos, os seguintes espazos:

a) Os espazos de dominio público marítimo-terrestre natural, que manteñan as características naturais da ribeira do mar e das rías, consonte ao establecido no artigo 3.1 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas;

b) Os espazos naturais protexidos do litoral, nas diversas categorías recollidas na normativa do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia. Estes espazos poderán abarcar no seu perímetro ámbitos do espazo terrestre ou ámbitos do espazo terrestre e mariño cando exista continuidade ecolóxica do ecosistema mariño co espazo terrestre obxecto de protección, avalada pola mellor evidencia científica existente, e incluirán, en todo caso, aos espazos marítimo-terrestres incluídos na Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas catalogados como zona núcleo.

c) Os espazos mariños do litoral recollidos no artigo 3.2 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, isto é, o mar territorial e as augas interiores, nos termos do apartado 3 do artigo 2.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 32. *Obxectivos de ordenación da área de protección ambiental*

Os obxectivos de ordenación da área de protección ambiental son os seguintes:

a) preservar a paisaxe litoral como valor natural e cultural;
b) preservar os ecosistemas e favorecer o seu desenvolvemento;
c) promover a mitigación e a adaptación para os efectos do cambio climático, de conformidade coa Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050;
d) preservar a calidade das augas;
e) preservar estes espazos de desenvolvementos urbanísticos e condicionar as obras, instalacións e actividades á súa compatibilidade co medio natural en que pretendan desenvolverse;
f) poñer en valor os elementos de valor patrimonial natural e cultural, promovendo a súa preservación e, cando resulte necesario, a súa recuperación e restauración.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 33. *Usos permitidos na área de protección ambiental*

1. Nos termos establecidos no artigo 30, os plans de ordenación do litoral dispoñerán os usos e actividades permitidos por resultar acordes cos obxectivos de ordenación sinalados no artigo anterior.

2. En todo caso, poderán realizarse libremente os usos permitidos expresamente na normativa de costas, medio mariño e patrimonio natural e biodiversidade que resulte de aplicación por non causar afección sobre os valores que se deben protexer e, entre eles, os seguintes:

a) os usos comúns xerais do dominio público marítimo-terrestre recollidos na normativa de costas, tales como pasear, estar, bañarse, navegar, realizar actividades náutico-deportivas e outros actos semellantes que non requiran obras e instalacións de ningún tipo e que se realicen segundo o disposto na súa normativa específica;
b) os usos de carácter tradicional permitidos na normativa de patrimonio natural e da biodiversidade así como nos instrumentos de ordenación e xestión dos espazos naturais protexidos, por contribuír á preservación dos seus valores e recursos naturais e á conservación das relacións e dos procesos, tanto naturais como socio-económicos, que contribuíron á súa formación e fan posible o seu mantemento.

3. Así mesmo, estarán permitidos os traballos necesarios para as actuacións asociadas á prevención e extinción de incendios forestais e, entre elas, as necesarias para o mantemento da rede de faixas de xestión de biomasa previstas na lexislación sectorial correspondente.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 34. *Usos compatibles na área de protección ambiental*

1. Nos termos establecidos no artigo 30, os plans de ordenación do litoral dispoñerán os usos e actividades compatibles cos obxectivos de ordenación sinalados no artigo 32.

2. En todo caso, son usos compatibles e, polo tanto, suxeitos a intervención administrativa previa, os susceptibles de causar afección sobre os valores naturais dos espazos e, entre eles, os seguintes:

a) os usos comúns especiais do dominio público marítimo-terrestre, isto é, os que, sen impedir o uso común, supoñen a concorrencia de circunstancias tales como o perigo ou a intensidade do mesmo, preferencia en casos de escaseza, a obtención dunha rendibilidade singular ou outras semellantes, que determinan un exceso de utilización sobre o uso que corresponde a todos ou un menoscabo deste, nos termos establecidos na normativa de costas e medio mariño;
b) os usos privativos do dominio público marítimo-terrestre, isto é, os que determinan a ocupación dunha porción do dominio público de modo que se limita ou exclúe a utilización do mesmo por outros interesados, nos termos establecidos na normativa de costas e medio mariño;
c) os usos dos espazos naturais protexidos susceptibles de causar afección apreciable sobre os valores naturais que xustificaron a declaración de espazo natural protexido, de conformidade co establecido na normativa de patrimonio natural e da biodiversidade así como nos instrumentos de ordenación e xestión dos espazos.

3. Os títulos de intervención administrativa outorgaranse de conformidade co disposto no capítulo V deste Título, tras a adecuada avaliación das repercusións dos usos ou actividades pretendidos sobre os espazos e a garantía de non causar prexuízo á integridade dos mesmos.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 35. *Usos prohibidos na área de protección ambiental*

1. Nos termos establecidos no artigo 30, os plans de ordenación do litoral establecerán os usos e actividades prohibidos nos espazos desta área por ser incompatibles cos obxectivos de ordenación recollidos no artigo 32.

2. En todo caso, estarán prohibidos os usos que comprometan a integridade dos valores naturais que se deben protexer e, en particular, os seguintes:

a) a ocupación de terreos do dominio público marítimo-terrestre con instalacións fixas ou non desmontables, salvo as que estean expresamente contempladas
no Título IV desta lei;
b) os usos recollidos no artigo 32.2 da Lei 22/1998, do 28 de xullo, de costas, cando se trate de bens de dominio público marítimo-terrestre;
c) as actuacións de transformación urbanística, salvo as dirixidas á implantación das dotacións públicas estratéxicas reguladas no artigo 59;
d) os usos que se prohiban nos instrumentos de ordenación e xestión dos espazos naturais protexidos por ser susceptibles de causar prexuízo á integridade do lugar ou sobre o estado de conservación dos compoñentes chave para a biodiversidade.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 36. *Concorrencia de réximes de uso na área de protección ambiental*

Se sobre un mesmo espazo conflúen normas ou plans de ordenación con réximes de uso diversos, aplicarase a regra que supoña unha maior protección do espazo.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CAPÍTULO III
Área de mellora ambiental e paisaxística

Artigo 37. *Espazos da área de mellora ambiental e paisaxística*

1. Conforman a área de mellora ambiental e paisaxística os espazos que, sen reunir as condicións dos da área de protección ambiental, mantéñense maioritariamente libres de procesos de degradación, ou sufriron procesos de desnaturalización polo menos parcialmente reversibles.

2. Inclúense na devandita área, polo menos, os seguintes espazos:

a) os bens de dominio público marítimo-terrestre non incluídos na área de protección ambiental, salvo que estean degradados ou desnaturalizados de modo irreversible;

b) os espazos contiguos aos da área de protección ambiental que contribúen a preservar os valores naturais do litoral e a previr ou evitar impactos ecolóxicos ou paisaxísticos sobre eles, e en todo caso, os terreos comprendidos na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre e, no seu caso, na zona periférica de protección dos espazos naturais protexidos;

c) os espazos de interese ambiental e paisaxístico, non incluídos na área de protección ambiental, que delimite o plan de ordenación costeira;

d) os demais espazos que teñen a condición de solo rústico.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 38. *Obxectivos de ordenación da área de mellora ambiental e paisaxística*

Os obxectivos de ordenación da área de mellora ambiental e paisaxística son os seguintes:

a) re-naturalizar e recuperar os espazos próximos a áreas de protección ambiental;
b) frear a degradación dos espazos parcialmente desnaturalizados;
c) promover a mitigación e a adaptación para os efectos do cambio climático;
d) establecer criterios de calidade ambiental e paisaxística na planificación dos desenvolvementos urbanísticos dos asentamentos existentes;
e) establecer criterios xerais para a adaptación das instalacións, construcións e edificacións á contorna ambiental e paisaxística, evitando a formación de barreiras arquitectónicas;
f) poñer en valor os elementos de valor patrimonial e cultural, promovendo a súa renovación, recuperación e restauración;
g) promover un desenvolvemento socio-económico compatible coa contorna litoral.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 39. *Usos permitidos na área de mellora ambiental e paisaxística*

1. Nos termos establecidos no artigo 30, os plans de ordenación do litoral recollidos nesta lei dispoñerán os usos e actividades permitidos por resultar acordes cos obxectivos de ordenación sinalados no artigo anterior.

2. Ademais dos permitidos na área de protección ambiental, poderán realizarse libremente os usos agrícolas, gandeiros e forestais propios da natureza de solo rústico para os que a normativa urbanística non esixa a obtención de título habilitante.

3. Así mesmo, estarán permitidos os traballos necesarios para as actuacións asociadas á prevención e extinción de incendios forestais e, entre elas, as necesarias para o mantemento da rede de faixas de xestión de biomasa previstas na lexislación sectorial correspondente.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 40. *Usos compatibles na área de mellora ambiental e paisaxística*

1. Nos termos establecidos no artigo 30, os plans de ordenación do litoral dispoñerán os usos e actividades compatibles cos obxectivos de ordenación sinalados no artigo 38.

2. En todo caso, son usos compatibles e, polo tanto, suxeitos a intervención administrativa previa, os susceptibles de causar afección sobre os valores ambientais e paisaxísticos e, entre eles, os seguintes:

a) os usos comúns especiais e os usos privativos do dominio público marítimo-terrestre, descritos no apartado 2 do artigo 34;
b) os usos na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, agás os cultivos e plantacións, permitidos conforme ao disposto no artigo 39 e na normativa de costas;
c) os usos nas zonas periféricas de protección dos espazos naturais, cando o esixa o plan de ordenación ou de xestión do espazo protexido;
d) os usos dos espazos de especial interese ambiental e paisaxístico, non incluídos na área de protección ambiental, que delimite o Plan de ordenación costeira.

3. Os títulos de intervención administrativa outorgaranse de conformidade co disposto no capítulo V deste Título, tras a adecuada avaliación das repercusións dos usos ou actividades pretendidos sobre os espazos e a garantía de non causar prexuízo ao dominio público marítimo-terrestre ou aos valores ambientais e paisaxísticos do litoral.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 41. *Usos prohibidos na área de mellora ambiental e paisaxística*

1. Nos termos establecidos no artigo 30, os plans de ordenación do litoral establecerán os usos e actividades prohibidos nos espazos desta área por ser incompatibles cos obxectivos de ordenación recollidos no artigo 38.

2. En todo caso, estarán prohibidos os usos que comprometan a integridade do dominio público marítimo-terrestre ou os valores ambientais e paisaxísticos do litoral e, en particular, os seguintes:

a) os usos recollidos no artigo 32.2 da Lei 22/1998, do 28 de xullo, de costas, cando se trate de bens de dominio público marítimo-terrestre;
b) os usos recollidos no artigo 25.1 da Lei 22/1998, do 28 de xullo, de costas, cando se trate de espazos comprendidos na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre;
c) os usos prohibidos en solo rústico, de conformidade co disposto na lexislación urbanística vixente, salvo os expresamente admitidos nesta lei.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 42. *Concorrencia de réximes de uso na área de mellora ambiental e paisaxística*

Se sobre un mesmo espazo conflúen normas ou instrumentos de ordenación con réximes de uso diversos, aplicarase a regra que supoña a maior protección do espazo.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CAPÍTULO IV
Área de reordenación

Artigo 43. *Espazos da área de reordenación*

1. Conforman a área de reordenación os espazos degradados ou desnaturalizados, os espazos en solo urbano ou de núcleo rural ou os espazos afectados por calquera tipo de acción humana transformadora que provocase a perda irreversible dos seus valores naturais.

2. Inclúense nesta área os espazos do litoral non comprendidos nas áreas anteriores e, polo menos, os seguintes:

a) a zona de servizo dos portos autonómicos;
b) os terreos comprendidos na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre de vinte metros regulada no número 3 da disposición transitoria terceira da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 44. *Obxectivos de ordenación da área de reordenación*

Os obxectivos de ordenación desta área, que desenvolverán o principio de desenvolvemento territorial e urbano sustentable, son:

a) favorecer e fomentar a dinamización económica e social do litoral;
b) mellorar a calidade e funcionalidade das dotacións, equipamentos e espazos públicos;
c) promover a mitigación e a adaptación para os efectos do cambio climático;
d) promover, de conformidade coa normativa de costas e do solo, un uso residencial nun contexto urbano sustentable, seguro, salubre, accesible universalmente, de calidade adecuada e integrado socialmente;
e) fomentar e poñer en valor a protección do patrimonio cultural;
f) impulsar un uso turístico responsable e de calidade, así como a náutica deportiva;
g) contribuír á conservación, mellora e recuperación da paisaxe litoral;
h) mellorar os espazos libres e as zonas verdes públicas;
i) contribuír a facilitar o mantemento e mellora da infraestrutura produtiva preexistente asociada á cadea mar-industria alimentaria;
j) promover actuacións de renovación urbana e de rehabilitación edificatoria.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 45. *Usos na área de reordenación*

1. Nos termos establecidos no artigo 30, os usos nesta área regularanse pola normativa urbanística ou portuaria que resulte de aplicación, sen prexuízo do disposto na normativa de costas e de medio mariño e do exercicio pola Administración xeral do Estado das facultades que lle corresponden na súa condición de titular do dominio público marítimo-terrestre.

2. Sen prexuízo do anterior, son usos compatibles e, polo tanto, están suxeitos a un título de intervención administrativa outorgado de conformidade co disposto no capítulo V deste Título, os usos comúns especiais e os usos privativos do dominio público marítimo-terrestre, así como os usos na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, de conformidade coa normativa de costas.

3. Están prohibidos:

a) os usos recollidos no artigo 32.2 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, cando se trate de bens de dominio público marítimo-terrestre;
b) os usos recollidos no artigo 25.1 da devandita lei, cando se trate de espazos comprendidos na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, agás que se cumpran as condicións establecidas no número 3 da súa disposición transitoria terceira.

4. Sobre os espazos desnaturalizados promoveranse accións de rehabilitación ou de rexeneración e renovación urbanas.

5. A Administración autonómica ou os concellos costeiros promoverán procedementos de desafectación dos espazos que resulten innecesarios para o dominio público marítimo-terrestre ou para os usos portuarios, con expresa solicitude de cesión gratuíta daqueles en favor da Administración autonómica ou da entidade local. Os bens cedidos serán destinados a fins de uso ou servizo público.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CAPÍTULO V
Réxime da intervención administrativa

Artigo 46. *Títulos de intervención administrativa*

1. Os usos do litoral declarados compatibles nesta lei e, polo tanto, suxeitos a un título de intervención administrativa nos artigos 34, 40 e 45, non se poderán realizar sen o seu outorgamento previo pola administración competente.

2. Os títulos de intervención administrativa que poden concorrer sobre os usos do litoral son os seguintes:

a) as autorizacións e concesións para os usos especiais e privativos do dominio público marítimo-terrestre, que se regulan polo establecido na normativa de costas ou de portos e polo disposto no artigo 47;
b) a autorización autonómica, ou, cando proceda, a declaración responsable para os usos, actividades e instalacións en zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, nos termos establecidos no artigo 48;
c) o informe de avaliación paisaxística para usos ou actividades nos espazos de interese ambiental e paisaxístico que delimite o Plan de ordenación costeira, nos termos establecidos no artigo 49;
d) a autorización autonómica ou local ou, no seu caso, o informe para usos e actividades sobre espazos naturais protexidos, conforme ao disposto no artigo 50;
e) os informes de resiliencia costeira, de impacto económico e social e de compatibilidade cos obxectivos de calidade e ambientais das augas do litoral, nos supostos recollidos no artigo 51.

3. Os títulos de intervención previstos no apartado anterior non eximen as persoas interesadas en usar o litoral de obter os permisos, licenzas e demais autorizacións esixidos por outras disposicións legais.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 47. *Autorizacións e concesións do dominio público marítimo-terrestre*

1. Respectando o réxime xeral establecido na normativa de costas, as autorizacións e concesións de dominio público marítimo-terrestre serán outorgadas polas consellerías competentes en materia de ordenación do territorio ou mar, segundo proceda, no momento en que se produza o efectivo traspaso de funcións e servizos da Administración Xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación do litoral.

2. Nos espazos portuarios autonómicos corresponde outorgar as autorizacións e concesións de dominio público á administración portuaria, que o fará de conformidade coa súa normativa específica.

3. En cumprimento da normativa de costas, poderá permitirse a ocupación do dominio público marítimo-terrestre unicamente para aquelas actividades ou instalacións que, pola súa natureza, non poidan ter outra localización, isto é, as que desempeñen unha función ou presten un servizo que, polas súas características, requira a ocupación do dominio público marítimo-terrestre.

En particular, entenderase que desempeñan unha función ou prestan un servizo que, polas súas características, require a ocupación do dominio público marítimo-terrestre as seguintes:

a) os establecementos da cadea mar – industria alimentaria, nos termos sinalados no artigo 54;
b) as dotacións públicas esenciais para o abastecemento de poboacións e o saneamento e depuración das augas residuais recollidas no artigo 59;
c) as infraestruturas enerxéticas, preferentemente de enerxía renovable, que subministren electricidade ou gas ás actividades ou instalacións legalmente establecidas no dominio público marítimo-terrestre;
d) as instalacións de xeración eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables que teñan que ocupar o mar, así como as súas instalacións complementarias que requiran espazos de dominio público marítimo-terrestre en terra;
e) as instalacións náutico-deportivas necesarias para acoller a práctica de deportes náuticos;

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

f) as infraestruturas de soporte ás redes de comunicacións electrónicas que presten servizo ás actividades ou instalacións legalmente establecidas no dominio público marítimo-terrestre;
g) as actividades e instalacións de servizo público ou ao público que, pola configuración física do tramo de costa en que resulte necesario o seu emprazamento, non poidan situarse nos terreos lindeiros co devandito dominio, sempre que a documentación que acompañe o proxecto de actividade ou instalación acredite o cumprimento da normativa de costas e inclúa un estudo de alternativas que xustifique a localización escollida.

4. En todo caso a ocupación deberá ser a mínima posible e deberá quedar garantida a protección do dominio público marítimo-terrestre. A ditos efectos, e sen prexuízo das facultades que lle corresponden ao Estado na súa condición de titular do dominio público marítimo-terrestre, a ocupación requirirá, segundo os casos, o grao de resiliencia do tramo de dominio público marítimo-terrestre afectado, o seu impacto social e económico no litoral e a previa comprobación da súa compatibilidade cos obxectivos de calidade e ambientais das augas do litoral de Galicia, todo iso de conformidade co establecido no Título V desta lei.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 48. *Autorización autonómica para usos na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre*

1. Os usos e actividades que pretendan levarse a cabo nos espazos comprendidos na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre requirirán autorización previa autonómica outorgada pola consellería competente en materia urbanística, agás que estean suxeitos a declaración responsable de acordo co disposto no apartado seguinte.

2. Están suxeitas a declaración responsable as actuacións que se proxecten sobre as obras, actividades e instalacións legalmente implantadas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre que non comporten incremento de altura, superficie ocupada ou volumetría existente nin cambio de uso.

3. Sen prexuízo do disposto na normativa de costas e, no seu caso, nos instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos, nos terreos comprendidos na zona de servidume de protección poderán realizarse obras, instalacións e actividades que, pola súa natureza, non poidan ter outra localización, entre elas as sinaladas no artigo 47.3.

4. Así mesmo, poderán realizarse na zona de servidume de protección obras, instalacións e actividades que presten servizos necesarios ou convenientes para o uso do dominio público marítimo-terrestre, entre os que se atopan os seguintes:

a) as instalacións ou actividades que favorezan o uso común do dominio público marítimo-terrestre, singularmente das praias, como os servizos de restauración, de vixilancia e de atención médica e os deportes náuticos;
b) as instalacións desmontables que permitan a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de tempada;
c) as instalacións deportivas descubertas;
d) as acampadas ou campamentos autorizados con instalacións desmontables, nos termos que se determinen regulamentariamente e na normativa sectorial que resulte de aplicación.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e) as obras e instalacións que melloren a eficiencia enerxética de edificacións e instalacións que ocupen lexitimamente a servidume de protección ou o dominio público marítimo-terrestre;
f) as obras e instalacións que executen medidas de intervención e protección establecidas nun plan de acción da paisaxe;
g) a actividade forestal necesaria para o mantemento polos seus titulares das masas forestais existentes;
h) as actividades, instalacións e infraestruturas vinculadas á prevención e extinción de incendios forestais;
i) as obras, instalacións e actividades necesarias para a execución das actuacións estratéxicas recollidas no Título IV desta lei.

Nos demais casos, a necesidade ou conveniencia será determinada polo órgano competente para autorizar os usos, debendo quedar constancia da xustificación na motivación da resolución que se adopte.

5. Regulamentariamente desenvolverase o procedemento de outorgamento da autorización recollido neste artigo, así como todas as cuestións que requira a súa efectividade.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 49. *Informe de avaliación paisaxística de usos e actividades*

1. Será preceptivo un informe de avaliación paisaxística emitido polo órgano autonómico competente en materia de paisaxe para a realización dos usos declarados compatibles nos espazos da área de protección ambiental e nos espazos da área de mellora ambiental e paisaxística que delimite o plan de ordenación costeira, así como para a execución das actuacións estratéxicas cando sexa esixido no Título IV desta lei.

2. Este informe non será requirido no caso de que os usos estean incluídos nun proxecto que fose obxecto de avaliación de impacto ambiental e xa conste emitido no correspondente informe ou declaración de impacto ambiental.

3. O informe comprobará a integración paisaxística das obras, construcións ou instalacións proxectadas, de conformidade coas determinacións paisaxísticas establecidas nesta lei, na normativa de paisaxe e no plan de ordenación costeira, determinará as prevencións e cautelas que procedan en consideración das particularidades dos espazos e poderá establecer condicións, medidas ou solucións de deseño necesarias para eliminar impactos negativos sobre a paisaxe.

4. O procedemento de emisión, os prazos e demais determinacións sobre este informe son os que se establecen na normativa de paisaxe de Galicia.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 50. *Autorización ou informe para usos e actividades sobre espazos naturais protexidos*

1. De conformidade co establecido na normativa de patrimonio natural e biodiversidade e os instrumentos de ordenación e xestión dos espazos naturais protexidos, os usos e actividades que pretendan levarse a cabo sobre os espazos naturais protexidos estarán suxeitos á autorización ou informe favorable da consellería competente en materia de protección do patrimonio natural, agás que se trate de espazos naturais de interese local suxeitos ao outorgamento dun título de intervención municipal.

2. Ademais das esixencias establecidas na normativa de patrimonio natural, a autorización ou o informe deberán acreditar o cumprimento dos fins e obxectivos de ordenación previstos nesta lei referidos á protección da natureza e a biodiversidade do litoral.

3. O procedemento de emisión, os prazos e demais determinacións sobre este informe son as que se establecen na normativa de patrimonio natural de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 51. *Outros informes*

Nos procedementos de outorgamento de títulos de intervención solicitaranse, cando proceda, os seguintes informes:

a) se o uso require a ocupación de espazos de dominio público marítimo-terrestre con instalacións fixas ou non desmontables, un informe de resiliencia costeira, conforme ao disposto no artigo 61;
b) se o uso é susceptible de provocar efectos económicos e sociais sobre os sectores produtivos de Galicia ou as súas comunidades, un informe de impacto económico e social regulado no artigo 62;
c) se o uso pretendido pode ter incidencia nos obxectivos de calidade e ambientais das augas do litoral, un informe de compatibilidade, conforme ao disposto no artigo 63.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 52. *Procedemento integrado*

1. O exercicio do uso pretendido poderá obterse tras a tramitación dun único procedemento, que integre, de resultar posible, todos os títulos de intervención requiridos pola normativa vixente.

Para estes efectos, as autorizacións autonómicas poderán substituírse pola emisión dun informe preceptivo e vinculante.

2. Na instrución do procedemento deberán solicitarse todos os informes preceptivos esixidos pola normativa sectorial, de costas ou de medio mariño.

3. A resolución pola que outorgue o título deberá incluír polo menos as condicións derivadas dos informes preceptivos e vinculantes que se emitiron. Así mesmo, debe quedar xustificada a razón da non inclusión das condicións derivadas dos informes non vinculantes que non se incorporen.

4. Este procedemento integrado será desenvolvido regulamentariamente.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

TÍTULO IV

Actuacións estratéxicas para o desenvolvemento sustentable do litoral

Artigo 53. *Actuacións estratéxicas*

1. Considéranse actuacións estratéxicas as que, en execución dunha competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, teñen lugar no litoral de Galicia e resultan esenciais para o seu desenvolvemento sustentable.

2. Decláranse estratéxicas as seguintes actuacións:

a) en relación coa competencia exclusiva en materia de pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura: os establecementos da cadea mar – industria alimentaria;

b) en relación coas competencias exclusivas sobre promoción do deporte e adecuada utilización do lecer e a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade: a creación dunha rede de sendas litorais;

c) en relación coa competencia exclusiva sobre a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade: a creación dunha rede de establecementos de turísticos do litoral;

d) en relación coa competencia exclusiva sobre o patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico de interese de Galicia: as intervencións sobre o patrimonio cultural litoral;

e) en relación coa competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de ordenación do sector pesqueiro: a sustentabilidade económica e social do sector pesqueiro e da cadea mar – industria alimentaria;

f) en relación coa competencia para a execución da lexislación estatal en materia de verteduras de augas residuais nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego, así como as competencias autonómicas en materia de augas: a implantación de dotacións públicas esenciais para abastecemento de poboacións e a recollida, almacenamento, tratamento e vertedura de augas residuais.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

3. As disposicións deste título enténdense sen prexuízo do cumprimento das condicións e esixencias establecidas na normativa sectorial que resulte de aplicación.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 54. *Usos da cadea mar – industria alimentaria*

1. Para os efectos desta lei enténdese por cadea mar - industria alimentaria o conxunto de empresas e entidades que desenvolven actividades económicas propias do sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura, incluídas as actividades de extracción, cultivo, produción, manipulación, transformación e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

2. Os establecementos da cadea mar-industria alimentaria poderán ocupar terreos de dominio público marítimo-terrestre ou comprendidos na zona de servidume de protección unicamente cando requiran a captación e retorno de auga de mar para o desenvolvemento dos seus procesos produtivos ou comerciais.

Os terreos de dominio público marítimo-terrestre da área de protección ambiental só poderán ocuparse coas instalacións necesarias para as tomas de auga, os tanques de cultivo e os establecementos auxiliares aos aproveitamentos pesqueiros, acuícolas e marisqueiros tradicionais e de baixo impacto ambiental.

3. Ademais das esixencias establecidas na normativa de costas e de pesca de Galicia, os establecementos da cadea mar - industria alimentaria e os tanques de cultivo deberán cumprir as directrices da paisaxe de Galicia e as condicións paisaxísticas establecidas nos catálogos da paisaxe.

Para ese efecto, deberá emitirse o informe de avaliación paisaxística regulado no artigo 49, co fin de considerar as repercusións que poida ter sobre a paisaxe a execución das actuacións, obras ou actividades proxectadas, así como expoñer os criterios para a súa integración, de acordo cos catálogos da paisaxe e os documentos de referencia sobre sustentabilidade e integración paisaxística elaborados polo Instituto de Estudos do Territorio.

A tal fin, a entidade promotora deberá elaborar un estudo de impacto e integración paisaxística do proxecto, conforme ao establecido na normativa de protección da paisaxe de Galicia.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. O disposto neste artigo será de aplicación aos centros de investigación científica e tecnolóxica en ciencias mariñas e aos centros públicos de formación profesional marítimo-pesqueira, marisqueo, acuicultura e mergullo que requiran da captación da auga de mar.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 55. *Rede de sendas litorais*

1. En coherencia coa Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e da Conectividade e a Restauración Ecolóxicas, as administracións públicas de Galicia impulsarán a creación dunha rede de sendas ao longo dos espazos terrestres do litoral, que favorezan o goce da natureza, a interpretación da paisaxe, o coñecemento do litoral como elemento identitario e a cohesión social.

2. A tal fin, os plans territoriais e urbanísticos integrarán os camiños e sendas xa existentes con outros de nova creación, preverán a dispoñibilidade dos terreos necesarios para dar continuidade aos traxectos e establecerán o réxime de uso, conservación e mantemento das sendas.

3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia impulsará a formalización de convenios con comunidades autónomas litorais e outros territorios litorais de Europa para conformar ou ampliar redes de sendas litorais interterritoriais.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 56. *Rede de establecementos turísticos do litoral*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, impulsará a creación dunha rede de establecementos turísticos ao servizo dun turismo de calidade, diversificado e desestacionalizado que favoreza o desenvolvemento sustentable do litoral.

2. A rede de establecementos turísticos crearase a partir da recuperación ou rehabilitación de edificacións preexistentes, de especial valor arquitectónico, histórico ou cultural de Galicia, situadas na área de mellora ambiental e paisaxística ou, cando o permitan os plans de ordenación e xestión dos espazos naturais, na área de protección ambiental.

3. Poderán formar parte da Rede establecementos emprazados en dominio público marítimo-terrestre ou en zona de servidume de protección, sempre que se trate de edificacións previamente destinadas a residencia ou habitación que veñan ocupando lexitimamente o espazo en aplicación do dereito transitorio da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

4. As intervencións nas edificacións estarán suxeitas ás directrices da paisaxe de Galicia e ás condicións paisaxísticas establecidas nos catálogos da paisaxe, así como á normativa de patrimonio cultural de Galicia que resulte de aplicación.

5. O Consello da Xunta, a proposta da consellería con competencias en materia de paisaxe, aprobará as bases reguladoras da Rede, na que se especificarán as condicións que deben reunir as edificacións que pretendan formar parte da mesma, os requisitos esixibles aos establecementos e o seu réxime de funcionamento.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 57. *Intervencións sobre o patrimonio cultural do litoral*

1. De conformidade cos fins establecidos no artigo 3 desta lei, as administracións públicas promoverán a protección, conservación e acrecentamento do patrimonio cultural do litoral, a través de accións orientadas á súa posta en valor, a súa recuperación e a súa rehabilitación.

2. Nos termos establecidos na normativa de costas, aos bens declarados de interese cultural ou catalogados que se atopen situados no dominio público marítimo-terrestre, a zona de servidume de tránsito, de servidume de protección ou de influencia aplicaránselles as medidas derivadas do devandito réxime con preferencia ás contidas na normativa de costas.

Así mesmo, nos núcleos que foran obxecto dunha declaración de conxunto histórico, zona arqueolóxica, lugar de valor etnolóxico ou sitio histórico serán de aplicación as medidas derivadas do devandito réxime con preferencia ás contidas na normativa de costas, sempre que se aprobase o plan correspondente conforme ao previsto na normativa do patrimonio cultural de Galicia.

3. Cando os bens de interese cultural ou catalogados estean emprazados no dominio público marítimo-terrestre, quen pretenda o seu uso privativo deberá obter o título habilitante establecido no artigo 47 desta lei, que recollerá no seu clausulado as obrigacións que a lexislación de patrimonio cultural impón aos posuidores dos bens.

Porén, cando a declaración ou a catalogación se promovan sen existir manifestación de interese no aproveitamento privativo do ben, a consellería competente en materia de patrimonio cultural impulsará a subscrición dun convenio de colaboración coa Administración xeral do Estado, titular do ben, para os efectos de establecer un réxime concertado de protección. Ata a subscrición do convenio, corresponde ao titular do ben cumprir as obrigacións derivadas da lexislación de patrimonio cultural.

4. Cando os bens de interese cultural ou catalogados estean emprazados en zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, a declaración de interese cultural ou a catalogación non eximirá da obtención de autorización autonómica ou do réxime de declaración responsable

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

regulados no artigo 48, rexéndose en todo o demais pola normativa de patrimonio cultural de Galicia.

5. Cando se trate de bens declarados de interese cultural ou catalogados con anterioridade á entrada en vigor desta lei, os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola consellería competente en materia de patrimonio cultural a efectos de verificar que as intervencións requiridas polo novo uso non poñen en perigo os valores que aconsellaron a súa protección.

6. Sobre todos os bens de interese cultural e catalogados do litoral poderán realizarse as intervencións que correspondan ao seu nivel de protección, de entre as previstas na normativa do patrimonio cultural de Galicia, incluídas as de ampliación en planta, con carácter complementario a unha actuación de rehabilitación, en volumes diferenciados e sempre que resulten imprescindibles para desenvolver o uso proposto.

Non se considerará aumento de volume a reconstrución destinada a completar un estado previo dos bens arruinados utilizando partes orixinais dos mesmos cuxa autenticidade e posición orixinal se poidan acreditar.

7. Nos termos do apartado 3 do artigo 2, as actuacións no espazo mariño do litoral que poidan afectar o patrimonio cultural subacuático de Galicia estarán suxeitas ao réxime de intervención da consellería competente en materia de patrimonio cultural establecido na normativa de patrimonio cultural de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 58. *Sustentabilidade económica e social do sector marítimo-pesqueiro e a cadea mar – industria alimentaria*

1. En coherencia cos fins desta lei recollidos no artigo 3, o desenvolvemento sustentable do litoral require a adopción de accións que favorezan o mantemento das poboacións litorais que viven do mar e garantan o desenvolvemento das súas actividades mediante a explotación sustentable, equilibrada e responsable dos recursos.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través dos instrumentos de ordenación mariña do litoral previstos nesta lei, recoñecerá o uso pesqueiro, marisqueiro e acuícola como estratéxico e prioritario para o desenvolvemento sustentable do litoral e establecerá un réxime de zonificación e uso que garanta o acceso e a permanencia das embarcacións galegas aos caladoiros cuxa regulación sexa da súa competencia.

Respecto aos caladoiros sobre os que non se ostenten competencias, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia velará pola sustentabilidade do sector nos termos establecidos no artigo 74 bis da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia.

3. En todo caso, será preceptivo o informe de impacto económico e social regulado no artigo 62 desta lei nos procedementos de aprobación de plans, proxectos ou programas que pretendan levarse a cabo en augas do litoral de Galicia e sexan susceptibles de provocar un impacto apreciable no desenvolvemento económico e social do sector marítimo-pesqueiro, incluídos os proxectos de implantación de enerxía eólica mariña cando os aeroxeradores ou as infraestruturas de evacuación eléctrica poidan incidir de modo apreciable en zonas de uso pesqueiro, marisqueiro ou acuícola do litoral de Galicia.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 59. *Dotacións públicas esenciais para o abastecemento de poboacións e o saneamento e depuración de augas residuais*

1. Ademais das esixencias establecidas na normativa de costas e de augas de Galicia, a construción das infraestruturas hidráulicas para o abastecemento de poboacións e o saneamento e depuración de augas residuais deberanse axustar ás condicións establecidas nos apartados seguintes.

2. As novas infraestruturas que se proxecten sobre o litoral deberán cumprir as directrices da paisaxe de Galicia e as condicións paisaxísticas establecidas nos catálogos da paisaxe.

Para ese efecto, a consellería competente en materia de medio ambiente deberá emitir un informe de avaliación paisaxística, co fin de considerar as repercusións que poidan ter sobre a paisaxe a execución das actuacións, obras ou actividades proxectadas, así como expoñer os criterios para a súa integración, de acordo cos catálogos da paisaxe e os documentos de referencia sobre sustentabilidade e integración paisaxística que elabore o Instituto de Estudos do Territorio.

3. Os sistemas de recollida, almacenamento, tratamento e vertedura no dominio público marítimo terrestre de augas residuais poderán ocupar o dominio público marítimo-terrestre nos seguintes supostos:

a) cando os ditos sistemas presten servizo a actividades ou instalacións que estean situadas en dominio público marítimo- terrestre;
b) cando os ditos sistemas estean vinculados a servizos esenciais de depuración de núcleos de poboación situados no litoral.

En ambos os casos, a documentación que acompañe os instrumentos de ordenación que recollan estas intervencións ou proxectos de obra que deban someterse a avaliación ambiental deberá incluír un estudo de alternativas que acredite a necesidade de ocupación do espazo.

4. As infraestruturas creadas poderán dar servizo de almacenamento, tratamento e vertedura ao mar de augas residuais que se xeren fóra deses espazos, sempre que se xustifique que a conexión ás devanditas

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

infraestruturas é a única alternativa posible ou que minimiza substancialmente o impacto ambiental que provocaría a construción de infraestruturas independentes.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

TÍTULO V

Normas adicionais de protección e sustentabilidade do litoral

Artigo 60. *Normas adicionais*

Nos termos sinalados nos artigos seguintes, ademais das esixencias establecidas na normativa xeral de medio ambiente, costas e medio mariño, as actuacións que leven a cabo sobre o litoral deberán tomar en consideración as seguintes circunstancias:

a) o grao de resiliencia da costa ante os riscos asociados ao cambio climático;
b) o impacto das actuacións proxectadas no desenvolvemento económico e social dos sectores produtivos de Galicia ou das súas comunidades;
c) o cumprimento dos obxectivos de calidade e ambientais das augas interiores e costeiras do litoral.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 61. *Resiliencia costeira*

1. Sen prexuízo do disposto na normativa de costas, no marco da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia realizará estudos de resiliencia do litoral de Galicia que permitan considerar os riscos asociados para os efectos do cambio climático, tanto no deseño dos instrumentos de ordenación como na adopción de decisións sobre usos do litoral.

2. Para a determinación do grao de resiliencia costeira considerarase especialmente o risco de inundacións, o retroceso da liña de costa e as variacións na frecuencia e intensidade de fenómenos naturais adversos.

3. A información dispoñible dos estudos dos riscos asociados para os efectos do cambio climático na costa incorporará, entre outras consideracións, as que se determinen no informe especial do Grupo Intergobernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (IPCC – Prevención e control integrados da contaminación), e estará dispoñible para a súa consulta no visor do Instituto de Estudos do Territorio.

4. A información sobre a resiliencia costeira deberá ser utilizada aos efectos da emisión do informe que a Comunidade Autónoma de Galicia debe emitir no marco do procedemento de outorgamento de concesións do dominio público marítimo-terrestre, nos termos establecidos na normativa de costas, cando se pretenda a ocupación do espazo con instalacións fixas ou non desmontables.

5. Cando o outorgamento do título de ocupación corresponda á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia conforme ao previsto no artigo 47, e sen prexuízo das prohibicións de usos recollidas na normativa de costas, o grao de resiliencia costeira permitirá suxeitar o uso pretendido sobre o litoral a condicións, que se incorporarán ao clausulado do título.

En todo caso, o grao de resiliencia costeira considerarase ao determinar o prazo de vixencia do título, para establecer a obriga de desaloxar o espazo

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e retirar os materiais ante o avance do mar ou para incorporar ao clausulado unha expresa asunción do risco por parte da persoa interesada.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 62. *Impacto económico e social*

1. Os plans, proxectos ou programas que pretendan levarse a cabo no litoral de Galicia e sexan susceptibles de provocar un impacto apreciable no desenvolvemento económico e social dos sectores produtivos de Galicia ou as súas comunidades deberán ser sometidos a unha avaliación dos seus efectos económicos e sociais.

En todo caso, será preceptiva dita avaliación cando se trate das actuacións recollidas no artigo 58.3 así como nos procedementos de outorgamento de autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre cando se pretenda a ocupación do espazo con instalacións fixas ou non desmontables.

2. A efectos da elaboración do informe da consellería competente, as persoas promotoras, públicas ou privadas, dos proxectos, plans ou programas acompañarán un estudo de impacto económico e social dos mesmos.

3. Se o plan, proxecto ou programa estivese suxeito a avaliación ambiental autonómica, o informe de impacto económico e social emitirase no procedemento de avaliación ambiental.

4. O informe conterá unha avaliación dos impactos das actividades proxectadas e poderá determinar as medidas correctoras necesarias para mitigar, paliar ou impedir impactos negativos, incluídas as medidas compensatorias en favor dos sectores afectados ou as súas comunidades.

5. O informe terá carácter vinculante cando a competencia para a aprobación do plan, proxecto ou programa lle corresponda ás Administracións públicas de Galicia. Nos restantes casos, será notificado á administración competente para a aprobación do plan, proxecto ou programa para a súa consideración na súa resolución ou na actuación que proceda.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 63. *Compatibilidade cos obxectivos de calidade e ambientais das augas interiores e costeiras do litoral de Galicia*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico con competencias sobre as augas do litoral velarán polo mantemento dos obxectivos de calidade e ambientais das augas interiores e costeiras cando poidan ser afectadas por vertidos ou pola realización de obras, instalacións e actividades.

2. Os obxectivos de calidade e ambientais serán os determinados na normativa de augas de Galicia.

3. Con respecto do disposto na normativa de protección do medio mariño, e ademais do control dos vertidos desde terra ao mar regulado na normativa de augas de Galicia e do cumprimento dos obxectivos establecidos no plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia, as actuacións que pretendan levarse a cabo nas augas costeiras que requiran a execución de obras e instalacións, ou a colocación ou depósito de materiais sobre o fondo mariño, deberán contar cun informe de compatibilidade cos obxectivos de calidade e ambientais das augas de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

TÍTULO VI

Patrimonio público litoral

Artigo 64. *Medidas*

Os poderes públicos impulsarán medidas encamiñadas a dispoñer de patrimonio público de solo litoral que favoreza a re-naturalización de espazos parcialmente desnaturalizados e a execución das actuacións estratéxicas definidas nesta lei.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 65. *Constitución de patrimonio público autonómico do solo litoral*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia constituirá un patrimonio público do solo litoral co fin de obter reservas de solo para as actuacións de iniciativa pública que contribúan á execución da competencia de ordenación do litoral, entre elas, a conservación e mellora do medio ambiente, do patrimonio natural e do patrimonio cultural.

2. Integrarán o patrimonio público autonómico do solo litoral:

a) os bens resultantes de procedementos de expropiación forzosa derivados da aprobación de plans ou proxectos para o cumprimento dos fins previstos nesta lei;
b) os bens adquiridos en exercicio do dereito de tenteo ou retracto, nos termos recollidos no artigo 67 desta lei;
c) os bens cedidos pola Administración xeral do Estado tras un procedemento de desafectación de dominio público marítimo-terrestre, afectos a finalidades de uso ou servizo público.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 66. *Declaración de utilidade pública*

1. Decláranse de utilidade pública as actuacións estratéxicas reguladas no Título IV desta lei aos efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para a súa execución.

2. Así mesmo, considerarase implícita a declaración de utilidade pública na aprobación dos instrumentos de ordenación do litoral regulados nesta lei cando conteñan disposicións que teñan por finalidade:

a) incrementar os espazos da área de protección ambiental, mediante a incorporación de terreos incluídos na área de mellora ambiental ou paisaxística que poidan chegar a obter, tras as intervencións oportunas de re-naturalización, condicións naturais equivalentes ás dos espazos que conforman aquela área;
b) intervir sobre espazos incluídos na área de mellora ambiental ou paisaxística susceptibles de recuperar parcialmente as súas condicións naturais;
c) ampliar os espazos verdes e promover actuacións de renovación urbana e rehabilitación na área de reordenación.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 67. *Dereito de tenteo e retracto*

1. Os instrumentos de ordenación do litoral poderán delimitar ámbitos das áreas de mellora ambiental e paisaxística e de reordenación nos que as transmisións onerosas de terreos estean suxeitas aos dereitos de tenteo e retracto para os efectos de obter reservas de solo para acometer accións de re-naturalización ou levar a cabo accións de rehabilitación ou renovación urbana.

2. O prazo para o exercicio do dereito de tenteo será de tres meses, a partir da notificación do prezo e das condicións da transmisión pola persoa transmitinte á administración á que o instrumento de ordenación atribúa o dereito de tenteo. Transcorrido dito prazo sen que se notifique á persoa transmitinte o exercicio do dereito de tenteo, poderá levarse a cabo a transmisión.

3. De non terse producido a notificación para o exercicio do dereito de tenteo, poderá exercerse o dereito de retracto no prazo dun ano, contado a partir da data na que a administración tivese coñecemento da transmisión.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

TÍTULO VII

Cultura litoral, concienciación e educación ambiental

Artigo 68. *Cultura litoral e oceánica e patrimonio cultural inmaterial*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público empresarial con competencias en materia de litoral poñerán ao dispor da sociedade información suficiente e accesible sobre a configuración e estado dos espazos terrestres e mariños do litoral, as súas zonas de especial interese ambiental, paisaxístico e cultural, os seus servizos ecosistémicos, as actividades públicas e privadas implantadas neses espazos e calquera outros contidos divulgativos que permitan mellorar a cultura litoral e oceánica da cidadanía.

2. Serán obxecto de protección específica como parte do patrimonio cultural inmaterial de Galicia aqueles usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas das comunidades costeiras que manifestan un particular sentimento de identidade e de relación co medio costeiro e mariño, entre eles, as técnicas artesanais e tradicionais vinculadas cos oficios do mar.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 69. *Concienciación social e educación para o desenvolvemento sustentable*

1. As administracións públicas de Galicia, en colaboración con outras entidades públicas e privadas con labores vinculados co litoral, promoverán estratexias e programas co fin de concienciar á cidadanía sobre a importancia da súa conservación e uso sostibles, así como, en xeral, sobre a súa función esencial para o benestar da humanidade. Esta función de sensibilización irá acompañada de información efectiva sobre os medios de participación pública nos supostos previstos polo ordenamento xurídico.

2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia procurará introducir en todos os niveis do sistema educativo e universitario de Galicia programas de formación dirixidos a proporcionar coñecementos, aptitudes e comportamentos para acadar o Obxectivo de Desenvolvemento Sostible nº 14 fixado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, relativo a conservar e utilizar de forma sostible os océanos, os mares e os recursos mariños para o desenvolvemento sostible.

3. As administracións públicas promoverán estratexias e programas de concienciación da cidadanía sobre o cambio climático.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Artigo 70. *Investigación, capacitación e ciencia cidadá*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá estratexias e programas de investigación e innovación en ciencias mariñas cos centros de investigación implantados en Galicia, para, entre outros obxectivos, incrementar a observación do estado do medio mariño e os seus recursos, identificar os riscos e áreas de vulnerabilidade, determinar medidas e mecanismos de resposta que garantan a explotación sostible dos recursos e promover a protección e restauración dos seus ecosistemas.

Así mesmo, promoveranse asociacións e alianzas entre os centros de investigación e as empresas dos diferentes sectores da economía azul para xerar un diálogo permanente, unha innovación mariña e marítima sostible e a adecuada capacitación das persoas profesionais destes sectores.

2. Como ferramenta complementaria da investigación científica promoverase o desenvolvemento de ciencia cidadá sobre o litoral, a través da implicación activa de persoas non especializadas na captación, procesamento, interpretación de datos e identificación de problemas, de grande utilidade na implementación da investigación científica e para facilitar a aplicación das políticas e xestión sobre o litoral.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

TÍTULO VIII

Inspección do litoral e potestade sancionadora

Artigo 71. *Inspección*

1. A inspección do litoral será exercida polos órganos que desempeñan as funcións de inspección nos distintos espazos terrestres ou mariños do litoral, de conformidade coa normativa específica que os regule, e sen prexuízo das funcións de tutela e policía que corresponden ao Estado na súa condición de titular do dominio público marítimo-terrestre.

2. O persoal de inspección ten, no exercicio das súas funcións, a condición de autoridade e pode solicitar a colaboración das forzas e corpos de seguridade e a cooperación de persoal funcionario e autoridades doutras administracións públicas.

3. No exercicio da devandita actividade, o persoal de inspección pode inspeccionar toda clase de obras e instalacións, contando, cando sexa preciso, coa preceptiva autorización xudicial, e está facultado para entrar e permanecer nas leiras, construcións e outros lugares suxeitos á súa actuación inspectora o tempo estritamente necesario para realizar a súa función.

4. Os documentos formalizados polo persoal de inspección nos que se recollan os feitos constatados teñen valor probatorio salvo que se acredite o contrario, de conformidade co establecido pola lexislación de procedemento administrativo común.

5. Corresponden ao persoal que teña encomendado o exercicio da inspección do litoral, ademais das funcións contempladas na súa normativa sectorial de aplicación, as seguintes funcións:

a) a investigación e a comprobación do cumprimento da normativa, así como a práctica das probas e medicións necesarias para esta finalidade;
b) a documentación das súas actuacións mediante as actas de inspección, os informes, as dilixencias e as correspondentes comunicacións;

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

c) a proposta de adopción, no seu caso, de medidas provisionais e de incoación dos procedementos de protección da legalidade.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Artigo 72. *Potestade sancionadora*

1. A realización de usos sobre o litoral contravindo as disposicións contidas nesta lei será perseguida a través dos procedementos sancionadores e os cadros de infraccións e sancións previstos na lexislación de costas, portos, medio mariño, patrimonio natural, urbanismo ou calquera outra sectorial que resulte de aplicación.

2. Se un mesmo feito pode ser sancionado en virtude de infraccións diferentes, perseguirase a infracción de maior gravidade.

3. En ningún caso a infracción pode supoñer un beneficio económico para a persoa infractora. Cando a suma da sanción imposta e do custe das actuacións de reposición dos bens e situacións ao seu anterior estado determine unha cifra inferior a dito beneficio, incrementarase a contía da multa ata alcanzar o montante do mesmo.

4. De ser o caso, os resultados da inspección realizada conforme ao artigo anterior serán elevados á consellería con competencias para exercer a potestade sancionadora en función da infracción cometida ou aos concellos costeiros competentes.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira. *Área de influencia litoral*

Por Decreto do Consello da Xunta poderán declararse áreas de influencia litoral, conformadas de espazos non comprendidos no litoral de conformidade co establecido no artigo 2 desta Lei, nas que serán de aplicación as disposicións desta lei necesarias para o mantemento de bens e servizos ecosistémicos do litoral.

A devandita declaración, que deberá estar avalada pola experiencia e o coñecemento científico, irá acompañada da incorporación das áreas declaradas ao Plan de ordenación costeira.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Disposición adicional segunda. *Definición de augas costeiras e augas de transición*

As referencias ás augas costeiras e de transición contidas nesta Lei entenderanse segundo as definicións establecidas na normativa de augas.

Así, son augas costeiras as augas de superficie que se encontran cara á terra desde unha liña cuxa totalidade de puntos se atopa a unha distancia dunha milla náutica mar adentro desde o punto máis próximo da liña de base que serve para medir a largura das augas territoriais e que se estenden, de ser o caso, ata o límite exterior das augas de transición.

Son augas de transición as masas de auga de superficie próximas á desembocadura dos ríos que son parcialmente salgadas como resultado da súa proximidade ás augas costeiras, pero que reciben unha notable influencia de fluxos de auga doce.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición adicional terceira. *Aprobación dos instrumentos de ordenación do litoral previstos nesta lei*

1. A Estratexia de Economía Azul aprobarase no prazo dun ano a contar desde a entrada en vigor desta lei.

2. As directrices de ordenación do litoral aprobaranse no prazo dun ano a contar da entrada en vigor desta lei.

3. O plan de ordenación mariña aprobarase no prazo de tres anos a contar da entrada en vigor desta lei.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

XUNTA DE GALICIA

Disposición adicional cuarta. *Adaptación do Plan de ordenación do litoral de Galicia*

O Plan de ordenación do litoral de Galicia, aprobado definitivamente por Decreto 20/2011, do 10 de febreiro (DOG do 23 de febreiro) pasará a denominarse Plan de ordenación costeira de Galicia e deberá ser revisado, para a súa adaptación a esta lei, no prazo de dous anos a contar desde a súa entrada en vigor.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición adicional quinta. *Plans que afectan ao litoral aprobados conforme ao previsto na lexislación sectorial*

1. As disposicións contidas nesta lei son complementarias das establecidas plans aprobados en virtude de normativa sectorial, entre eles, os seguintes:

a) os plans de ordenación e xestión de espazos naturais protexidos e de protección da biodiversidade;
b) os plans de pesca, marisqueo e acuicultura;
c) os plans de continxencias por contaminación mariña accidental;
d) os plans de loita contra o cambio climático;
e) os plans do sistema portuario de Galicia;
f) os plans de protección civil e emerxencias;
g) os plans de protección do patrimonio cultural;
h) os plans de ordenación e protección da paisaxe;
i) a planificación hidrolóxica;
j) os plans de turismo;
k) os plans de transporte marítimo;
l) os plans de infraestruturas;
m) os plans previstos na normativa forestal;
n) os plans de ordenación dos montes veciñais, na superficie que corresponda ao litoral.

2. A Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación do Litoral velará pola integración entre as disposicións desta lei e as leis sectoriais, impulsando, cando proceda, as modificacións que favorezan a xestión integrada do litoral.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Disposición adicional sexta. *Catálogo de bens de valor cultural no litoral*

1. O Consello da Xunta, a proposta da consellería competente en materia de medio ambiente, previo informe favorable do departamento competente en materia de patrimonio cultural, aprobará un catálogo de bens de valor cultural no litoral, sobre os que se poderán promover as actuacións estratéxicas recollidas no artigo 57 desta lei.

2. O catálogo deberá incluír:

a) a identificación dos bens, con indicación da área do litoral na que se atopan, especificando, de ser o caso, se ocupan dominio público marítimo-terrestre ou zona de servidume de protección;
b) a xustificación da incorporación ao catálogo, cando a edificación non estea declarada ben de interese cultural ou catalogada, ou, neste caso, a referencia á declaración ou catalogación;
c) os usos orixinais dos bens e os usos futuros compatibles para o caso de que se interveña sobre eles, quedando garantido que non se poñan en perigo os valores que aconsellaron a súa catalogación;
d) calquera outro dato que favoreza a mellor preservación dos valores que se tratan de protexer e o seu entorno.

3. No procedemento de aprobación do catálogo abrirase un trámite de información pública para que as persoas interesadas poidan formular as alegacións que estimen pertinentes.

4. Os bens catalogados integraranse no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.

5. A incorporación dun ben inmoble ao catálogo obrigará aos concellos en cuxo territorio se localice a incorporalo ao planeamento urbanístico xeral e a establecer as determinacións específicas para o seu réxime de protección, conservación e uso.

6. As modificacións e revisións do catálogo seguirán o mesmo procedemento que o establecido para a súa aprobación.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición adicional sétima. *Regularización de bens transferidos incluídos no dominio público marítimo-terrestre*

1. A consellería con competencias en materia de patrimonio da Xunta de Galicia, por razóns de interese público, promoverá a regularización da situación xurídica dos bens inmobles destinados a usos ou servizos públicos autonómicos, cuxa titularidade resultou transferida á Comunidade Autonóma de Galicia antes da entrada en vigor da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e que resultaron posteriormente declarados de dominio público marítimo-terrestre en virtude dun deslinde practicado conforme á dita Lei.

2. A eses efectos, se os terreos sobre os que se sitúan os inmobles perderon as súas características naturais de praia ou zona marítimo-terrestre, a Administración autonómica solicitará o inicio do procedemento de declaración de innecesariedade e desafectación dos terreos regulado no artigo 18 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas.

3. Para cumprir coa finalidade da transferencia dos bens e en cumprimento do disposto no artigo 19 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, solicitarase da Administración xeral do Estado a cesión gratuíta dos terreos afectados, co compromiso de que as edificacións ou instalacións que ocupen os inmobles manterán o destino de uso ou servizo público que determinou a súa transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia.

4. De finalizarse o procedemento de desafectación nos termos expostos, os terreos e os inmobles integraranse no patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, sen que lles resulte de aplicación o disposto no artigo 65.2.c) desta lei.

5. Nos restantes casos, para o mantemento dos usos ou servizos públicos preexistentes promoverase a formalización dun convenio de colaboración que regule o uso dos terreos, ou se solicitará unha concesión que ampare a ocupación do dominio público marítimo-terrestre, todo elo de conformidade co establecido na normativa de costas.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición adicional oitava. *Tala de árbores*

A autorización dos aproveitamentos forestais na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre regularase polo establecido na normativa de montes de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Disposición adicional novena. *Tramo internacional do Río Miño*

O tramo internacional do Río Miño regularase polo disposto nos correspondentes instrumentos internacionais.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición adicional décima. *Obras e actuacións de interese xeral do Estado*

O establecido nesta lei entenderase sen prexuízo do establecido na súa lexislación específica para as obras e actuacións de interese xeral do Estado, que se rexerán pola norma estatal sectorial que resulte aplicable no seu caso.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Disposición transitoria primeira. *Títulos habilitantes*

1. A presente lei aplicarase aos procedementos de obtención de títulos habilitantes de usos e actividades sobre o litoral que se inicien a partir da súa entrada en vigor.

2. Os procedementos iniciados a instancia de parte perante a Administración autonómica con anterioridade á entrada en vigor, que non fosen resoltos no prazo máximo legalmente establecido, continuarán a súa tramitación conforme á normativa anterior, sen prexuízo do dereito da persoa interesada de desistencia a efectos de iniciar outro procedemento conforme ao disposto nesta lei.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Disposición transitoria segunda. *Aplicación transitoria do Plan de ordenación do litoral de Galicia*

1. Ata a revisión do Plan de ordenación do litoral de Galicia, manterase o réxime xurídico das áreas de protección costeira, os corredores e os espazos de interese recollidos nos artigos 54, 57 e 58 do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de ordenación do litoral de Galicia, agás no que afecte ás actuacións estratéxicas do Título IV, cuxas disposicións serán de aplicación a partir da entrada en vigor desta lei.

2. A os efectos de execución das actuacións estratéxicas previstas nesta Lei, o Instituto de Estudos do Territorio de Galicia aprobará os instrumentos cartográficos que recollan a zonificación regulada no Título III, que estarán dispoñibles na dirección electrónica a que se refire a disposición final terceira desta lei.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Disposición transitoria terceira. *Delimitación de espazos de especial interese ambiental e paisaxístico*

Ata a revisión do Plan de ordenación do litoral de Galicia, as referencias contidas nesta lei aos espazos de especial interese ambiental e paisaxístico que debe delimitar o Plan de ordenación costeira serán todos os desa natureza delimitados no Plan de ordenación do litoral de Galicia.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición transitoria cuarta. *Autorizacións autonómicas e declaracións responsables para usos en zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre*

Mentres non se desenvolva regulamentariamente o procedemento de outorgamento das autorizacións e as declaracións responsables do artigo 48 desta lei, seguirá en vigor o Decreto 97/2019, de 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derrogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

g) DISPOSICIÓNS FINAIS

Disposición final primeira. *Modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia*

Modifícase o artigo 55 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, que queda redactado como segue:

"Artigo 55. *Actividades, instalacións e construcións permitidas*

1. Na zona de servizo portuaria só se poderán levar a cabo actividades, instalacións e construcións acordes cos usos portuarios e de sinalización marítima, conforme ao establecido na presente lei, na normativa estatal de aplicación e nas normas que a desenvolvan.

2. Para ese efecto, teñen a consideración de usos portuarios os seguintes:

a) O uso de infraestrutura básica asignado a diques e camiños.
b) Os usos comerciais, entre os cales figuran os relacionados co intercambio entre modos de transporte, os relativos ao desenvolvemento de servizos portuarios e outras actividades portuarias comerciais.
c) Os usos pesqueiros, incluídos os referidos á pesca, o marisqueo e a acuicultura.
d) Os usos náutico-deportivos.
e) Os usos complementarios ou auxiliares dos anteriores, incluídos os relativos a actividades loxísticas e de almacenaxe, os relativos á cadea mar – industria alimentaria e os que correspondan a empresas industriais ou comerciais que xustifiquen a localización no porto pola súa relación co tráfico portuario, o volume dos tráficos marítimos que xeran ou os servizos que prestan ás persoas usuarias do porto.
f) Os usos necesarios para levar a cabo o transporte das persoas usuarias do transporte marítimo competencia da Comunidade Autónoma.
g) Os usos vinculados á interacción porto-cidade, que cumpran a dobre función de integrar o ámbito portuario no concello e a participación da comunidade no desenvolvemento portuario, a través da implantación de usos e actividades que, sen alterar o desenvolvemento do porto e as operacións de tráfico portuario, melloren a calidade de vida da cidadanía,

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

entre eles, a prestación de servizos sanitarios, asistenciais, docentes, culturais, deportivos e os destinados á mellora da conectividade do porto coa contorna urbana.

3. A xestión dos espazos portuarios vinculados á interacción porto-cidade regularase mediante fórmulas de colaboración interadministrativa, que deberán incluír, polo menos, as competencias e financiamento en materia de conservación e mantemento de espazos e servizos, o réxime da responsabilidade derivada de acontecementos acontecidos no espazo ou en relación coa prestación do servizo, e calquera outra cuestión que se considere necesaria para facilitar a xestión eficaz das administracións implicadas e dos usuarios dos servizos.

4. Nos terreos da zona de servizo portuaria que non reúnan as características naturais de bens de dominio público marítimo-terrestre definidos no artigo 3 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, poderanse admitir outros usos non estritamente portuarios, tales como equipamentos culturais, recreativos, certames feirais, exposicións e outras actividades comerciais e industriais non portuarias, sempre que resulten compatibles cos usos antes definidos, non se prexudique globalmente o desenvolvemento futuro do porto e as operacións de tráfico portuario e se axusten ao establecido no plan urbanístico en vigor, así como ao previsto na normativa de costas en materia de protección do dominio público marítimo-terrestre adscrito."

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Disposición final segunda. *Modificación da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia*

Modifícase o artigo 82 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que queda redactado como segue:

"Artigo 82. *Obxectivos de calidade e ambientais das augas*

1. Establécense como obxectivos de calidade das augas das rías de Galicia os indicados no anexo II da presente lei. Estes obxectivos de calidade terán o carácter de mínimos.

2. Establécense como obxectivos ambientais das augas das rías de Galicia os establecidos na estratexia mariña da demarcación noratlántica, recollidos no anexo II do Real Decreto 79/2019, do 22 de febreiro, polo que se regula o informe de compatibilidade e se establecen os criterios de compatibilidade coas estratexias mariñas, ou na norma que o substitúa.

3. Os métodos de análises de referencia para a determinación dos parámetros considerados nos obxectivos de calidade e ambientais, así como o procedemento para o seu control, serán determinados regulamentariamente.

4. En calquera caso, os anteriores obxectivos, tanto de calidade como ambientais, entenderanse modificados no caso de que por parte da Unión Europea ou o Estado se ditasen obxectivos de calidade máis estritos, ou ben referidos a novos parámetros".

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

XUNTA DE GALICIA

Disposición final terceira. *Información cartográfica*

A información cartográfica necesaria para a aplicación desta lei estará dispoñible na dirección electrónica da consellería con competencias en materia de medio ambiente.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

Disposición final cuarta. *Desenvolvemento regulamentario*

Autorízase o Consello da Xunta para ditar as disposicións para o desenvolvemento regulamentario da presente lei.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

Disposición final quinta. *Entrada en vigor*

Esta Lei entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no "Diario Oficial de Galicia", agás o establecido no artigo 47.1 respecto do exercicio das competencias autonómicas para o outorgamento das autorizacións e concesións do dominio público marítimo-terrestre, cuxa entrada en vigor queda supeditada á publicación do Real Decreto de traspasos de funcións e servizos da Administración Xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Diego Calvo Pouso
Vicepresidente Segundo e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Consello de Contas
de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
16 MAR. 2023
Núm. 51501

José Antonio Redondo López (1 para 1)
Conselleiro maior
Data de Sinatura: 16/03/2023
HASH: 2e759e53fb3fdbc51793a5417f4f48d0f

En cumprimento do artigo 19 da Lei 6/1985, do 24 de xuño do Consello de Contas de Galicia, reformada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto e o artigo 49 do seu Regulamento de Réxime Interior remito, despois de ser aprobado polo Pleno do Consello de Contas de Galicia, o de *"Informe de fiscalización horizontal sobre percepcións económicas non salariais e indemnización de gastos efectivos en entidades locais: indemnizacións por razón de servizo, asistencias e outros gastos"*.

Santiago de Compostela a data da sinatura electrónica

O conselleiro maior

José A. Redondo López

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: APLWGMFPQTZ2PKX962S6Z3K9M
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1

REXISTRO XERAL ENTRADA
16 MAR. 2023
Núm. 51501

José Antonio Redondo López (1 para 1)
Conselleiro maior
Data de Sinatura: 16/03/2023
HASH: 2e759e53fb3fdbc51793a54176f48d0f

Consello de Contas de Galicia

INFORME DE FISCALIZACIÓN HORIZONTAL SOBRE PERCEPCIÓNS ECONÓMICAS NON SALARIAIS E INDEMNIZACIÓN DE GASTOS EFECTIVOS EN ENTIDADES LOCAIS: INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO, ASISTENCIAS E OUTROS GASTOS

ACTUACIÓN 1702023-10

APROBADO POLO PLENO

SESIÓN 15/03/2023

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 120

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CSV: BOPGDSPG-ITglA0Pfm-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 120

ÍNDICE

I. INTRODUCIÓN XERAL 9
I.1 NORMATIVA APLICABLE 10
I.2. OBXECTIVOS E ALCANCE DA FISCALIZACIÓN 12
I.3. ANÁLISE DO MARCO XURÍDICO APLICABLE 12
I.3.1 RÉXIME DE INDEMNIZACIÓNS POR DESPRAZAMENTOS 14
I.3.2. INDEMNIZACIÓNS POR GASTOS EFECTIVOS 15
I.3.3. GASTOS REPRESENTATIVOS OU PROTOCOLARIOS 18
I.3.4. ASISTENCIAS POLA CONCORRENCIA EFECTIVA ÁS SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS 19
I.4. LIMITACIÓNS AO ALCANCE 23
II. CONCLUSIÓNS 23
II.1 RESPONSABILIDADE DOS CONCELLOS OBXECTO DE FISCALIZACIÓN 23
II.2 RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS 23
II.3 CONCLUSIÓNS 24
II.3.1 FUNDAMENTO DA OPINIÓN DO CUMPRIMENTO 24
II.3.2 CONCLUSIÓNS 24
II.3.3. RECOMENDACIÓNS DE MELLORA 25
III. RÉXIME DE INDEMNIZACIÓNS POR DESPRAZAMENTOS 26
III.1 XUSTIFICACIÓN DA FISCALIZACIÓN 26
III.2 CONCLUSIÓNS EN RELACIÓN COA COMUNICACIÓN RELATIVA Á XESTIÓN DAS INDEMNIZACIÓNS POR DESPRAZAMENTOS NO CONCELLO DE VILASANTAR 26
III.3 RECOMENDACIÓNS ESPECÍFICAS AO CONCELLO DE VILASANTAR 27
III.4 RESULTADOS DOS TRABALLOS DERIVADOS DA FISCALIZACIÓN 28
III.4.1. CONTIDO DA COMUNICACIÓN 28
III.4.2. CUANTIFICACIÓN 28
III.4.3. REGULACIÓN INTERNA DO CONCELLO DE VILASANTAR EN MATERIA DE INDEMNIZACIÓNS 29
III.4.4. XUSTIFICACIÓN E CONTABILIDADE 30
IV. INDEMNIZACIÓNS E GASTOS EFECTIVOS 32
IV.1 XUSTIFICACIÓN DA FISCALIZACIÓN EN RELACIÓN CO CONCELLO DE CATOIRA 32
IV.2 CONCLUSIÓNS DAS INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO DO CONCELLO DE CATOIRA 33
IV.3 RECOMENDACIÓNS AO CONCELLO DE CATOIRA 34
IV.4 RESULTADOS DOS TRABALLOS DERIVADOS DA FISCALIZACIÓN 35

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 120

IV.4.1. CONTIDO DA COMUNICACIÓN 35
IV.4.2. REGULACIÓN INTERNA DO CONCELLO DE CATOIRA EN MATERIA DE INDEMNIZACIÓNS 35
IV.4.3. ANÁLISE DA APLICACIÓN DA NORMATIVA EN MATERIA DE INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO 37
IV.4.4. CUANTIFICACIÓN DO IMPORTE ABOADO Á PERSOA TITULAR DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA 39
IV.4.5. XUSTIFICACIÓN E CONTABILIDADE DAS CANTIDADES ABOADAS 40
IV.5 XUSTIFICACIÓN DA FISCALIZACIÓN EN RELACIÓN CON CONCELLO DE TRAZO 42
IV.6 CONCLUSIÓNS DAS INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DO CONCELLO DE TRAZO 43
IV.7 RECOMENDACIÓNS DAS INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO AO CONCELLO DE TRAZO 44
IV.8. RESULTADOS DOS TRABALLOS DERIVADOS DA FISCALIZACIÓN 45
IV.8.1. CONTIDO DA COMUNICACIÓN 45
IV.8.2. COMPROBACIÓNS 45
IV.8.3. NORMATIVA APLICABLE 45
IV.8.4. CUANTIFICACIÓN DAS INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO E GASTOS PROTOCOLARIOS 46
IV.8.5. ANÁLISE DA APLICACIÓN DA NORMATIVA EN MATERIA DE INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO 46
IV.8.6. FISCALIZACIÓN DOS GASTOS 50
IV.9 INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO NOS SUPOSTOS DE COBERTURA DE POSTOS RESERVADOS A FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL MEDIANTE NOMEAMENTO POR ACUMULACIÓN 51
IV.9.1 XUSTIFICACIÓN DA FISCALIZACIÓN 51
IV.9.2 CONCLUSIÓNS DAS INDEMNIZACIÓNS PERCIBIDAS POLOS HABILITADOS NACIONAIS ACUMULADOS NO CONCELLO DE VALGA 51
IV.9.3 RECOMENDACIÓNS EN RELACIÓN COAS INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO PERCIBIDAS POLOS HABILITADOS NACIONAIS EN ACUMULACIÓN 52
IV.9.4 RESULTADOS DERIVADOS DA FISCALIZACIÓN NO CONCELLO DE VALGA 52
IV.9.4.1. Contido da comunicación 52
IV.9.4.2. Marco xurídico vixente 53
IV.9.4.3. Nomeamento en acumulación dos funcionarios habilitados nacionais Secretario e Interventor 54

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 120

IV.9.4.4. Dereito á percepción das indemnizacións por razón do servizo polo exercicio de funcións en acumulación 55

V. ASISTENCIAS POLA CONCURRENCIA EFECTIVA ÁS SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS 62

V.1 XUSTIFICACIÓN DA FISCALIZACIÓN 62

V.2 CONCLUSIÓNS EN RELACIÓN COA COMUNICACIÓN RELATIVA ÁS ASISTENCIAS POLA CONCURRENCIA EFECTIVA ÁS SESIÓNS DAS COMISIÓNS DE COORDINACIÓN DE CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS DO CONCELLO DE VALGA 62

V.3 RECOMENDACIÓNS ESPECÍFICAS AO CONCELLO DE VALGA 63

V.4 RESULTADOS DOS TRABALLOS DERIVADOS DA FISCALIZACIÓN 64

V.4.1. CONTIDO DA COMUNICACIÓN RECIBIDA 64

V.4.2. REGULACIÓN INTERNA DO CONCELLO DE VALGA EN MATERIA DE ASISTENCIAS POR CONCORRENCIA EFECTIVA ÁS SESIÓNS DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN 65

V.4.3 ANÁLISE DA APLICACIÓN DA NORMATIVA EN MATERIA DE INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO 66

V.4.4. IMPORTE DAS ASISTENCIAS Á COMISIÓN DE COORDINACIÓN 68

VI. ALEGACIÓNS PRESENTADAS 69

VII. RÉPLICA ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS 103

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 120

CSV: BOPGDSPG-ITglA0Pfm-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 120

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Clasificación do persoal e contías das dietas en España 14
Cadro 2: Importes percibidos polo alcalde de Vilasantar nos exercicios 2017-2019 29
Cadro 3: Importes percibidos pola Alcaldía-Presidencia do Concello de Vilasantar nos exercicios 2017-2019 de acordo coa súa natureza 31
Cadro 4: Retribucións e indemnizacións percibidas polo alcalde de Catoira entre os exercicios 2018-2021 39
Cadro 5: Indemnizacións por razón de servizo e gastos protocolarios do Alcaldía-Presidencia de Trazo 2014 ao 2019 46
Cadro 6: Liquidación de dietas coa mesma data que unha das incluídas ou incluso con data posterior 48
Cadro 7: Nº de dietas liquidadas por exercicio 48
Cadro 8: Nº de comidas por atencións protocolarias por exercicio 49
Cadro 9: Nº de datas por atencións protocolarias coincidentes e coa liquidación de dietas 50
Cadro 10: Importes liquidados por dietas (manutención e desprazamentos) 55
Cadro 11: Importes liquidados por dietas (manutención e desprazamentos) 55
Cadro 12: Incongruencias en datas de liquidación e de aprobacións 61
Cadro 13: Desagregación dos importes percibidos por asistencia ás Comisións de Coordinación (2017-2021) 68

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 120

CSV: BOPGDSPG-ITglA0Pfm-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 120

ABREVIATURAS

ASOCEX: Asociación de Órganos de Control Externo Autonómicos

BEO: Bases de execución orzamentaria

BOE: Boletín Oficial do Estado

GPF-OCEX: Guías Prácticas de Fiscalización dos OCEX

INTOSAI: Organización Internacional das Entidades Fiscalizadoras Superiores

ISSAI-ES: Normas internacionais de auditoría do sector público

LCCG: Lei do Consello de Contas de Galicia

LCSP: Lei de contratos do sector público

LRBRL: Lei reguladora das bases de réxime local

LTAIBG: Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

OCEX: Órganos de control externo

RCI: Regulamento de control interno do sector público local

ROF: Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

TRLRFL: Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

CSV: BOPGDSPG-ITglA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 120

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 120

I. INTRODUCIÓN XERAL

Unha das metas do Obxectivo de Desenvolvemento Sostible nº 16 das Nacións Unidas -"Promover sociedades xustas, pacíficas e inclusivas"- é a de crear a todos os niveis institucións eficaces e transparentes que rendan contas. Neste sentido, a estratexia do Consello de Contas, como órgano de fiscalización externa das contas da xestión económico-financeira e contable da Comunidade Autónoma de Galicia, pasa por reforzar as canles de apertura á participación cidadá nas labores do control externo independente. A estes efectos o artigo 24.3 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, faculta ao Consello para acordar de oficio a apertura do procedemento fiscalizador cando coñeza os feitos por medio dunha comunicación presentada ao efecto, como é o caso das achegadas neste informe.

Tratándose dun procedemento que se tramita de oficio e no que o comunicante non ostenta a condición de parte, por imperativo do disposto no artigo 45 da Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Cuentas, corresponde ao Pleno do Consello, no exercicio da competencia recollida no artigo 7.3.a) da mencionada Lei 6/1985, apreciar en cada caso a conveniencia e pertinencia de acordar a iniciación dos procedementos fiscalizadores.

A Resolución do Parlamento de Galicia do 27 de febreiro de 2017, pola que se publica o Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia aprobado pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas do Parlamento de Galicia, establece en canto ao seu procedemento, no seu artigo 35.1, que «(...) a iniciativa da fiscalización corresponde ao Consello, adoptándose por acordo do Pleno, a proposta dos conselleiros e conselleiras, como consecuencia da petición do Parlamento ou por comunicación previa presentada por unha persoa física ou xurídica».

Para a tramitación das comunicacións, seguiuse o Protocolo aprobado polo Pleno do Consello de Contas, o 3 de xullo de 2017.

No Plan anual de traballo para o exercicio 2021, aprobado o 22 de decembro de 2020, prográmase a realización dun informe monográfico de indemnizacións por razón de servizo a consecuencia das comunicacións presentadas sobre a materia.

Ademais, o acordo do Pleno do Consello de Contas do 23 de xuño de 2021 decidiu que o obxecto da comunicación presentada sobre as indemnizacións por razón de servizo percibidas polos habilitados nacionais acumulados no Concello de Valga foran obxecto de inclusión no Plan anual de traballo vixente no exercicio 2021, por ser da mesma temática que a actuación 1702021-06, de indemnizacións por razón de servizo.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 120

Este informe supón a realización dunha fiscalización de cumprimento horizontal e ten por finalidade determinar se as actividades, operacións e información das entidades referenciadas cumpren nos seus aspectos significativos coa normativa aplicable.

No Plan anual de traballo para o exercicio 2022, aprobado polo Pleno do Consello de Contas o 8 de abril de 2022 contémplase, no que respecta á Área de Corporacións Locais, entre as actuacións programadas en fiscalización (cadro 1), a finalización no exercicio dos Informes programados a consecuencia de comunicacións presentadas ao efecto recollidos na actuación "1702021-06. Indemnizacións por razón de servizo nas entidades locais de Galicia".

Finalmente, no Plan anual de traballo para o exercicio 2023, aprobado polo Pleno do Consello de Contas o 29 de decembro de 2022 contémplase, no que respecta á Área de Corporacións Locais, entre as actuacións programadas en fiscalización (cadro 1) unha reprogramación do citado informe, para a inclusión dunha nova comunicación recibida en relación co Concello de Valga relativa ás percepcións por asistencia a órganos colexiados, modificándose así mesmo a denominación do informe para adaptalo ás percepcións económicas non salariais e indemnización de gastos efectivos en entidades locais: indemnizacións por razón do servizo, asistencias e outros gastos, que exceden o ámbito material das indemnizacións por razón do servizo en sentido estrito.

https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/documents/2023/20221229_Plan_plan_anual_traballo_2023.pdf

I.1 NORMATIVA APLICABLE

As principais normas aplicables foron as seguintes:

- Constitución Española do 27 de decembro de 1978.
- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Cuentas.
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia.
- Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño do Consello de Contas, e do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, para a prevención da corrupción.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG).

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 120

- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.

- Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

- Real Decreto lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro que regula as Facendas Locais.

- Real Decreto 861/1996, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos Funcionarios de Administración Local

- Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo

- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais.

- Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

- Real Decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local (RCI).

- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

- Orde do 8 de novembro de 1994 sobre xustificación e anticipos das indemnizacións por razón de servizo.

- Orde EHA/3565/2008 do 3 de decembro, polo que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.

- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

- Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.

- Instrución aprobada polo Pleno do Consello de Contas do 27 de xaneiro de 2016, en relación coa información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados polos interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa.

- Bases de execución do orzamento dos concellos e exercicios obxecto de fiscalización.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 120

I.2. OBXECTIVOS E ALCANCE DA FISCALIZACIÓN

O obxectivo do traballo é verificar as situacións e causas concretas que deron lugar ás comunicacións recibidas no Consello de Contas, en relación con:

1) Réxime de indemnizacións por desprazamentos.

2) Indemnizacións por gastos efectivos.

3) Gastos representativos e protocolarios.

4) Percepcións económicas por asistencia a órganos colexiados.

O alcance do ámbito obxectivo da fiscalización é o determinado polas comunicacións recibidas vinculadas a ditos ámbitos materiais na xestión das entidades fiscalizadas.

O ámbito subxectivo da fiscalización está constituído polos Concellos de Vilasantar, Catoira, Trazo e Valga.

Respecto ao ámbito temporal abarca aos exercicios 2017 a 2021, estendéndose a exercicios anteriores e posteriores cando se considerou de interese.

Os traballos leváronse a cabo de conformidade cos principios fundamentais de fiscalización contidos nas ISSAI-ES 100, ISSAI-ES 400 e ISSAI-ES 4000.

I.3. ANÁLISE DO MARCO XURÍDICO APLICABLE

A regulación de dito ámbito obxectivo no marco xurídico vixente é a seguinte:

O artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), establece o marco básico das retribucións e indemnizacións dos membros das corporacións locais, diferenciando catro supostos:

a) Retribucións salariais cando desempeñen o cargo en réxime de dedicación exclusiva para o exercicio do cargo, coa correspondente alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pagamento das cotas empresariais que corresponda.

b) Retribucións salariais cando desempeñen o cargo en réxime de dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibíndose retribucións polo tempo de dedicación efectiva e coa conseguinte alta no Réxime Xeral da Seguridade Social procedente.

c) A posibilidade de percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno, en relación con aqueles integrantes que non teñan dedicación exclusiva nin parcial.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 120

d) Finalmente, o réxime de indemnizacións por gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo «(...) segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e nas que en desenvolvemento destas aprobe o Pleno corporativo».

Establecéndose no apartado 5 do dito artigo que:

5. As Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias a que se fai referencia nos catro números anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan, no seu caso. Deberán publicarse integramente no «Boletín Oficial da Provincia» e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros desta que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Completándose nos artigos 75 bis e 75 ter o réxime retributivo dos membros das corporacións locais e do persoal ao servizo destas, en relación coas referencias e límites a aplicar para dito réxime retributivo, e, por outro lado, as limitacións no número de cargos con dedicación exclusiva en función dos tramos poboacionais.

O marco xurídico complétase co disposto no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF) que dispón que, aos efectos do presente informe:

5. Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva, terán dereito a recibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que neste sentido aprobe o Pleno corporativo.

6. Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, na contía que sinale o Pleno desta. Con todo, todos poderán percibir esta clase de indemnizacións cando se trate de órganos reitores de Organismos dependentes da Corporación local que teñan personalidade xurídica independente, de Consellos de Administración de Empresas con capital ou control municipal ou de Tribunais de probas para selección de persoal.

En relación coas indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas, son as previstas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 120

I.3.1 RÉXIME DE INDEMNIZACIÓNS POR DESPRAZAMENTOS

De acordo co Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, son comisións de servizo con dereito a indemnización os labores especiais que circunstancialmente realicen o persoal comprendido no ámbito de aplicación do regulamento, que afecta nesta fiscalización conforme ao disposto no Anexo II do citado Real Decreto, aos Alcaldes-Presidentes encadrados, por asimilación, no grupo 1 de acordo coa clasificación do persoal e a dos funcionarios habilitados nacionais, grupo 2, do que deba desempeñar fóra do termo municipal onde radique a súa residencia oficial.

Cadro 1: Clasificación do persoal e contías das dietas en España

Grupos	Contías en euros			
	Por aloxamento	Por manutención	Dieta enteira	Por 50% manutención
Grupo 1	102,56	53,34	155,9	26,67
Grupo 2	65,97	37,40	103,37	18,70

a) Clases de indemnizacións (art. 9 Real Decreto 462/2002, do 24 de maio):

- Dieta é a cantidade que se devindica diariamente para satisfacer os gastos que orixina a estancia fóra da residencia oficial.

- Os gastos de viaxe é a cantidade que se abona pola utilización de calquera medio de transporte por razón de servizo.

b) Criterios para o pagamento e cálculo das indemnizacións por desprazamentos (Art. 12 Real Decreto 462/2002, do 24 de maio).

- Nas comisións cuxa duración sexa igual ou inferior a un día natural, en xeral non se percibirán indemnizacións por gastos de aloxamento nin de manutención salvo cando, tendo a comisión unha duración mínima de cinco horas, esta se inicie antes das catorce horas e finalice despois das dezaseis horas, suposto en que se percibirá o 50 por 100 do importe da dieta por manutención.

- Nas comisións cuxa duración sexa igual ou menor a vinte e catro horas, pero comprendan parte de dous días naturais, poderán percibirse indemnizacións por gastos de aloxamento correspondente a un só día e os gastos de manutención nas mesmas condicións fixadas no apartado 3 do citado artigo 12 para os días de saída e regreso.

- Nas comisións cuxa duración sexa superior a vinte e catro horas terase en conta:

a) No día de saída poderanse percibir gastos de aloxamento pero non gastos de manutención, salvo que a hora fixada para iniciar a comisión sexa anterior ás catorce horas, en que se percibirá o 100 por 100 dos devanditos gastos, porcentaxe que se reducirá ao 50 por 100 cando dita hora de saída sexa posterior ás catorce horas pero anterior ás vinte e dúas horas.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 120

b) No día de regreso non se poderán percibir gastos de aloxamento nin de manutención, salvo que a hora fixada para concluír a comisión sexa posterior ás catorce horas, nese caso percibirase, con carácter xeral, unicamente o 50 por 100 dos gastos de manutención.

c) Nos días intermedios entre os de saída e regreso percibiranse dietas ao 100 por 100.

Nos casos excepcionais, en que a hora de regreso da comisión de servizo sexa posterior ás vinte e dúas horas, e por iso obrigue a realizar a cea fóra da residencia habitual, farase constar na Orde de comisión, abonándose adicionalmente o importe, nun 50 por 100, da correspondente dieta de manutención, previa xustificación con factura ou recibo do correspondente establecemento.

- Toda comisión de servizo dará dereito a viaxar por conta da Administración desde o lugar de inicio ata o destino e o seu regreso, no medio de transporte que se determine ao autorizar a comisión, no caso de uso de vehículo particular en comisión de servizo, o importe por quilometro recorrido queda fixado en 0,19 euros.

Ademais a Orde do 8 de novembro de 1994 sobre xustificación e anticipos das indemnizacións por razón do servizo no seu artigo 2.2.1 establece os seguintes requisitos obrigatorios para a súa xustificación:

a) Orde da comisión de servizo ou copia desta, asinada polas autoridades ca propoñen e autorizan.

b) Declaración do itinerario seguido e da permanencia nos diferentes puntos con indicación precisa dos días e horas de saída e chegada.

c) Conta xustificativa detallada asinada pola persoa interesada, acompañada de todos os xustificantes orixinais e reflectíndose na mesma as cantidades que correspondan por aloxamento, por manutención e por gastos de locomoción separadamente.

d) Certificación do titular do órgano que propuxo a orde de comisión de terse realizado.

I.3.2. INDEMNIZACIÓNS POR GASTOS EFECTIVOS

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece no artigo 75.4, que as persoas que formen parte das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio de seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento destas aprobe o Pleno da Corporación.

Ademais, de acordo co artigo 75.5 da citada norma deberán ser obxecto de publicidade no *Boletín Oficial da Provincia* e fixarse no taboleiro de anuncios os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial, o réxime de dedicación destes últimos, as indemnizacións e asistencias, así como os acordos da Alcaldía-Presidencia da Corporación determinando os integrantes desta que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 120

O artigo 13, nos apartados quinto e sexto, do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) concretan dito marco xurídico no seguinte sentido:

5. Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva, terán dereito a recibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que neste sentido aproba o Pleno corporativo.

6. Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, na contía que sinale o Pleno da mesma. Con todo, todos poderán percibir esta clase de indemnizacións cando se trate de órganos reitores de Organismos dependentes da Corporación local que teñan personalidade xurídica independente, de Consellos de Administración de Empresas con capital ou control municipal ou de Tribunais de probas para selección de persoal.

As indemnizacións atenden ás circunstancias de tempo ou lugar en que se desenvolve o traballo. A percepción de indemnizacións por gastos efectivamente realizados resulta compatible coas retribucións e asistencias de calquera dos tres réximes de dedicación dos cargos electos: a tempo completo, parcial e asistencias a órganos colexiados. Dando por certo que a aprobación corresponde ao Pleno da Corporación, as cuestións que xorden normalmente en relación coas indemnizacións do art. 75 da LRBRL son:

1. Definición do concepto de «gastos efectivos» aos que se refire o art. 75 LRBRL e se cabe considerar dentro deste concepto o lucro cesante (ganancias deixadas de percibir).

2. Implicacións xurídicas da remisión ás normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas.

3. Posibilidade de establecemento doutras indemnizacións á marxe do réxime xeral de aplicación das Administracións Públicas en virtude das normas que aprobe o Pleno.

Conforme á doutrina do TS, xa citada, a marxe de discrecionalidade na aplicación das indemnizacións debe ser reducido polo propio concepto a que atende: o resarcimento de gastos realizados no desenvolvemento do cargo.

Estes gastos prodúcense normalmente fóra do lugar onde habitualmente se desempeñan as súas funcións e na súa maioría son os derivados de manutención, transporte e aloxamento, que adoitan ocasionarse cando o cargo electo por razón do desenvolvemento das súas funcións debe realizar un desprazamento.

O reenvío que fai o lexislador ás normas de xeral aplicación, debe entenderse con carácter xeral ao Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. Malia que no

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 120

ámbito de aplicación do mencionado texto legal non se atopan expresamente citados os membros das Corporacións Locais, a súa aplicación deriva da mesma remisión que fai o lexislador estatal, que ten o carácter de básico.

Nunha primeira etapa, a xurisprudencia realizou unha interpretación ampla do concepto «indemnización». Así, as SSTS de 3 e 10 de xullo, 18 de xaneiro e 13 de decembro de 2000 e 6 de febreiro de 2001 consideran como indemnizacións, ademais das que derivan dos gastos realizados no exercicio do cargo sempre que se xustifique documentalmente (art. 13 do Real Decreto 2568/1986), aquelas que veñen compensar «unha ganancia deixada de obter como consecuencia do traballo ou dedicación que impida a obtención doutro ingreso durante o tempo que tal traballo ou dedicación ao cargo sexa esixido, como, en fin, pola "perda" ou dedicación dun tempo a unha actividade cando se podía dedicar a outra actividade particular».

Con esta interpretación deixábase aberta a posibilidade de establecer indemnizacións periódicas que resarcisen gastos considerados globalmente. Pero estes pronunciamentos son anteriores á reforma do art. 75 da LRBRL introducidas pola Lei 11/1999, do 29 de decembro, que prevé as dedicacións parciais e estableceu o reenvío do establecemento de indemnizacións ás normas de aplicación xeral nas administracións públicas e nas que non se habilita a posibilidade que no concepto de indemnización se puidese incluír o lucro cesante con criterios xenéricos de avaliación.

Porén, posteriores resolucións xudiciais, por exemplo, como a do Tribunal Administrativo de Navarra, Sección 3.ª, do 14 de outubro de 2011, sinalou que establecer unha cantidade fixa mensual como indemnización, «en concepto de compensación por indemnización de gastos ocasionados no exercicio do seu cargo», e conectala ás funcións desempeñadas por un membro da entidade local non se axusta ao regulado no art. 75 da LRBRL. Nesta mesma liña interpretativa as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña núm. 173/2006, e a do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León núm. 358/2005, do 11 de marzo.

A interpretación máis común por tanto e a deste Consello é que o reenvío que efectúa o art. 75.4 coa expresión, «normas de aplicación xeral nas administracións públicas», o é á casuística e conceptos deste Real Decreto e que as normas de desenvolvemento que pode ditar o Pleno limítanse a aspectos como a inclusión dos grupos de clasificación contemplados no seu anexo I.

Así cabe, por exemplo, a regulación de se o cargo será resarcido baixo o réxime que contempla de dietas de manutención e aloxamento ou pola totalidade dos gastos efectivamente realizados -réxime de resarcimento, en contraposición ao réxime de indemnización regulado con carácter xeral-, sinalando os límites correspondentes e sempre previa xustificación documental, os supostos nos que procede a autorización de uso de vehículo particular, etc.

Cabería flexibilizar a fixación das contías das indemnizacións, pero o desvío das táboas e criterios establecidos debe motivarse suficientemente en base a circunstancias específicas, con criterios de

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 120

razonabilidade e onde se acredite o carácter proporcionado, reparador e limitativo das cantidades a percibir.

Tendo en conta ademais que a disposición adicional primeira sinala que o dito Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, ten carácter supletorio para todo o persoal non incluído no seu ámbito de aplicación. En calquera caso, as indemnizacións deben concederse pola entidade local unha vez que se produciron eses gastos de maneira efectiva ou excepcionalmente por anticipo cando conste que se van a producir. E en todo caso esixen que o interesado os acredite documentalmente.

I.3.3. GASTOS REPRESENTATIVOS OU PROTOCOLARIOS

A Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, no concepto 226 «Gastos diversos», contempla o subconcepto de «Atencións protocolarias e representativas», pero non establece os gastos que deben imputarse a este concepto.

De acordo coa Resolución do 20 de xaneiro de 2014, da Dirección Xeral de Orzamentos da Administración Xeral do Estado pola que se establecen os códigos que definen a clasificación económica, a este subconcepto imputaranse: «(...) os gastos que se produzan como consecuencia dos actos de protocolo e representación que as autoridades do Estado e os seus organismos autónomos teñan necesidade de realizar no desempeño das súas funcións, tanto en territorio nacional como no estranxeiro, sempre que estes gastos redunden en beneficio ou utilidade da administración e para os que non existan créditos específicos noutros conceptos».

En relación con dito marco xurídico, non existe unha regulación con carácter xeral relativa á forma de xustificación dos citados gastos.

O Tribunal de Cuentas, entre outras na sentenzas 6/2015, de 11 de novembro e 7/2021 da Sala de Xustiza, do 23 de xullo sinala que «(...) malia que tradicionalmente se ven admitindo unha determinada flexibilización á hora de xustificar os gastos protocolarios ou de representación, este órgano ven considerando, para a súa admisión, que é necesario que exista unha finalidade pública e non un fin privado. E que esa funcionalidade quede expresa dalgunha maneira, por pouco formalizada que fora, no proceso de xustificación do gasto. É por iso que, aínda co maior grao de flexibilidade posible, deben constar, cando menos, os motivos das ditas saídas de fondos e a identidade e a función que dalgunha maneira desempeñaron».

A Intervención Xeral da Administración do Estado -IGAE-, estableceu inicialmente o seu criterio respecto da xustificación dos gastos de representación, mediante a Circular 3/1966, do 8 de febreiro. Posteriormente o Informe do 21 de marzo de 1983 estableceu de forma máis concreta os requisitos da xustificación destes gastos, e finalmente no Informe do 12 de abril de 2004 indica que deben achegarse, ademais das facturas ou outros documentos acreditativos da realidade do

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 120

gasto, unha memoria explicativa ou certificado do órgano xestor, que describa co suficiente grao de detalle o acto do que deriva o gasto, os motivos da súa realización e a identificación explícita dos participantes nestes, para poder comprobar a necesidade dos gastos e a súa vinculación cos fins establecidos respecto do subconcepto orzamentario, así como que o gasto realizado redunda en beneficio da colectividade. A xustificación, en todo caso, deberá ter o detalle suficiente de modo que permita verificar, non só a realidade do gasto, senón tamén o cumprimento da finalidade á que están destinados.

Á vista da documentación requirida e da amplitude dos conceptos que poderían ter amparo, xa non só na regulación aplicable á Administración Local, senón mesmo na regulación prevista para a Administración Xeral do Estado, estímase que precisamente é este elemento basilar -a xustificación da necesidade-, o que debe quedar solidamente fundamentado no expediente.

A estes efectos de xustificación e rendición de contas, resulta clave a publicación da Axenda dos responsables públicos locais, coa información acerca da actividade pública diaria dos responsables públicos -sempre que teña transcendencia pública e con exclusión, por tanto, daquela estritamente relacionada co funcionamento interno ou cotián dos correspondentes organismos-.

A dita información para a transparencia activa debe ser publicada coa maior extensión posible e sen prexuízo da aplicación dos límites establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a *Recomendación 1/2017, sobre información das Axendas dos responsables públicos* do Consello de Transparencia e Bo Goberno.

En todo caso, e aos efectos do control dos gastos representativos ou protocolarios a dita Axenda debera incluír as visitas oficiais realizadas ou recibidas no exercicio do cargo, os actos institucionais, recepcións, comidas oficiais e actos sociais aos que se asista ou organice no exercicio do cargo, viaxes e desprazamentos oficiais, entre outros. Ser obxecto de publicación no Portal de Transparencia da entidade con carácter semanal e en situación de dispoñible durante todo o mandato corporativo nun formato reutilizable, prevendo os mecanismos axeitados para facilitar a accesibilidade, a interoperabilidade, a calidade e a reutilización da información publicada, así como a súa identificación e localización. Así mesmo, o seu formato resultará accesible e comprensible, conforme ao principio de accesibilidade universal e deseño para todos.

I.3.4. ASISTENCIAS POLA CONCORRENCIA EFECTIVA ÁS SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS

No artigo 20 da LRBRL establecese que:

1. A organización municipal responde ás seguintes regras:

a) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno existen en todos os concellos.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 120

b) A Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu concello.

c) Nos municipios de máis de 5.000 habitantes, e nos de menos en que así o dispoña o seu regulamento orgánico ou o acorde o Pleno, existirán, se a súa lexislación autonómica non prevé neste ámbito outra forma organizativa, órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno.

Todos os grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar nos devanditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos en proporción ao número de Concelleiros que teñan no Pleno.

O Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais sinala unha lista de posibles (*numerus apertus*) órganos complementarios nos concellos, tales como:

- Os Concelleiros Delegados.
- As Comisións Informativas.
- Os Consellos Sectoriais.
- Os órganos desconcentrados e descentralizados para a xestión de servizos.
- Os representantes persoais do alcalde en poboados e barriadas.
- As Xuntas Municipais de Distrito.

En todo caso, os distintos órganos colexiados que integran as corporacións locais deben axustar o seu funcionamento ao réxime de sesións concreto regulado no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais.

A sesión é o acto formal e solemne, revestido dos requisitos legais e pertinentes, que celebran os órganos colexiados da Administración local e que ten por obxecto debater e aprobar os acordos que impulsan a actividade local. Sempre debe figurar un funcionario/a público que actúa como Secretario/a do órgano colexiado, tal e como se dispón no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, ao definir a función pública de secretaría, que integra a fe pública en relación coas sesións que celebren o Pleno, a Xunta de Goberno e calquera outro órgano colexiado da Corporación no que se adopten acordos que a vinculen.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 120

Pola súa banda, o artigo 59 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) establece respecto aos órganos complementarios que:

(...) d) Poderán complementar a organización municipal os Alcaldes de barrio, as comisións de estudo, informe ou consulta, os órganos de xestión desconcentrada e de participación cidadá e calquera outro órgano establecido polo Concello e regulado polo seu regulamento orgánico.

3. A creación dos órganos complementarios responderá os principios de eficacia, economía organizativa e participación cidadá e esixirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Determinación da súa forma de integración na organización municipal e da súa dependencia.

b) Delimitación das súas funcións e competencias.

c) Dotación dos créditos precisos para a súa posta en marcha e funcionamento.

4. Non poderán crearse novos órganos que supoñan duplicación doutros xa existentes se ao mesmo tempo non se suprime ou restrinxe debidamente a competencia destes.

A percepción de conceptos económicos por asistencia a órganos colexiados está regulada no artigo 75.3 da LRBRL limitándoas a «(…) asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións de órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno desta».

Concretándose os supostos de feito que orixinan o dereito á percepción das dietas no apartado 6 do artigo 13 do ROF, incluíndo os órganos reitores de organismos dependentes da corporación local que teñan personalidade xurídica independente, de consellos de administración de empresas con capital ou control municipal ou de Tribunais de probas para selección de persoal. Previsión esta última que se debe entender derrogada ao abeiro do disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que establece a prohibición expresa de participación nos órganos de selección de empregados públicos do persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

As asistencias, no concepto que se deduce do art. 75.3 LRBRL, son aquelas percepcións económicas que corresponden aos membros das Corporacións Locais que exercen o seu cargo sempre que non teña asignada dedicación exclusiva nin parcial pola concorrencia efectiva aos órganos colexiados de que forman parte. A competencia para establecelas corresponde ao Pleno e require de expediente en que se acredite a consignación orzamentaria e deben publicarse integramente os acordos no BOP e no taboleiro de anuncios da Corporación. Os órganos colexiados a que fai referencia o art. 75 da LRBRL son: o Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas (ordinarias e especiais), Comisión Especial de Contas, Consellos Sectoriais, Xuntas de Distrito, mesas de contratación, etc.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 120

Non teñen a consideración de órganos colexiados, as comisións informais, reunións na alcaldía, etc. A STS do 28 de abril de 2006, determinou que o Consello de Administración dunha Sociedade Municipal non era un órgano da Corporación aos efectos das limitacións previstas no artigo 75.3 da LRBRL.

O fin das asistencias non é compensar prexuízos obxectivos, senón compensar a realización mesma das funcións que o traballo encomendado integra. É requisito para a súa percepción a asistencia efectiva á comisión do órgano colexiado da Corporación. Non poden establecerse cantidades fixas e periódicas á marxe de que se verifique a sesión do órgano colexiado e se asista realmente ou non. Respecto á asistencia efectiva parcial das sesións, é cuestión que debe regularse no Regulamento Orgánico correspondente ou nas Bases de Execución do Orzamento.

A percepción de asistencias en órgano distinto da propia Corporación é compatible coa dedicación exclusiva e parcial noutra. Os importes da dedicación exclusiva noutra entidade non poden sumarse ás asistencias a efectos dos límites sinalados no artigo 75 bis da LRBRL. Criterio este que se basea tanto nas distintas responsabilidades que existen ao ser administracións diferenciadas, como no feito de que a lei non establece para estae suposto limitación expresa. Están conceptuadas a efectos fiscais como rendementos do traballo e por tanto suxeita ao Imposto da Renda das Persoas físicas e á obrigación de retención a conta de acordo co disposto nos arts. 17 e 99 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das Leis de impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

Límites das Asistencias

No marco xurídico citado non se prevén máis límites que o non poder superar globalmente os establecidos no art. 75.bis da LRBRL, debendo ter presente que a súa fixación unitaria de forma desproporcionada e non xustificada atendendo a circunstancias específicas, especialmente tendo en conta o marco comparado doutras entidades de análoga natureza, poden encubrir unha retribución e ser constitutivas de fraude de lei.

O Tribunal Supremo en sentenza do 3 de xullo de 2007 ditada en recurso de casación en interese de lei, sinalou que «as asistencias a órganos colexiados difiren na súa natureza das indemnizacións por razón do servizo. Mentres estas atenden ás circunstancias de tempo ou lugar en que se desenvolve o traballo (viaxes, traslado de domicilio, aloxamento, comida) e, polo tanto, buscan compensar economicamente os prexuízos, fundamentalmente económicos, que tales circunstancias implican; as asistencias atenden, non ás circunstancias obxectivas do traballo encomendado, senón a este en si mesmo, é dicir ás funcións ou tarefas que conleva, e, por iso, o seu fin non é compensar prexuízos obxectivos ocasionados polos feitos ou condicións que circundan o desempeño do traballo, senón compensar a realización mesma das funcións que o traballo encomendado integra».

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 120

En consecuencia, «as normas legais sobre indemnizacións por asistencias a órganos colexiados teñen unha función orientadora e limitadora pero a natureza da institución, e ao contrario que nas indemnizacións, esixe dunha certa marxe de discrecionalidade administrativa na súa fixación».

I.4. LIMITACIÓNS AO ALCANCE

Os Concellos de Vilasantar, Catoira, Trazo e Valga prestaron a colaboración necesaria para a realización dos traballos de campo, achegando a documentación que se estimou necesaria para a realización desta fiscalización, agás:

- Concello de Trazo, non respondeu ao derradeiro requirimento no que respecta a: xustificantes de facturas de data ilexible e outros, apuntes do diario sen xustificación, xustificación de pagos do maior 226.01, decretos de delegación de funcións do alcalde a partires do 6 de maio de 2018 e 17 actas dos órganos colexiados correspondendo aos 6 exercicios, no marco desta fiscalización.

- Concello de Valga, non respondeu ao derradeiro requirimento no que respecta a xustificantes de gastos non incluídos dos funcionarios con habilitación de carácter nacional en acumulación de funcións.

II. CONCLUSIÓNS

II.1 RESPONSABILIDADE DOS CONCELLOS OBXECTO DE FISCALIZACIÓN

Os diferentes órganos municipais deben garantir que as actividades, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resultan conformes coas normas aplicables. Así mesmo son responsables do sistema de control interno que consideren necesario para garantir que a actividade revisada –as indemnizacións por razón de servizo e, no seu caso, os gastos protocolarios e representativos e outros gastos-, estean libre de incumprimentos legais e de incorreccións materiais debidas a fraude ou erro.

II.2 RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS

A responsabilidade do Consello de Contas de Galicia é a de expresar unha conclusión de auditoría de cumprimento da legalidade, por parte das entidades incluídas no ámbito subxectivo deste informe, sobre as obrigas derivadas da normativa aplicable en materia de percepcións económicas non salariais e indemnizacións de gastos efectivos en entidades locais, así como o respecto aos principios contables e orzamentarios.

Para alcanzar os obxectivos establecidos para este informe realizouse unha análise da documentación remitida pola entidade fiscalizada a través da Plataforma de rendición de contas, así como sobre a información e documentación solicitada polo Consello de Contas no desenvolvemento da presente fiscalización, de conformidade cos Principios fundamentais de

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 120

fiscalización das Institucións Públicas de Control Externo. Esta normativa esixe o cumprimento dos requirimentos de ética así como a planificación e execución da auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que as actividades revisadas, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resulten, en todos os aspectos significativos, conformes coa normativa aplicable.

II.3 CONCLUSIÓNS

II.3.1 FUNDAMENTO DA OPINIÓN DO CUMPRIMENTO

Os Concellos de Vilasantar, Catoira, Trazo e Valga prestaron a colaboración necesaria para a realización dos traballos, atendendo en forma e prazo, aos requirimentos realizados no marco desta fiscalización horizontal, coas limitacións de alcance expostas en relación cos Concellos de Trazo e Valga.

II.3.2 CONCLUSIÓNS

A continuación recóllense as conclusións de aplicación xeral a todas as entidades do ámbito subxectivo deste informe:

1. Verifícase a non adecuación da normativa interna das entidades obxecto de fiscalización ao marco xurídico previsto no artigo 75 da LRBRL, o artigo 13.6 do ROF e o Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, en relación coas percepcións económicas non salariais e as indemnizacións por gastos efectivos, tanto en relación coa súa determinación, como a xustificación, de forma que, en ningún caso, se podan considerar como unha retribución encuberta, máis alá do marco de asistencias e indemnizacións permitido pola normativa de aplicación.

2. Verifícase a debilidade do control interno na súa modalidade de fiscalización previa en relación coas esixencias vinculadas á xustificación de ditos conceptos económicos das percepcións económicas non salariais e as indemnizacións de gastos efectivos. Así mesmo, constátanse debilidades na adecuada contabilización de ditos gastos.

3. A non existencia de códigos éticos e de condutas que definan a política de ética institucional, como unha mostra de autorregulación, e de definición dos valores, principios éticos e estándares de conduta que deben inspirar a actuación dos membros da Corporación e dos empregados públicos no exercicio das súas responsabilidades, que vaian máis alá das obrigas legais ou normativas, constitúe un risco de xestión en relación coas percepcións económicas obxecto de fiscalización e a indemnización de gastos efectivos, nomeadamente as vinculadas coa regulación dos gastos protocolarios e representativos.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 120

En cada apartado específico do informe contense a opinión sobre o cumprimento de legalidade en relación co ámbito obxectivo e subxectivo de análise, respectivamente, a aplicación do marco xurídico vixente das indemnización por razón de servizo, dietas e gastos de locomoción, gastos protocolarios e representativos e asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións de órganos colexiados nos Concellos de Vilasantar, Catoira, Trazo e Valga, respecto dos cales se recibiu a correspondente comunicación previa conforme ao Protocolo vixente no Consello de Contas de Galicia.

II.3.3. RECOMENDACIÓNS DE MELLORA

En cada apartado do informe contéñense as recomendacións de mellora específicas en relación co ámbito obxectivo e subxectivo da análise. En todo caso, cabe formular dúas recomendacións de mellora aplicables ao conxunto de entidades analizadas:

1. Reforzamento do control interno en relación coas percepcións económicas non salariais e indemnizacións de gastos efectivos. En primeiro lugar, desde o punto de vista de acreditar o cumprimento das operacións, así como a súa xustificación, e no caso de que o criterio seguido pola entidade non sexa conforme co marco xurídico aplicable, poñelo de manifesto por medio do correspondente reparo da intervención conforme ás obrigas previstas no artigo 5 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local. E, en segundo lugar, cumprir coa obriga de remisión da información conforme á Resolución do 10 de marzo de 2020, que ordena a publicación do Acordo do 6 de marzo de 2020 do Pleno do Consello de Contas, polo que se aproba a Instrución relativa á remisión de información do exercicio do control interno das entidades locais de Galicia.

Consonte á citada instrución, no seu apartado terceiro, cando o órgano de intervención aprecie que os feitos acreditados ou comprobados puidesen ser constitutivos de responsabilidade contable, comunicarao ao Tribunal de Contas a través da Plataforma de Rendición de Contas das Entidades Locais tan pronto se teña coñecemento destes, achegando, en formato PDF, a documentación acreditativa dos feitos comunicados.

2. No marco do compromiso coa integridade pública e o bo goberno, recoméndase a aprobación dun código ético ou de conduta que defina a política de ética institucional, cunha individualización das condutas dos altos cargos, que inclúa os valores fundamentais da institución e mecanismos de garantía para o seu cumprimento, como a creación dunha canle para alertar de incumprimentos e a regulación das súas consecuencias.

Así mesmo, recoméndase a publicación da Axenda dos responsables locais conforme ao disposto na *Recomendación 1/2017, sobre información das axendas dos responsables públicos* do Consello de Transparencia e Bo Goberno.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 120

3. A oportunidade de aprobación dun Plan de Acción de medidas correctoras, que contemple de forma expresa as medidas a adoptar pola entidade local, en relación cos incumprimentos e constatacións efectuadas na presente fiscalización, con expresa asignación de responsabilidades de execución e prazos para a súa efectividade, avaliación e seguimento. O dito Plan debera formar parte da información publicada no Portal de Transparencia da entidade, así como o seu seguimento.

III. RÉXIME DE INDEMNIZACIÓNS POR DESPRAZAMENTOS

III.1 XUSTIFICACIÓN DA FISCALIZACIÓN

A fiscalización é consecuencia da decisión pola que o Pleno do Consello de Contas considera a conveniencia de examinar os feitos comunicados a través do rexistro do Consello de Contas do 3 de decembro de 2019, polo que se informaba da falta da correcta xustificación das dietas e os gastos de locomoción entre novembro de 2017 e xaneiro de 2019 no Concello de Vilasantar.

O Pleno do Consello de Contas o 15 de xaneiro de 2020 acordou a inclusión da fiscalización dos gastos de indemnización por razón de servizo incorridos polo Alcaldía-Presidencia do Concello de Vilasantar nun futuro plan anual de traballo, materializado no correspondente ao exercicio 2021 aprobado por acordo do Pleno do 22 de decembro de 2020, no que se indica «que as irregularidades denunciadas presentan caracteres de contravir o ordenamento xurídico por ser presuntamente desconformes coa normativa orzamentaria; resultando verosímil a existencia dalgunha irregularidade nos feitos denunciados», o que xustifica abordar, no ámbito das competencias do Consello de Contas, unha actuación dirixida a verificar se no Concello de Vilasantar se ten producido unha deficiente xestión e acreditación no procedemento de abono de dietas e gastos de desprazamentos, tanto respecto da realidade dos gastos como da súa adecuada xustificación.

III.2 CONCLUSIÓNS EN RELACIÓN COA COMUNICACIÓN RELATIVA Á XESTIÓN DAS INDEMNIZACIÓNS POR DESPRAZAMENTOS NO CONCELLO DE VILASANTAR

1. O importe dos gastos incorridos pola Alcaldía-Presidencia obxecto da comunicación presentada no período 2017-2019, ascenderon a 7.743,25 euros, dos que 5.954,50 euros corresponden a gastos de locomoción, é dicir, o 76,90% do total, 1.344,20 euros -o 17,36 %- a gastos de manutención e 447,45 euros -o 5,78%- a outros gastos non incluídos no obxecto da fiscalización.

A entidade contabiliza erroneamente os gastos de locomoción no concepto «230.Dietas», cando estes deberían figurar no «concepto 231. Gastos de desprazamento e locomoción».

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 120

2. Respecto dos gastos de locomoción, non se cumpre a normativa respecto á xustificación das indemnizacións por razón de servizo, recollida na Orde do 8 de novembro de 1994 sobre xustificación e anticipos de indemnizacións por razón de servizo, por non se achegar ao expediente nin orde de comisión, nin declaración do itinerario, nin certificación do órgano propoñente da comisión. A declaración de gastos presentada pola Alcaldía-Presidencia relaciona, de forma xenérica e non detallada, a maioría dos desprazamentos.

3. Os gastos por manutención que inclúe a persoa titular da Alcaldía-Presidencia nas súas declaracións de dietas non obedecen a tal concepto, xa que corresponden a facturas e xustificantes de servizos de restauración de máis dun comensal, que a entidade contabiliza no concepto 226.99 como «gastos diversos».

4. Tampouco se poden considerar correctamente xustificados os ditos gastos coa mera presentación de xustificantes, facturas ou documento mercantil equivalente, sen que exista determinación da necesidade do gasto, a identificación dos comensais e se redundan en beneficio ou utilidade da Administración.

5. Debilidade manifesta do control interno. Durante o período analizado o órgano interventor non emite reparos en relación con ditas percepcións económicas, e no exercicio 2019 non se cumpre a obriga de remisión da información, ao Consello de Contas, do exercicio do control interno. Ademais, constátase que a data de rexistro contable é posterior ás fases económicas do gasto que representan.

6. No Pleno do Concello do 26 de xuño de 2019 acórdase unha suba da retribución da Alcaldía-Presidencia, dentro do límite establecido pola normativa para a poboación do Concello, de acordo co Real Decreto-lei 24/2018, do 21 de decembro, e unha supresión das dietas por desprazamentos e gastos de manutención liquidados con periodicidade mensual, o que conleva unha errónea interpretación do marco de asistencias e indemnizacións permitido polo artigo 75 da LRBRL e a súa consideración como unha retribución encuberta.

III.3 RECOMENDACIÓNS ESPECÍFICAS AO CONCELLO DE VILASANTAR

1. A entidade debe recoller a correcta xustificación das operacións contables realizadas de acordo coa súa natureza, conforme ao marco xurídico aplicable previsto no apartado I.3.

2. A contabilidade da entidade debe rexistrar previamente as operacións de gastos que se derivan da súa execución, co obxecto de evitar que a data de rexistro contable sexa posterior ás fases económicas do gasto que representan, salvo que se traten de anticipos.

3. O control interno do Concello debe acreditar o cumprimento das operacións, así como a súa xustificación, e no caso de que o criterio seguido pola entidade non sexa conforme co marco xurídico aplicable, poñelo de manifesto por medio do correspondente reparo da intervención

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 120

conforme ás obrigas previstas no artigo 5 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, e as súas obrigas de remisión de información de control interno ao Consello de Contas.

O dito reparo debera incluír mención expresa ás autoridades e ao persoal ao servizo das entidades das consecuencias e responsabilidades que derivan das devanditas actuacións, conforme ao disposto nos artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

4. Así mesmo resulta obrigatoria a remisión da información relativa ao exercicio do control interno ao Consello de Contas de Galicia (https://www.ccontasgalicia.es/gl/content/rendicion-do-sector-local-v2), conforme ao disposto na Resolución do 10 de marzo de 2020, anteriormente citada, a través da plataforma de rendición de contas das entidades locais e con anterioridade á data límite: 2 de maio.

E iso, en virtude do deber de colaboración previsto no artigo 23 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, de conformidade co disposto no artigo 223.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que impón a obriga de remisión da información que se sinala nos artigos 5.2, 12.5, 15.7 e disposición adicional quinta do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, así como a información xeral sobre a estrutura do órgano de intervención, da actividade que desenvolve e os resultados obtidos.

III.4 RESULTADOS DOS TRABALLOS DERIVADOS DA FISCALIZACIÓN

III.4.1. CONTIDO DA COMUNICACIÓN

A comunicación sinala que a Alcaldía-Presidencia do Concello de Vilasantar entre novembro de 2017 e xaneiro de 2019 presentou uns gastos de locomoción e dietas por importe de 3.634,78 euros non xustificados adecuadamente, xa que os gastos de locomoción se acreditan, en xeral, como gastos de xestión ou engadindo un destino e, no caso das dietas por manutención, preséntanse xustificantes de restauración sen que se indique o motivo, nin os convidados, polo que non permite valorar a procedencia do seu pago con fondos públicos. En consecuencia, ante as deficiencias observadas na xustificación dos gastos de locomoción e dietas a persoa que efectúa a comunicación solicita o reintegro das cantidades abonadas polo Concello de Vilasantar ao Alcalde-Presidente.

III.4.2. CUANTIFICACIÓN

De acordo coas declaracións de dietas analizadas, os importes percibidos no período obxecto de fiscalización (xaneiro de 2017 ata decembro de 2019), figuran no cadro 2, ascenden a 7.743,25

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 120

euros, dos que 2.013,23 euros figuran como dietas e outros gastos e 5.730,02 euros corresponden a locomoción. No cadro 3 recóllese a distribución do gasto de acordo coa súa natureza real.

Cadro 2: Importes percibidos polo alcalde de Vilasantar nos exercicios 2017-2019

Exercicio	Dietas e outros gastos	Locomoción	Total
2017	810,13	2.350,68	3.160,81
2018	954,7	2.359,04	3.313,74
2019	248,4	1.020,30	1.268,70
TOTAL	**2.013,23**	**5.730,02**	**7.743,25**

Respecto destes gastos hai que efectuar as seguintes apreciacións:

Na declaración faise constar como dietas cantidades que non se corresponden con tal concepto, dado que, no exame da documentación xustificativa, comprobouse que obedecen a servizos de restauración de máis dun comensal. De feito, estes importes impútanse no subconcepto 226.99 da vixente estrutura orzamentaria das entidades locais (Orde EHA/3565/2008).

III.4.3. REGULACIÓN INTERNA DO CONCELLO DE VILASANTAR EN MATERIA DE INDEMNIZACIÓNS

Respecto da normativa interna en materia de indemnizacións hai que remitirse ás Bases de Execución do Orzamento. De acordo coa información solicitada e recibida, correspondentes ao período 2016-2020 verifícase que:

Os gastos de locomoción, cando se trata de utilización de vehículo propio, abóanse a razón de 19 céntimos o quilómetro excepto no ano 2019, onde se acordou unha indemnización de 21 céntimos por quilometro percorrido.

Establécese a cantidade de 53,34 euros para o abono de dietas, se resulta preciso pasar a noite no lugar de destino e da metade, se non é o caso.

O importe indemnizable por cada asistencia cuantifícase en 50 euros nos anos 2016 a 2018 e en 70 euros no ano 2019.

A persoa titular da Alcaldía-Presidencia exerce as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, de acordo co seu nomeamento como Alcalde-Presidente no ano 2015, percibindo unha remuneración bruta anual de 28.812 euros.

No Pleno do Concello do 26 de xuño de 2019, acórdase que o titular da Alcaldía-Presidencia da Corporación realice as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, correspondéndolle unha retribución bruta anual de 36.500,00 euros en catorce pagas, (antes do citado acordo as retribucións anuais brutas ascendían a 30.275,70 euros) e deixando de percibir as indemnizacións por desprazamentos e gastos de restauración que se viñan tramitando con periodicidade mensual. Respecto deste acordo cabe sinalar que:

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 120

- A nova retribución da Alcaldía-Presidencia non supera o límite máximo legal establecido no Real Decreto-Lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público (para os concellos de entre 1.000 e 5.000 habitantes, caso do Concello de Vilasantar, é de 42.452,24 euros).

- As indemnizacións por razón do servizo son cantidades ás que teñen dereito as persoas integrantes da Corporación, con independencia do importe das súas retribucións salariais e de se desempeñan o seu cargo con dedicación exclusiva ou parcial, sempre que estes gastos sexan efectivos e polo exercicio do seu cargo, polo que resulta impropio a vinculación do incremento de salario coa renuncia a percibir indemnizacións por razón do servizo, tal e como se expón no Acordo Plenario de data 26 de xuño de 2019 (Acta nº209/8) no que se dispón de forma expresa:

«(...) A continuación o Sr. Alcalde realiza a seguinte proposta:

- Pola alcaldía proponse determinar que o cargo de Alcalde realice as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, a pagar en catorce pagas, que representa unha paga líquida de 1.957,00 euros/mes. A corporación farase cargo das cotas empresariais á seguridade social que correspondan.

(...)

Agora propoño que o alcalde pase a cobrar as cantidades que se din, e deixaría de cobrar as dietas por desprazamentos e comidas que vén pasando cada mes».

III.4.4. XUSTIFICACIÓN E CONTABILIDADE

Da documentación xustificativa do expediente relativo ao pago de indemnizacións correspondente ás cantidades percibidas pola Alcaldía-Presidencia obtívose a seguinte información:

- Decreto polo que se aproba o gasto no que só figura o importe mensual das dietas aboadas á persoa titular da Alcaldía. Neste decreto non se fai diferenciación entre o tipo de indemnización.

- Declaración da Alcaldía-Presidencia, en xeral, mensual con indicación do día que da lugar á percepción de dietas, gastos de locomoción e outros gastos (peaxes ou aparcadoiros) consignando o importe gastado no primeiro caso e a quilometraxe percorrida, no segundo. Na maioría dos casos o concepto do desprazamento é «concello xestión» polo que é imposible comprobar se a quilometraxe que se liquida é correcta. Por outra banda, pode verse que hai meses en que se liquidan estes gastos practicamente todos os días laborables. A xustificación da entidade local en relación cos citados gastos basease en que corresponden ao quilometraxe que ten que realizar dentro do Concello para o exercicio do cargo, tales como visita a obras.

- Xustificantes de servizos de restauración, peaxes e aparcadoiros. No que respecta ás dietas de manutención de acordo co disposto nas Bases de execución orzamentaria non é preciso achegar

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 a 120

factura, porén o alcalde non se liquida a parte correspondente da dieta que figura na base 14ª (26,67 euros), senón que fai constar o gasto efectivo.

- Examinados estes xustificantes compróbase que as facturas ou, no seu caso, os xustificantes de servizos de restauración que presenta a Alcaldía-Presidencia, non se corresponden con indemnizacións por razón do servizo, dado que son comidas de varios comensais, de feito estes importes contabilízanse no subconcepto 226.99 correspondente a «gastos diversos».

Da documentación xustificativa presentada polo Concello de Vilasantar pódese extraer o seguinte resume:

Cadro 3: Importes percibidos pola Alcaldía-Presidencia do Concello de Vilasantar nos exercicios 2017-2019 de acordo coa súa natureza

Exercicio	Gastos por quilometraxe	Autoestradas, aparcadoiros e outros	Total locomoción	Comidas	Outros	Total
2017	2.350,68	94,73	2.445,41	585,50	130,00	3.160,91
2018	2.359,04	80,35	2.439,39	567,50	309,65	3.316,54
2019	1.020,30	49,40	1.069,70	191,20	7,80	1.268,70
TOTAL	**5.730,02**	**224,48**	**5.954,50**	**1.344,20**	**447,45**	**7.743,25**
%	74,00%	2,90%	76,90%	17,36%	5,78%	100,00%

- O 76,90% dos gastos incorridos pola Alcaldía-Presidencia son de locomoción, 5.954,50 euros.

- As facturas e xustificantes que presenta de servizos de restauración correspóndense con comidas de varias persoas polo que, en ningún caso, se poden considerar como indemnizacións por razón de servizo. Son gastos que a entidade contabiliza no concepto 226.9 como «gastos diversos».

- Os gastos que na columna figuran coa denominación «outros», correspóndense con gastos varios que non teñen nada que ver con indemnizacións (compra de flores, arranxo de móbil, etc.) que se contabilizan na conta 226.99.

- A documentación xustificativa non cabe considerala como conforme ao marco xurídico aplicable, analizado no apartado I.3, dado que non hai nin orde de comisión, nin declaración do itinerario, nin certificación do órgano propoñente da comisión, e na declaración de gastos presentada pola Alcaldía-Presidencia relaciónase de forma xenérica, non detallada, a maioría dos desprazamentos.

Por isto, non pode considerarse acreditada a efectiva realización dos desprazamentos que xustifican os pagos.

- Tampouco estarían correctamente xustificadas as cantidades imputadas ao subconcepto 226.99, xa que non está xustificada a necesidade do gasto, nin se identifican os comensais.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 120

A eventual inexistencia de indicios de enriquecemento inxusto e a ausencia de reparos de intervención, así como o carácter limitado dos gastos de restauración, non obsta para que, tratándose de fondos públicos, deba acreditarse tanto a realidade dos desprazamentos como a vinculación destes ás necesidades da entidade pública, feitos que non se documentan suficientemente no expediente.

Tampouco poden considerarse xustificadas as facturas de restauración, dado que non se ofrece información relativa aos motivos de tal acto e a identificación dos seus asistentes.

Respecto da contabilización:

- Compróbase que os gastos de quilometraxe están imputados ao concepto 230 e as facturas ou xustificantes de servizos de restauración, aparcadoiros e peaxes ao subconcepto 226.99. No suposto de que estiveran correctamente xustificados os devanditos gastos, tanto a quilometraxe como os gastos de aparcadoiro e peaxe terían que contabilizarse no concepto 231.

- As facturas de servizos de restauración non se corresponden con dietas de manutención polo que a súa imputación podería ser correcta ao concepto 226.99, de estar convenientemente xustificada a necesidade do gasto.

- Debe resinarse o feito de que a data de aprobación do recoñecemento da obriga das indemnizacións é anterior á data da súa contabilización. Ademais rexístrase contablemente en conceptos non adecuados, tanto os gastos de locomoción como as dietas.

- Outras comprobacións. Desde que se adoptou o acordo do Pleno do Concello do 26 de xuño de 2019 non hai importes contabilizados por concepto de indemnizacións por razón de servizo á Alcaldía-Presidencia e unha supresión das dietas por desprazamentos e gastos de manutención liquidados con periodicidade mensual. Se ben non debe ser obxecto de vinculación o soldo coa percepción das indemnizacións ou compensacións a que teña dereito de acordo coa normativa aplicable, nas circunstancias, condicións e limites contidos nesta.

IV. INDEMNIZACIÓNS E GASTOS EFECTIVOS

IV.1 XUSTIFICACIÓN DA FISCALIZACIÓN EN RELACIÓN CO CONCELLO DE CATOIRA

O Pleno do Consello de Contas de Galicia o día 19 de febreiro de 2020, acordou a pertinencia de incluír a fiscalización dos gastos obxecto dunha comunicación recibida, no futuro plan anual de traballo da Institución, materializado no 2021, pola seguinte causa:

«As irregularidades denunciadas presentan caracteres de contravir o ordenamento xurídico por ser presuntamente desconformes coa normativa orzamentaria; resultando verosímil a existencia

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 120

dalgunha irregularidade nos feitos denunciados, cabe abordar, no ámbito das competencias do Consello de Contas, unha actuación dirixida a verificar se no Concello de Catoira se ten producido unha deficiente acreditación no procedemento de abono de indemnizacións, dietas e gastos de locomoción, tanto respecto da realidade dos gastos como da adecuada xustificación destes».

IV.2 CONCLUSIÓNS DAS INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO DO CONCELLO DE CATOIRA

1. A retribución da persoa titular da Alcaldía apróbase no Pleno do 26 de xuño do 2015 xunto coa súa dedicación exclusiva, percibindo por isto a contía establecida dentro dos marxes previstos pola normativa conforme coa poboación do Concello de Catoira. Tanto na nómina como nos documentos contables consta o concepto de «desconto por Adeslas» e non o correspondente á Seguridade Social, baseándose nun acordo plenario do ano 1988, no que o Concello asume o gasto de asistencia sanitaria e clases pasivas. Este acordo, non se estima como xustificación suficiente para as remuneracións ou retencións de mandatos posteriores.

De feito, no período que estamos a analizar as remuneracións das persoas integrantes da Corporación recóllense no punto 8.2 do Acordo do Pleno do 26 de xuño do 2015 remitíndose ao disposto no artigo 75 bis.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local. Por outra banda o artigo 75.1 determina que os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda.

Sen prexuízo do disposto no artigo 74 da LBRL en relación cos membros das Corporacións locais en situación de servizos especiais, e o aboamento das cotizacións das mutualidades obrigatorias e as cotas de clases pasivas.[1]

2. A persoa titular da Alcaldía-Presidencia, unha vez xubilada -desde ese intre non pode exercer o seu cargo con dedicación exclusiva- percibiu por asistencias diarias e desenvolvemento das súas funcións e responsabilidades de goberno, o equivalente ao 75% do importe de manutención para as dietas en España conforme ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento. Este proceder considérase non axustado ao marco xurídico aplicable, nomeadamente ao disposto no artigo 75 da LRBRL, o artigo 13 do ROF e o Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, xa que non poden asimilarse conceptos salariais aos propios das indemnizacións por gastos efectivos.

Neste sentido percíbense as cantidades estipuladas por asistencias aos Plenos, Xunta de Goberno Local e Comisións Informativas acreditadas pola consignación na acta da reunión, da presenza da persoa titular da Alcaldía-Presidencia.

[1] Parágrafo engadido como consecuencia das alegacións efectuadas polo Concello de Catoira.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 35 a 120

Nos anos 2018 e 2019 non se practican retencións de cantidades por IRPF. A partir dese ano descóntanse do importe bruto un 2%.

3. Respecto dos importes das dietas e gastos de locomoción non se achega xustificación mediante factura de gastos de locomoción cando se utilizan medios públicos, nin de manutención (non se diferenza a media dieta), nin de aloxamento, tal e como se recollen no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de indemnizacións por razón de servizo. De igual modo, tampouco figuran xustificantes de aparcadoiros, taxis ou peaxes de autoestrada[2].

4. Tanto as dietas por manutención como os gastos de locomoción dentro da Comunidade Autónoma relaciónanse dunha forma xenérica totalizando un número ou importe de quilómetros por mes e indicando un número de dietas. Non constan nin os itinerarios, nin as datas, nin os horarios de saída e chegada, nin o lugar ou motivo do desprazamento.

Respecto dos gastos realizados fóra da comunidade, tanto en territorio nacional como estranxeiro, faise constar o motivo do desprazamento e os días nos que se realiza. Porén non se achega a xustificación dos gastos de aloxamento, nin de manutención.

En consecuencia, non se estima que os devanditos gastos se xustifiquen debidamente e de forma suficiente, non podendo comprobarse a súa efectividade.

5. Durante o período analizado, o órgano interventor non emite reparos en relación con ditas percepcións económicas, e constátase que a data de rexistro contable é posterior ás fases económicas do gasto que representan.

IV.3 RECOMENDACIÓNS AO CONCELLO DE CATOIRA

1. Malia que non se está a aplicar desde xuño de 2020 a indemnización por asistencia diaria e desenvolvemento das súas funcións e responsabilidades de goberno, da cantidade equivalente ao 75% do importe da dieta de manutención contemplada no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, recoméndase que tal concepto non figure nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Catoira.

2. Recoméndase que a xustificación dos gastos se efectúe conforme ao disposto na normativa xeral de indemnizacións, pola prelación normativa do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre as Bases de Execución Orzamentaria.

3. O control interno do Concello debe acreditar o cumprimento das operacións, así como a súa xustificación, e no caso de que o criterio seguido pola entidade non sexa conforme co marco xurídico aplicable, poñelo de manifesto por medio do correspondente reparo da intervención

[2] Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións efectuadas polo Concello de Catoira.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 a 120

conforme ás obrigas previstas no artigo 5 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, e as súas obrigas de remisión de información de control interno ao Consello de Contas.

O dito reparo debera incluír mención expresa ás autoridades e ao persoal ao servizo das entidades das consecuencias e responsabilidades que derivan das devanditas actuacións, conforme ao disposto nos artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

4. Así mesmo, resulta obrigatoria a remisión da información relativa ao exercicio do control interno ao Consello de Contas de Galicia (https://www.ccontasgalicia.es/gl/content/rendicion-do-sector-local-v2), conforme ao disposto na Resolución do 10 de marzo de 2020, anteriormente citada, a través da plataforma de rendición de contas das entidades locais e con anterioridade á data límite: 2 de maio. E iso, en virtude do deber de colaboración previsto no artigo 23 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, de conformidade co disposto no artigo 223.4 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que impón a obriga de remisión da información que se sinala nos artigos 5.2, 12.5, 15.7 e disposición adicional quinta do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, así como a información xeral sobre a estrutura do órgano de intervención, da actividade que desenvolve e os resultados obtidos.

IV.4 RESULTADOS DOS TRABALLOS DERIVADOS DA FISCALIZACIÓN

IV.4.1. CONTIDO DA COMUNICACIÓN

O 7 de febreiro de 2020 tivo entrada no rexistro xeral do Consello de Contas a comunicación pola que se pon en coñecemento os feitos seguintes: a xubilación do Alcalde-Presidente do Concello de Catoira en setembro de 2018, interesando do Consello de Contas de Galicia a opinión sobre a legalidade das indemnizacións por razón do servizo percibidas polo Alcalde-Presidente.

IV.4.2. REGULACIÓN INTERNA DO CONCELLO DE CATOIRA EN MATERIA DE INDEMNIZACIÓNS

A entidade declara que a única normativa interna da que dispón en materia de indemnizacións por razóns de servizo é a que contemplan as Bases de Execución do Orzamento. Nestas bases, concretamente na 15ª, consta a seguinte regulación na materia obxecto de comprobación e análise:

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 37 a 120

1. Respecto dos gastos de locomoción:

Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais dispostos pola Corporación, polo seu Presidente ou por outros órganos competentes, serán aboados previa a presentación dos correspondentes xustificantes. No suposto de utilización do vehículo propio, faranse efectivas as seguintes cantidades: Se se trata de membros da Corporación, a razón de vinte e cinco céntimos (0.25€), por quilómetro percorrido.

Tratándose de funcionarios, se estará ao que se dispoña para os funcionarios da Administración Xeral do Estado.

2. Respecto das dietas de manutención:

Corresponde ao Sr. Alcalde-Presidente e demais membros da Corporación as seguintes:

a) Dieta en España (manutención): 100 euros día.

b) Dieta fóra de España (manutención): 150 euros día.

3.Respecto das dietas por aloxamento

De non ser aboados directamente polo Concello, reintegrarase aos membros da Corporación o gasto efectivo xustificado mediante presentación de factura. De non presentarse, as cantidades a percibir por este concepto serán as seguintes:

- Aloxamento en España, 100 euros.

- Aloxamento fóra de España, 150 euros.

4. Respecto das indemnizacións por asistencia diaria ao concello:

O Alcalde-Presidente percibirá por dedicación exclusiva as retribucións acordadas polo Pleno da Corporación e detalladas no catálogo de postos de traballo. De non exercer o seu cargo con dedicación exclusiva, o Alcalde-Presidente percibirá por asistencia diaria e desenvolvemento das súas funcións e responsabilidades de goberno a cantidade equivalente ao 75% do importe da dieta de manutención en España.

5. En derradeiro lugar, respecto das asistencias:

No que respecta ás indemnizacións, os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva, percibirán por asistencia ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno, e ás Comisións das que formen parte, as seguintes cantidades acordadas polo Pleno da Corporación:

- Sesións do Pleno, 72 euros.

- Sesións da Xunta de Goberno Local, 60 euros.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 38 a 120

- *Sesións de Comisións Informativas, 50 euros.*
- *Por Delegacións da Alcaldía e substitucións por ausencia, enfermidade ou vacacións, ata un máximo anual de 3.983 euros.*

IV.4.3. ANÁLISE DA APLICACIÓN DA NORMATIVA EN MATERIA DE INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO

Dentro desta regulación das indemnizacións ás persoas integrantes da Corporación é de destacar as seguintes observacións:

A) O importe fixado para resarcir os gastos de locomoción supera nun 31,38% ao establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio.

Aínda máis diferenza xurde entre o importe fixado para as dietas de manutención respecto da que establece o citado real decreto, que é de 53,34 euros (un 87,48% superior) e que sería aínda maior tendo en conta que nas bases non considera unha cantidade inferior para o caso de que se trate só da dieta por unha soa comida (sen ter en conta a cea).

A cantidade para as indemnizacións por gastos de aloxamento dentro do territorio nacional é similar á recollida no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio: 102,56 euros. Respecto dos gastos de aloxamento no estranxeiro, establécese unha cantidade fixa con independencia do país polo que, nalgúns casos é inferior á fixada no decreto e noutros, a maioría, superior. Contémplase expresamente a posibilidade de aboar os gastos de aloxamento sen previa presentación de factura.

O importe das indemnizacións por razón do servizo, e especialmente a falta de xustificación adecuada contemplada nas Bases de Execución do Orzamento, mais non así no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, e os requirimentos previstos na normativa xeral aplicable, constitúen un risco de xestión que pode conlevar prácticas fraudulentas na percepción das indemnizacións por razón do servizo, sen que se xustifiquen medidas adecuadas para mitigar o devandito risco.

Á vista de que as bases de execución orzamentaria non establecen a forma de xustificación destes gastos, é á luz da normativa xeral na materia e a consideración das cantidades previstas como límites máximos de conformidade co disposto no artigo 13 do ROF e ao 75 do LRBRL, que dispoñen que, respecto á percepción por dietas e gastos de desprazamento ou locomoción polos membros da corporación, unicamente caberá indemnizar polo importe realmente gastado e documentalmente xustificado.

Todo iso sen prexuízo da posibilidade do pleno corporativo de desenvolvemento destas normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas, pero en todo caso, e a xuízo deste órgano, debera existir unha fundamentación das razóns obxectivas que xustifican esa regulación diferenciada, gardando a debida proporcionalidade e determinando o réxime de xustificación preceptivo, no

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 39 a 120

marco dos criterios constitucionais que rexen o gasto público conforme ao previsto no artigo 31.2 da Constitución Española cando dispón que: «O gasto público realizará unha asignación equitativa dos recursos públicos, e a súa programación e execución responderán aos criterios de eficiencia e economía".

E iso, cumprindo o disposto no artigo 75.6 da LBRL que esixe a consignación expresa nos «(...) orzamentos das retribucións, indemnizacións e asistencias (...) Deberán publicarse integramente no «Boletín Oficial» da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros desta que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial[3]».

B) Respecto da remuneración por asistencia diaria, a contía ponse en relación coa dieta de manutención fixada nas propias bases (100 euros) e hai que cuestionar a propia adecuación ao marco xurídico vixente, analizado no apartado I.3, do concepto dado que:

Por unha banda, estas remuneracións por asistencia e desenvolvemento das funcións da Alcaldía-Presidencia terían que ser retribuídas, a xuízo deste órgano, polas percepcións salariais, porque se definen como cantidades para retribuír as súas funcións e responsabilidades de goberno e recoñécense polo exercicio do seu cargo -no caso de non desempeñalo con dedicación exclusiva-, sen que se deban asimilar como conceptos substitutivos ou alternativos.

Ademais a persoa titular da Alcaldía-Presidencia é o único membro da corporación con dereito a súa percepción e nas propias BEO estas asistencias diarias figuran diferenciadas do resto de indemnizacións por asistencias aos Plenos, Xuntas de Goberno e comisións que teñen dereito a percibir todos as persoas integrantes da Corporación, incluída a persoa titular da Alcaldía.

No ano 2018 a persoa titular da Alcaldía-Presidencia xubílase, pasando a percibir unha pensión por xubilación causando baixa na nómina do Concello con data 14 de setembro de 2018. Hai que ter en conta que a percepción de pensións de xubilación ou de retiro por dereitos pasivos ou por calquera outro réxime de Seguridade Social é incompatible co desempeño de calquera posto de traballo no sector público, de acordo co art. 3.2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas e, polo tanto, co desempeño retribuído de cargos electivos locais, que para estes efectos se considera actividade no sector público, de acordo co artigo 1.1 da devandita Lei.

Con todo, é perfectamente compatible a situación de xubilado ou retirado coa percepción das asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación, sempre

[3] Parágrafos engadidos como consecuencia das alegacións efectuadas polo Concello de Catoira.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 40 a 120

que, obviamente, non se estean percibindo retribucións por unha dedicación exclusiva ou parcial.

Se ben é certo que o Tribunal Supremo en sentenza de data 12 de xullo de 2006, nun caso análogo, dispuxo:

«Pois ben, á luz de todo o anterior, pódese e debe entender, que o concepto de indemnización ao que se refire o artigo 75 da Lei 7/85 non se esgota coas indemnizacións a que se refire o artigo 13 do Real Decreto, dunha parte, porque como se viu a norma de inferior xerarquía que trata de desenvolver unha Lei non pode alterar ou restrinxir o seu contido, e doutra, principalmente porque mentres a Lei, no seu artigo 75, fala con xeneralidade e sen ningunha limitación de indemnización o Real Decreto refírese a indemnizacións por gastos, e é sabido que a indemnización por estar destinada, tanto no seu significado gramatical, usual ou xurídico a resarcir un dano ou prexuízo, este dano ou prexuízo, tanto pode vir, por un gasto realizado, como por unha ganancia deixada de obter como consecuencia do traballo ou dedicación que impida a obtención doutro ingreso durante o tempo que tal traballo ou dedicación ao cargo sexa esixido, como en fin, pola "perda" ou dedicación dun tempo a unha actividade cando se podía dedicar a outra actividade particular. Do que facilmente se pode inferir que a indemnización por gasto realizado, a que se refire o artigo 13 do Real Decreto 2568/86, non esgota nin con moito o concepto xenérico e sen concreción algunha que de indemnización, refire a Lei 7/85» .

A xuízo deste órgano, no caso en cuestión, ao non aludirse ao termo de indemnización e retribuírse por xornadas, efectuando unha asimilación na súa determinación ao réxime de gastos efectivos, cabería ser interpretado como unha retribución encuberta, fóra do marco de asistencias e indemnizacións previsto no artigo 75 da LRBRL, sen axustarse ao réxime de dedicación parcial e sen a conseguinte alta no réxime da Seguridade Social procedente.

IV.4.4. CUANTIFICACIÓN DO IMPORTE ABOADO Á PERSOA TITULAR DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

A información facilitada polo Concello das retribucións e indemnizacións percibidas pola persoa titular da Alcaldía-Presidencia desde o ano 2018 ata 2021 figura no cadro seguinte:

Cadro 4: Retribucións e indemnizacións percibidas polo alcalde de Catoira entre os exercicios 2018-2021

Exercicio	Nóminas	Asistencia diaria	Asistencia a órganos colexiados	Dietas manutención	Dietas aloxamento	Gastos de locomoción
2018	29.986,92	5.700,00	1.224,00	7.800,00	2.150,00	8.682,04
2019		9.900,00	2.732,00	3.350,00	800,00	3.763,97
2020			826,00	1.300,00		2.124,75
2021			560,00	1.550,00		2.915,87
TOTAL	**29.986,92**	**15.600,00**	**5.342,00**	**14.000,00**	**2.950,00**	**17.486,63**

Aspectos relevantes do contido desta táboa son os seguintes:

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 41 a 120

a) Respecto da nómina: O titular da Alcaldía-Presidencia no momento da xubilación, 14 de setembro de 2018, deixa de percibir o soldo e pasa a devindicar unha cantidade diaria por asistencia ao Concello.

b) Respecto das asistencias diarias: Liquídanse desde outubro de 2018 ata xuño de 2019, mes no que se produce o cese no cargo. En xuño de 2020 prodúcese un novo nomeamento, mais xa non percibe cantidade algunha pola asistencia diaria ao Concello, aínda que segue a contemplarse nas bases a posibilidade de facelo.

IV.4.5. XUSTIFICACIÓN E CONTABILIDADE DAS CANTIDADES ABOADAS

As cantidades aboadas á persoa titular da Alcaldía-Presidencia no período analizado xustifícanse da seguinte maneira:

a) As correspondentes ao soldo

O soldo apróbase mediante acordo plenario de 26 de xuño do 2015 xunto coa súa dedicación exclusiva. Establécese que percibirá a contía que figura establecida pola normativa para a poboación do Concello de Catoira.

A documentación soporte do devindicado e pago da nómina mensual da Alcaldía-Presidencia está formada polos documentos ADOP e a nómina e, no mes en que consta a baixa en nómina, a liquidación correspondente. Respecto dos primeiros, cómpre salientar que se efectúan tres por nómina que conxuntamente suman o seu importe e que non están asinados. Tanto na nómina como nos ADOP consta un concepto de «desconto por Adeslas» e non o correspondente á Seguridade Social.

Solicitouse á entidade información sobre este feito e remitiuse unha acta do ano 1988 (que achegan como documento anexo) no que se acorda a remuneración por dedicación exclusiva da Alcaldía-Presidencia e no que o Concello asume o gasto de asistencia sanitaria e clases pasivas.

Este acordo, en ningún caso podería xustificar as remuneracións ou retencións de mandatos de Alcaldía posteriores.

De feito, no período que estamos a analizar as remuneracións das persoas integrantes da corporación recóllense no punto 8.2 do Acordo do Pleno remitíndose ao disposto no artigo 75 bis.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Por outra banda o artigo 75.1 determina que as persoas integrantes das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio de seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 42 a 120

b) As relativas ás asistencias diarias

O expediente consta do documento contable e o recibín da Alcaldía-Presidencia onde indica o número de días de asistencia. Todos os documentos son do tipo ADOP ao concepto 233, excepto o do mes de decembro de 2018 que é un mandamento de pago a partidas pendentes de aplicación.

Aínda que non indica os días concretos, existe unha correlación con todos os días hábiles da semana. Neste caso coincidiría a percepción destas asistencias diarias coas asistencias as reunións dos órganos colexiados do concello.

Neste sentido, debe destacarse a existencia de dilixencias previas seguidas no xulgado de Vilagarcía de Arousa, por entender a Fiscalía que a percepción desa indemnización é incompatible coa pensión de xubilación que cobraba o Alcalde en 2018 e ata xuño de 2019. Dado que desde xuño de 2020, o titular da Alcaldía volve a ser a mesma persoa que estivo ata xuño de 2019, de acordo coa información recibida do Concello, e conforme aos acordos da Corporación e as Bases de Execución dos Orzamentos aprobados ata a data, corresponderíalle percibir a indemnización diaria aprobada, pero, por un principio de prudencia, infórmase que o titular da Alcaldía opta por non percibir os ditos importes desde xuño de 2020 ata que se resolva o tema xurídico-penal, o que non implica que por parte da entidade non se considere que non teña dereito a percibila no seu día dada a regulación contida nas Bases de Execución do Orzamento vixente, se a resolución xudicial entende que non existen indicios de responsabilidade penal, razón pola cal se contabiliza como obriga recoñecida.

c) As correspondentes a asistencias aos Plenos, Xunta de Goberno Local e comisións informativas

A xustificación destas cantidades acredítase pola consignación na acta da presencia na reunión da persoa titular da Alcaldía-Presidencia.

Contabilízanse todas as do ano 2018 nunha acta e as do 2019 noutra. Nos anos 2020 e 2021 faise un documento por cada semestre do ano.

Cotexando a documentación e xustificación contable coas actas atopamos as seguintes discrepancias:

Nos anos 2018 e 2019 non se lle retén cantidade ningunha por IRPF. A partir dese ano descóntanse do importe bruto un 2%.

d) Dietas e locomoción

Unicamente achegan os documentos contables e o recibín da persoa titular da Alcaldía-Presidencia. En ningún caso se presenta factura de gastos de locomoción cando utiliza medios públicos, nin de manutención, nin de aloxamento. Tampouco se achegan xustificantes de

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 43 a 120

aparcadoiros, taxi ou peaxes de autoestrada. Nestes documentos asinados pola Alcaldía-Presidencia non figura que se practique retención algunha por IRPF, malia que as dietas e o importe da quilometraxe superan o máximo legal para a exención de tributación. Tanto as dietas por manutención, como os gastos de locomoción dentro da Comunidade relaciónanse dunha forma xenérica totalizando un número ou importe de quilómetros por mes e indicando un número de dietas. Non constan nin os itinerarios, nin as datas, nin os horarios de saída e chegada, nin o lugar ou motivo do desprazamento.

Respecto dos gastos realizados fóra da Comunidade, tanto en territorio español como estranxeiro, faise constar o motivo do desprazamento e os días nos que se realiza. Porén non se achega a xustificación dos gastos de aloxamento, nin de manutención.

En consecuencia, estímase que estes gastos non se atopan adecuadamente xustificados conforme ao marco xurídico analizado no apartado 1.3.

IV.5 XUSTIFICACIÓN DA FISCALIZACIÓN EN RELACIÓN CON CONCELLO DE TRAZO

O Pleno do Consello de Contas acordou, o 30 de maio de 2018, incluír na programación do seguinte Plan anual de traballo da Institución para 2019, a fiscalización dos gastos incorridos pola persoa titular da Alcaldía-Presidencia do Concello de Trazo nos exercicios 2014-2017.

Esta actuación programada e iniciada, resultou suspendida por acordo do Pleno do Consello de Contas do 8 de febreiro de 2019 ao demandar a comunicante a actuación da Xurisdición penal (Xulgado de Ordes e Audiencia provincial da Coruña) sobre a dita materia obxecto da fiscalización.

O auto do 11 de marzo de 2021 do Xulgado de 1ª Instancia e instrución nº 1 de Ordes, acorda o sobresemento provisional da investigación penal de malversación.

Contra dito auto interpúxose pola comunicante, o recurso de apelación ante a Audiencia provincial Sección nº 1 da Coruña, mediante auto 917/2021, o 8 de novembro a sala desestimou o recurso contra o auto ditado polo Xulgado nº 1 de Ordes, facendo saber que de acordo co artigo 248-4º da Lei Orgánica do Poder Xudicial esta é firme, non cabendo recurso ningún.

Debido á paralización da fiscalización durante os exercicios 2019, 2020 e 2021 polos motivos antes expostos, considerouse oportuno ampliar o ámbito temporal da fiscalización aos dous seguintes exercicios, 2018 e 2019, ata o día no que se constituíu o Pleno resultante das eleccións locais do 26 de maio 2019.

Posteriormente, a consecuencia da nova achega de documentación complementaria presentada o 13 de decembro de 2021, o Pleno do Consello de Contas de Galicia o día 21 de febreiro de 2022, tomou o acordo que a fiscalización dos feitos expostos no novo escrito presentado, se teñan en

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 44 a 120

conta polo equipo fiscalizador con ocasión da realización do informe de fiscalización de percepcións económicas non salariais e indemnizacións de gastos efectivos en entidades locais en curso.

IV.6 CONCLUSIÓNS DAS INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DO CONCELLO DE TRAZO

1. O importe dos gastos incorridos polo titular da Alcaldía-Presidencia obxecto de análise no período 2014-2019 ascenderon a 87.193,39 euros, dos que 33.306,88 euros son consecuencia de dietas e locomoción (o 38,20%) e 53.886,51 euros son rexistrados como gastos protocolarios (o 61,80%). Dos gastos protocolarios, o 31,58% destes foron aboados por suplidos ao Alcalde-Presidente, 17.019,42 euros e o 68,42 % foron obxecto de abono por servizos de restauración, 36.867,09 euros.

2. As indemnizacións por razón do servizo liquidadas polo titular da Alcaldía-Presidencia no período non se atopan xustificadas, de conformidade coa normativa de aplicación ao persoal ao servizo das Corporacións Locais, prevista no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, que establece para o grupo I un importe por manutención (comida e cea) de 53,34 euros, mentres que a liquidación das dietas faise polo importe de 60,1 euros por xantar, tampouco concordante coa propia normativa interna do concello.

3. Os expedientes dos gastos por atencións protocolarias só conteñen os xustificantes de establecementos de restauración, sen que se acredite a necesidade do gasto e se identifiquen os comensais, moitos dos cales non reúnen os requisitos legais incluíndo a identificación do cliente, sen que se poida determinar se efectivamente os gastos se realizan con fins protocolarios ou representativos, a súa necesidade, e, en definitiva, se redundan en beneficio ou utilidade da Administración.

4. Existen reiteradas coincidencias (92) de datas nas que se xustifica unha dieta de manutención e un gasto por atencións protocolarias de forma simultánea, sen que se acheguen nos expedientes información que expliquen a citada coincidencia, así como os xustificantes de servizos de restauración en sábados, domingos ou festivos sen acreditación dos comensais nin a acreditación do interese público da actuación. Os ditos feitos, tal e como se sinala no «Catálogo de riscos por área de actividade» aprobado polo Consello de Contas constitúen un risco de xestión en relación coas percepcións económicas obxecto de fiscalización e a indemnización de gastos efectivos, nomeadamente en relación coa regulación dos gastos protocolarios e representativos.

5. Debilidade manifesta do control interno. Durante o período analizado, o órgano interventor non emite reparos en relación con ditas percepcións económicas.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 45 a 120

A intervención non puxo de manifesto ningunha anomalía no exercicio da súa labor fiscalizadora e asina o importe das dietas de manutención, sen que conste o horario das encomendas das que trae causa. Ademais emprega para o cálculo o importe de 60,1 euros que non concorda co fixado nas Bases de Execución Orzamentaria.

Neste sentido, cómpre lembrar as obrigas establecidas para o órgano de control no artigo 5 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local e a obriga de poñer en coñecemento do órgano competente, conforme ao disposto no apartado segundo do citado artigo, cando na práctica dun control o órgano interventor actuante aprecie que os feitos acreditados ou comprobados puideran ser susceptibles de constituír unha infracción administrativa ou dar lugar á esixencia de responsabilidades contables ou penais.

IV.7 RECOMENDACIÓNS DAS INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO AO CONCELLO DE TRAZO

1. A contabilidade da entidade debe rexistrar previamente ás operacións de gastos que se derivan da súa execución. Recoméndase que a xustificación dos gastos se efectúe conforme ao disposto na normativa xeral de indemnizacións, pola prelación normativa do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre as bases de execución orzamentaria.

2. O control interno do Concello debe acreditar o cumprimento das operacións, así como a súa xustificación, e no caso de que o criterio seguido pola entidade non sexa conforme co marco xurídico aplicable, poñelo de manifesto por medio do correspondente reparo da intervención conforme ás obrigas previstas no artigo 5 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, e as súas obrigas de remisión de información de control interno ao Consello de Contas.

O dito reparo debera incluír mención expresa ás autoridades e ao persoal ao servizo das entidades das consecuencias e responsabilidades que derivan das devanditas actuacións, conforme ao disposto nos artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

Aprobación dun Plan de Acción para o reforzo do control interno. Ante os riscos de alcance detectados na realización do traballo estímase que este necesario reforzo do control interno teña carácter inmediato e urxente.

3. Así mesmo, resulta obrigatoria a remisión da información relativa ao exercicio do control interno ao Consello de Contas de Galicia, en virtude do deber de colaboración previsto no artigo 23 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, de conformidade co disposto no artigo 223.4 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 46 a 120

reguladora das facendas locais, que impón a obriga de remisión da información que se sinala nos artigos 5.2, 12.5, 15.7 e disposición adicional quinta do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, así como a información xeral sobre a estrutura do órgano de intervención, da actividade que desenvolve e os resultados obtidos.

4. Como medida de prevención específica ante os riscos identificados na xestión dos gastos protocolarios e representativos e de conformidade co "Catálogo de Riscos por Área de Actividade" do Consello de Contas, recoméndase a limitación destes gastos á atención de necesidades reais e a súa xustificación exhaustivas, garantindo a plena transparencia deste tipo de gastos.

IV.8. RESULTADOS DOS TRABALLOS DERIVADOS DA FISCALIZACIÓN

IV.8.1. CONTIDO DA COMUNICACIÓN

O 8 de maio de 2018 rexístrase no Consello de Contas a comunicación pola que se pon de manifesto a existencia do pago de dietas e indemnizacións derivadas do cargo de titular da Alcaldía-Presidencia do Concello de Trazo e que supostamente se efectúan sen a súa necesaria fiscalización, ao non existir documentación pertinente que a xustifique, polo que se solicita a fiscalización das indemnizacións percibidas pola persoa titular da Alcaldía-Presidencia en concepto de dietas e viaxes nos exercicios 2014-2017.

O 13 de decembro de 2021, achégase nova documentación que complementa á anteriormente presentada.

IV.8.2. COMPROBACIÓNS

A actuación obxecto de exame ven constituída polas indemnizacións por razón de servizo e gastos protocolarios da persoa titular da Alcaldía-Presidencia do Concello de Trazo correspondentes ao período 2014 a 2019, xa que aínda que inicialmente a comunicación se refire ao período 2014-2017, decidiuse polo Pleno estender as comprobacións realizadas ata o exercicio 2019, dada a suspensión da fiscalización no exercicio 2019 e a nova documentación recibida con posterioridade.

IV.8.3. NORMATIVA APLICABLE

A única normativa interna en materia de indemnizacións por razón de servizo no Concello de Trazo recóllese na Base de Execución do Orzamento número 14ª.

A. Gastos en dietas e locomoción

En todos os anos examinados a regulación na materia remítese ao disposto nos anexos II e III, no seu Grupo I do RD 462/2002, do 24 de maio, e disposicións de desenvolvemento. Porén a principal diferenza radica na forma de xustificación dos gastos dos cargos electos.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 47 a 120

a) No período 2014 a 2017 as Bases de Execución Orzamentaria contemplan que:

- Por gastos de viaxe en medios de transporte público aboarase o importe do realmente gastado e xustificado documentalmente.

- Por manutención aboarase igualmente o importe dos gastos realizados sempre que se xustifiquen adecuadamente mediante facturas expedidas ao efecto.

b) Porén, nos anos 2018 e 2019 basta cunha declaración formal do gasto realizado.

B. Respecto dos gastos protocolarios:

Non existe ningunha normativa específica do concello.

IV.8.4. CUANTIFICACIÓN DAS INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO E GASTOS PROTOCOLARIOS

Os importes que son obxecto de fiscalización corresponden ás indemnizacións por razón de servizo e aos gastos protocolarios cuxo resume anual figura no seguinte cadro, dos que 33.306,88 euros son dietas e locomoción, é dicir o 38,20% do total de gastos -87.193 euros- e, 53.886,51 euros son rexistrados como gastos protocolarios, o 61,80%.

Cadro 5: Indemnizacións por razón de servizo e gastos protocolarios do Alcaldía-Presidencia de Trazo 2014 ao 2019

Exercicio	Dietas e locomoción	Gastos protocolarios por suplidos	Gastos protocolarios aboados a restaurantes	Total gastos protocolarios	Total
2014	5.070,30	3.496,16	5.271,70	8.767,86	13.838,16
2015	6.470,60	4.364,90	7.960,45	12.325,35	18.795,95
2016	11.028,30	4.425,06	7.258,60	11.683,66	22.711,96
2017	7.441,64	4.733,30	3.996,19	8.729,49	16.171,13
2018	2.749,48		6.651,00	6.651,00	9.400,48
2019	546,56		5.729,15	5.729,15	6.275,71
Total	**33.306,88**	**17.019,42**	**36.867,09**	**53.886,51**	**87.193,39**

A diferenciación entre os gastos protocolarios aboados á persoa titular da Alcaldía-Presidencia e os gastos satisfeitos en concepto de restauración, fíxose tendo en conta a información contable do maior da conta, xa que o Concello non facilitou os documentos contables de pago.

IV.8.5. ANÁLISE DA APLICACIÓN DA NORMATIVA EN MATERIA DE INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO

a) Con relación ás xustificacións das indemnizacións por razón de servizo

Respecto das dietas e gastos de locomoción:

A normativa en canto a xustificación documental das indemnizacións por razón do servizo é a prevista na Orde do 8 de novembro de 1994, referenciada no apartado I.3.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 48 a 120

Durante todo o período examinado, a documentación xustificativa do expediente de gasto das dietas e gastos de locomoción do titular da Alcaldía-Presidencia do Concello de Trazo consiste unicamente nunha declaración mensual onde indica o lugar (localidade), o motivo (organismo que visita) e data do desprazamento que orixina as indemnizacións. Nesta declaración faise constar a liquidación que practica o órgano interventor de orde da Alcaldía-Presidencia onde consta:

- O número de dietas (sempre coincidente co número de datas) e o importe individual de cada unha delas, sempre 60,1 euros, (malia que o importe que recolle o Real Decreto 464/2002, do 24 de maio, é de 53,34 euros), así como o importe a percibir.

- O importe global de quilómetros percorridos polo importe unitario recollido no Real Decreto 464/2002 (0,19 euros) e a cantidade global.

En relación a esta forma de xustificación, cabe realizar as seguintes observacións:

O importe da dieta que recolle o Real Decreto 462/2002 refírese á dieta completa, comida e cea.

Porén nas Bases de Execución Orzamentaria (en diante, BEO), ata o ano 2017 inclusive, figura que tanto as dietas como os gastos de locomoción en transporte público serán aboados polos importes gastados e debidamente xustificados polo que habería que entender que o importe recollido no Real Decreto 464/2002, figuraría como límite máximo a percibir, pero en todo caso terían que xustificarse documentalmente as cantidades gastadas.

Nos anos 2018 e 2019 as BEO indican que como xustificación é suficiente unha declaración formal do gasto realizado, o que non é acorde coa normativa xeral en materia de xustificación do gasto, pero ademais esta declaración segue a consistir na declaración mensual da Alcaldía-Presidencia e a liquidación polo órgano interventor.

En ningún caso consta o horario das visitas realizadas polo que é imposible verificar o dereito á percepción das posibles indemnizacións.

Da análise de cada unha das liquidacións do período fiscalizado obsérvanse os seguintes feitos:

- En maio de 2016 relaciónanse 11 datas e liquídanse 12 dietas. En novembro dese mesmo ano, relaciónanse 12 e liquídanse 13.

- Figuran 19 liquidacións de dietas nas que coincide a data de contabilización e a data de prestación do servizo, incluso en seis supostos se inclúen días posteriores á contabilización.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 49 a 120

Cadro 6: Liquidación de dietas coa mesma data que unha das incluídas ou incluso con data posterior

Nº	Data de liquidación	Días incluídos na liquidación	Datas de contabilización e pago	Desprazamento	Motivo
1	26/12/2014	29/12/2014	26/12/2014	Santiago de Compostela	Conservación Red natura
2	21/10/2015	21/10/2015	21/10/2015	Santiago de Compostela	AGADER
3	30/11/2015	30/11/2015	30/11/2015	Santiago de Compostela	Política Territorial, O.P.
4	30/12/2015	30/12/2015	30/12/2015	A Coruña	Deputación
5	29/02/2016	29/02/2016	29/02/2016	Santiago de Compostela	AGADER
6	31/03/2016	31/03/2016	31/03/2016	Santiago de Compostela	FEGAMP
7	29/04/2016	29/04/2016	29/04/2016	Santiago de Compostela	Medio Rural
		30/04/2016	29/04/2016	Santiago de Compostela	D.X. Patrimonio
8	30/06/2016	30/06/2016	30/06/2016	Santiago de Compostela	D. X. Centros Saúde
9	31/08/2016	31/08/2016	31/08/2016	Santiago de Compostela	Augas de G.
10	30/09/2016	30/09/2016	30/09/2016	Santiago de Compostela	Medio Rural
11	31/10/2016	31/10/2016	31/10/2016	A Coruña	C. Traballo
12	31/01/2017	31/01/2017	31/01/2017	A Coruña	Deputación
13	31/03/2017	31/03/2017	31/03/2017	Santiago de Compostela	Augas de G.
14	27/04/2017	27/04/2017	27/04/2017	A Coruña	Industria
		28/04/2017	27/04/2017	Santiago de Compostela	Educación
15	30/06/2017	30/06/2017	30/06/2017	A Coruña	Infraestruturas agrarias
16	30/11/2017	30/11/2017	30/11/2017	Santiago de Compostela	Medio Ambiente
17	28/02/2018	28/02/2018	28/02/2018	FEGAMP	Santiago
18	27/04/2018	27/04/2018	27/04/2018	A Coruña	Delegación
19	31/05/2018	31/05/2018	31/05/2018	A Coruña	Deputación

O número de dietas que se liquidan á Alcaldía-Presidencia ao ano, tendo en conta que a derradeira é do 22 de xullo de 2018 amósanse no seguinte cadro:

Cadro 7: Nº de dietas liquidadas por exercicio

Exercicio	Nº Dietas
2014	69
2015	88
2016	149
2017	108
2018	42
2019	0
TOTAL	**456**

- Por outra banda, o pago das asistencias recibidas pola Alcaldía-Presidencia, non incluídas no obxecto da fiscalización, por non formar parte da comunicación, ascenden a 9.500,00 euros (6.250,00 no 2018 e 3.250,00 no 2019).

b) Respecto dos gastos protocolarios

No apartado I.3 analízase o marco xurídico aplicable aos gastos protocolarios e representativos.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 50 a 120

Á vista da documentación requirida, e da amplitude dos gastos que parecen poder ter amparo, xa non só na regulación aplicable á Administración Local, senón mesmo na regulación prevista para a Administración Xeral do Estado -xa que o principal requisito esixido é a acreditación da necesidade-, estímase que precisamente é este elemento basilar, o que debe quedar solidamente fundamentado no expediente.

No período analizado, a persoa titular da Alcaldía-Presidencia realiza unha serie de gastos en servizos de restauración que a entidade contabiliza como atencións protocolarias. Como xustificación destas só existe a correspondente factura, comprobante ou nota do titular do servizo de restauración.

Ademais respecto destes xustificantes, hai que sinalar que:

1º) Moitos deles carecen dun ou varios dos requisitos legais recollidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación, incluso o de identificación do cliente.

2º) Existen varios que son ilexibles.

3º) Non se identifica o acto do que deriva o gasto, non se identifican aos comensais, nin se acredita a necesidade da súa celebración e se redundan en beneficio ou utilidade da Administración.

Polo tanto, estímase que estes gastos non se atopan xustificados de forma suficiente, ao non achegar información sobre a finalidade e contido do servizo que permita acreditar a necesidade do gasto.

Examinada toda a documentación presentada en relación a estas atencións protocolarias constátanse os seguintes feitos:

- O número total de xustificantes do período detallado por anos é o seguinte:

Cadro 8: Nº de comidas por atencións protocolarias por exercicio

Exercicio	Nº de comidas
2014	55
2015	74
2016	58
2017	79
2018	28
2019	16
TOTAL	**310**

- Compróbase que hai 51 xustificantes de servizos de restauración con data que coincide en sábado ou domingo ou festivo. En dous destes días tamén se liquida unha indemnización por razón do servizo pola persoa titular da Alcaldía-Presidencia.

- Figuran 12 xustificantes con data duplicada orixinada en 6 días.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 51 a 120

- Da comparativa entre as datas das liquidacións de dietas e as das facturas dos gastos protocolarios obsérvase a existencia de 92 coincidencias.

Tendo en conta que en moitos xustificantes é ilexible a data, o número podería ser maior.

A estes efectos, solicitouse ao Concello de Trazo os Decretos de delegacións de funcións e as datas de celebración de Plenos para ver se as datas coinciden coa liquidación de indemnizacións e ou gastos protocolarios.

Desta comprobación de datas obtéñense as seguintes observacións:

- Figuran 15 días nos que o titular da Alcaldía preside un pleno e se liquida tamén unha dieta por visita a un organismo público. Dentro destes días, hai 4 nos que ademais a data coincide cunha factura por gasto protocolario. Solicitáronse ao Concello as actas destes Plenos para determinar o horario no que se realizaron, pero non se facilitaron.

- Tamén figuran 4 días nos que tendo a Alcaldía-Presidencia delegadas as súas funcións, liquida unha dieta por visita a un organismo público.

- Figuran 91 facturas aboadas directamente a servizos de restauración ou ao titular da Alcaldía-Presidencia que coinciden cunha data de liquidación da Alcaldía por indemnizacións por razón do servizo.

- Comprobouse a existencia de 51 xustificantes de restauración con data que coincide en sábado, en domingo ou festivo. En dous destes días tamén se liquida unha dieta.

- Finalmente, o número de días totais coincidentes entre a liquidación de dietas e a realización de gastos protocolarios é o seguinte:

Cadro 9: Nº de datas por atencións protocolarias coincidentes e coa liquidación de dietas

Ano	Núm. facturas por protocolarios	Núm. liquidacións indemnizacións	Datas coincidentes	Total
2014	55	69	11	113
2015	74	88	23	139
2016	58	14	30	177
2017	79	108	27	160
2018	28	42	1	69
2019	16	0	0	16
TOTAL	**310**	**456**	**92**	**674**

IV.8.6. FISCALIZACIÓN DOS GASTOS

O órgano interventor asina a liquidación de dietas realizadas pola Alcaldía-Presidencia baseándose só na declaración das visitas realizadas polo titular da Alcaldía no mes. Emprega para o cálculo do importe de manutención a cantidade de 60,1 euros día que non é a establecida nas BEO (que

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 52 a 120

remite ao RD 462/2002 que é de 53,35 euros polo importe conxunto de comida e cea) e non ten en conta que para xerar o dereito a esta, resulta preciso indicar o horario das encomendas.

No período analizado non hai ningún reparo da intervención.

IV.9 INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO NOS SUPOSTOS DE COBERTURA DE POSTOS RESERVADOS A FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL MEDIANTE NOMEAMENTO POR ACUMULACIÓN

IV.9.1 XUSTIFICACIÓN DA FISCALIZACIÓN

No Plan anual de traballo para o exercicio 2021 aprobado polo Pleno do Consello de Contas o 22 de decembro de 2020, no que respecta a Corporacións Locais, figura un apartado sobre os informes programados a consecuencia de comunicacións presentadas ao efecto, prevéndose a realización dun informe monográfico sobre as indemnizacións por razón de servizo, actividade 1702021-06, que inicialmente comprendía a análise das indemnizacións por razón do servizo dos Concellos de Vilasantar, Catoira e Trazo.

Por acordo do Pleno do Consello de Contas do 23 de xuño de 2021 decidiuse que o obxecto da comunicación presentada sobre as indemnizacións por razón de servizo percibidas polos habilitados nacionais con nomeamento por acumulación no Concello de Valga foran obxecto de inclusión no Plan anual de traballo do exercicio 2021 por ser da mesma temática que as indemnizacións por razón de servizo, actuación 1702021-06.

O citado acordo recollía no apartado primeiro:

«Que a fiscalización dos feitos expostos no escrito referido se teñan en conta polo equipo fiscalizador con ocasión da realización do informe de fiscalización 1702021-06 Informe sobre indemnizacións por razón de servizo previsto no actual Plan anual de traballo (referido ao exercicio 2021)».

IV.9.2 CONCLUSIÓNS DAS INDEMNIZACIÓNS PERCIBIDAS POLOS HABILITADOS NACIONAIS ACUMULADOS NO CONCELLO DE VALGA

1. O Concello de Valga entre os exercicios 2017 e 2021 realizou o pago de dietas aos funcionarios con habilitación de carácter nacional que prestaron servizos mediante un nomeamento por acumulación no citado Concello. Os citados pagamentos amparáronse na normativa xeral reguladora das indemnizacións por razón de servizo o Concello de Valga, en virtude da cal autorizou as indemnizacións por razón de servizo a ditos funcionarios que desempeñaron as funcións reservadas no Concello de Valga.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 53 a 120

2. As percepcións de dietas por desprazamento dos funcionarios con habilitación nacional ao Concello acumulado non están previstas no réxime xurídico aplicable, nin a xustificación documental achegada pode considerarse como suficiente, motivo polo que non se considera suficientemente xustificada nin a percepción das dietas, nin a xustificación destas.

IV.9.3 RECOMENDACIÓNS EN RELACIÓN COAS INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO PERCIBIDAS POLOS HABILITADOS NACIONAIS EN ACUMULACIÓN

1. Recomendase ao Concello de Valga con relación ás indemnizacións por razón de servizo -no que respecta ás dietas e aos gastos por desprazamento- a suxeición ao establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, coa xustificación e documentación que corresponda, tendo en conta que os postos acumulados por habilitados nacionais non devindican dietas, de conformidade co previsto no marco xurídico aplicable.

2. Recoméndase á Comunidade Autónoma que proceda á actualización do réxime de acumulación de funcións de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional previsto no artigo 44 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, complementando a previsión de gratificación de ata o 30% das remuneracións correspondentes ao posto principal, coa posibilidade de devindicar indemnizacións por razón do servizo, en base aos gastos de desprazamento efectivamente realizados e xustificados.

3. Recoméndase a provisión definitiva dos postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional a través do concurso ordinario de méritos previsto no artigo 29 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, que require a súa convocatoria anual polos Presidentes das Corporacións Locais e a publicación simultánea polo órgano competente da Comunidade Autónoma, en lugar de acudir a outras formas de provisión non definitivas como a «acumulación de funcións», que en ningún caso terán carácter estrutural pola súa duración.

IV.9.4 RESULTADOS DERIVADOS DA FISCALIZACIÓN NO CONCELLO DE VALGA

IV.9.4.1. CONTIDO DA COMUNICACIÓN

O 29 de xaneiro de 2021 tivo entrada no Consello de Contas de Galicia a comunicación sobre as indemnizacións percibidas polos habilitados nacionais acumulados no Concello de Valga, polas dietas e gastos de locomoción que se liquidan polo traslado desde o Concello no que teñen o seu destino (Ribeira e Sanxenxo), ata o concello no que exercen as súas funcións en réxime de acumulación.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 54 a 120

Os comunicantes argumentan que tal situación non é conforme ao marco xurídico vixente, xa que a acumulación de funcións regulada no artigo 50 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo e o Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, non supón o desempeño dun segundo posto no sector público, nin a percepción dunha segunda remuneración pública, se non a acumulación de funcións ao posto que xa se ocupa e polo que se percibe unha gratificación de ata o 30 por 100 das retribucións fixas, excluídos os trienios, correspondentes ao posto principal, pero non unha nova remuneración polo desempeño doutro posto de traballo.

Por tanto, considérase que non procede, en relación coas funcións acumuladas, o abono de dietas.

IV.9.4.2. MARCO XURÍDICO VIXENTE

O artigo 50 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, establece, no seu apartado terceiro:

3. O desempeño das funcións acumuladas dará dereito á percepción dunha gratificación a cargo da Entidade Local onde exerce as funcións acumuladas de ata o 30 por 100 das retribucións fixas, excluídos os trienios, correspondentes ao posto principal. As funcións acumuladas deben exercerse fóra da xornada ordinaria do posto de traballo.

Só se poderá desempeñar un nomeamento en acumulación.

Neste sentido, non existe no marco xurídico vixente aplicable aos funcionarios con habilitación de carácter nacional relativa á fórmula de provisión de acumulación, unha regulación que contemple o dereito do persoal funcionario en acumulación a indemnizacións por razón do servizo, polo exercicio das funcións reservadas na entidade a onde teñen que trasladarse por ter a función acumulada. A única mención expresa que se efectúa é a relativa á gratificación mencionada.

A estes efectos, o artigo 3 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, establece que, en ningún caso, poderá ter a consideración de comisión de servizo o desprazamento habitual desde o lugar onde se estea autorizado a residir hasta o centro de traballo, aínda que se atopen en termos municipais distintos.

Conforme ao dito marco xurídico vixente non está previsto o abono de dietas aos funcionarios en acumulación, en tanto unicamente se contempla o dereito á percepción dunha gratificación tanto na normativa estatal básica (Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo), como na normativa autonómica de desenvolvemento.

Adicionalmente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local, concretamente no artigo 8.2 establece expresamente:

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 55 a 120

2. As indemnizacións por razón do servizo ou por residencia en territorio nacional do persoal ao servizo das Corporacións Locais que teñan dereito a elas serán as mesmas que correspondan ao persoal ao servizo da Administración do Estado. En ningún caso haberá dereito a percibir indemnización por casa-habitación.

Con todo, ningún dos supostos contemplados no número anterior do presente artigo darán lugar á percepción de dietas.

Os ditos supostos, previstos no apartado primeiro, son os de desempeño de tarefas ao servizo de agrupacións para sostemento de funcionarios en común, prevéndose na Disposición Transitoria Terceira que nos supostos de acumulación de funcións reservadas será de aplicación «(...) o previsto no segundo parágrafo do número 2, do artigo 8º deste Real Decreto», a saber:

(...) Con todo, ningún dos supostos contemplados no número anterior do presente artigo darán lugar á percepción de dietas.

A maior abondamento, no *Boletín de consultas sobre o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional 2018* da Subdirección xeral de Relacións con outras administracións da Dirección xeral de Función Pública (Consulta 3.23), en resposta a unha consulta sobre a posibilidade de aboar produtividade e dietas por locomoción e desprazamento a un funcionario en acumulación disponse que:

«A acumulación de funcións regulada no artigo 50 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, non supón o desempeño dun segundo posto no sector público, nin a percepción dunha segunda remuneración pública, senón a acumulación de funcións ao posto que xa se ocupa e polo que se percibe unha gratificación de ata o 30 por 100 das retribucións fixas, excluídos os trienios, correspondentes ao posto principal, pero non unha nova remuneración polo desempeño doutro posto de traballo.

Por tanto, considérase que non procede, en relación coas funcións acumuladas, percibir produtividade, nin o abono de dietas».

IV.9.4.3. NOMEAMENTO EN ACUMULACIÓN DOS FUNCIONARIOS HABILITADOS NACIONAIS SECRETARIO E INTERVENTOR

O nomeamento en acumulación do secretario do Concello de Ribeira data do 19 de decembro de 2016 e o do Interventor do Concello de Sanxenxo é do 7 de febreiro de 2017.

Tanto no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional, como no seu precedente o Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, contémplase a acumulación como unha forma de provisión temporal de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional. No mesmo senso, o Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, que desenvolve a normativa estatal básica. Os ditos funcionarios habilitados nacionais, continúan en acumulación no ano 2022.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 56 a 120

Cuantificación dos importes percibidos polos funcionarios habilitados nacionais no Concello de Valga

O importe das indemnizacións por razón de servizo contabilizadas en virtude da acumulación de funcións do titular da Intervención e da Secretaría no período 2017 ata o exercicio 2021 (exercicio no que, por petición propia, deixaron de solicitar as indemnizacións) amósanse nos cadros seguintes:

a) Indemnizacións Interventor en acumulación de funcións

O liquidado nos exercicios nos que recibiu as indemnizacións ascende aos seguintes importes anuais:

Cadro 10: Importes liquidados por dietas (manutención e desprazamentos)

Exercicio	23020- Manutención	23120- Desprazamentos	Total
2017	3.141,60	1.397,76	4.539,36
2018	2.655,40	1.181,44	3.836,84
2019	3.066,80	1.364,48	4.431,28
2020	3.328,60	1.480,96	4.809,56
2021	1.383,80	615,68	1.999,48
Total	**13.576,20**	**6.040,32**	**19.616,52**

b) Indemnizacións Secretario en acumulación de funcións

O liquidado nos exercicios nos que recibiu as indemnizacións ascende aos seguintes importes anuais:

Cadro 11: Importes liquidados por dietas (manutención e desprazamentos)

Exercicio	23020- Manutención	23120- Desprazamentos	Total
2017	2.618,00	1.276,80	3.894,80
2018	2.431,00	1.519,44	3.950,44
2019	3.029,40	1.811,28	4.840,68
2020	3.553,00	1.732,80	5.285,80
2021	1.832,60	893,76	2.726,36
Total	**13.464,00**	**7.234,08**	**20.698,08**

IV.9.4.4. DEREITO Á PERCEPCIÓN DAS INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO POLO EXERCICIO DE FUNCIÓNS EN ACUMULACIÓN

a) Xustificación da entidade en relación co dereito a devindicar de indemnizacións por razón do servizo.

A xustificación para devindicación das indemnizacións por razón do servizo dos funcionarios con habilitación de carácter nacional en acumulación de funcións, que consta nos expedientes de liquidación de gastos do Concello de Valga é o seguinte:

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 57 a 120

LIQUIDACIÓN QUE PRESENTA ESTA INTERVENCIÓN POR SUPLIDO DE GASTOS PRECISOS PARA PODER DESENVOLVER AS SÚAS TAREFAS COMO INTERVENTOR ACUMULADO DO CONCELLO DE VALGA:

1º.-Este funcionario foi nomeado como Interventor acumulado, a petición expresa do Concello de Valga, para desenvolver as súas funciones públicas como interventor acumulado.

2º.-As súas retribucións son exclusivamente, o 30% das propias, fixadas para o exercicio das súas funcións no seu posto de orixe. Deste cómputo excluirase, no seu caso, o complemento de produtividade do posto de orixe, así como calquera outra retribución non fixa na súa contía e devengo, e de igual modo a percepción de pagas extraordinarias.

3º.-Non obstante, para poder desenvolver esas funcións, é preciso que me traslade cando menos unha vez á semana ao Concello de Valga, xerando importantes gastos que deben ser suplidos ao ser imprescindibles e inherentes ao desenvolvemento das funcións interventoras propias, dado que ter que trasladarse do municipio do seu posto de orixe ao municipio do posto de destino acumulado. Caso contrario o haber retributivo a percibir se reduciría a case o 15%.

4º.-Estes gastos deben ser suplidos de acordo coa normativa vixente que a continuación se refire:

A.-GASTOS DE LOCOMOCIÓN:

I.-A Orde EHA/3770/2005, de 1 de decembro, establece:

Artigo 1. Revisión do importe da indemnización: "Actualízase o importe da indemnización a percibir como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular en comisión de servizo, prevista no artigo 18.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, que queda fixado en 0,19 euros por quilómetro percorrido polo uso de automóbiles e no 0,078 euros polo de motocicletas."

A aplicación orzamentaria de subsunción de estes gastos, conforme dispón a Orde EHA/3565/2008, do 2 de decembro, pola que se aproba a vixente Estrutura orzamentaria para as Entidades Locais, é do capítulo 2, artigo 23, concepto 231 "Locomoción".

II.-Deberemos dilucidar en segundo lugar si os gastos de locomoción integran ou non os rendementos de traballo persoal aos efectos do imposto sobre da renda das persoas físicas (IRPF), de acordo ao artigo 17 da Lei do IRPF.

Para iso deberemos examinar a Lei 35/2006, do 28 de novembro de rendementos do traballo persoal no seu artigo 17 da seguinte forma:

Artigo 17. Rendementos íntegros do traballo: "1. Considerararanse rendementos íntegros do traballo todas as contraprestacións ou utilidades, calquera que sexa a súa denominación ou natureza,

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 58 a 120

dinerarias ou en especie, que deriven, directa ou indirectamente, do traballo persoal ou da relación laboral ou estatutaria e non teñan o carácter de rendementos de actividades económicas.

a) Os soldos e salarios.

b) As prestacións por desemprego.

c) As remuneracións en concepto de gastos de representación.

d) As dietas e asignacións para gastos de viaxe, agás os de locomoción e os normais de manutención e estancia en establecementos de hostalería cos límites que regulamentariamente se establezan."

Do exame deste artigo deducimos, que efectivamente, con carácter xeral, os gastos de locomoción, así como os ordinarios de manutención en concepto de dietas, non constitúen rendementos íntegros do traballo e polo tanto non están suxeitos a IRPF. Se se tratan de auténticos gastos de locomoción debidamente xustificados, as percepcións considéranse como unha indemnización por razón do servizo, e NON SON RENDEMENTOS DO TRABALLO PERSOAL NIN POLO TANTO ESTÁN SUXEITOS A IRPF.

B.-GASTOS DE PEAXE: O traslado en vehículo propio efectúase a través, parcialmente, da Autoestrada AP-9, debendo ser suplidos as peaxes. Isto é así por ser a vía de comunicación máis rápida para poder efectuar o traslado.

C.-GASTOS DE DIETAS EN MANUTENCIÓN: Os días de traslado, debo proceder a comer e cear fóra do meu lugar habitual de residencia, debendo percibir por iso unha "media dieta" de manutención de acordo á seguinte normativa e consideracións:

DIETAS: As dietas deberán estar xustificadas, e a súa percepción será a que establezan o RD 462/2002, e a súa normativa de desenvolvemento.

Necesitarase unha xustificación primaria e, en ocasións outra de concreción cuantitativa. A primaria é que se deberá acreditar o motivo para a percepción da dieta e a locomoción, é dicir, a realidade da encomenda, encargo, ou tarefa despregada con ocasión das funcións públicas que sexan a causa da percepción das dietas.

A concreción dependerá do sistema de percepción: Se se aplica directamente a normativa do RD 462/2002, será suficiente a xustificación primaria e percibirase a cantidade fixada por esta norma, sexan cales sexan os gastos que lle ocasionou ao perceptor a xestión ou función pública.

Resolución de 2 decembro 2005 FUNCIONARIOS PÚBLICOS. Fai público o Acordo de Consello de Ministros do 2 de decembro de 2005, polo que, en cumprimento do disposto na disposición final

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 59 a 120

cuarta do Real Decreto 462/2002, do 24-5-2002 (RCL 2002\1393), revísase o importe das dietas en territorio nacional establecidas no seu anexo II.

Para os efectos desta norma xurídica a acumulación opera como unha comisión de servizos ao darse os supostos do artigo 1 a 3 desta norma:

***Artigo 3. Definición das comisións de servizo con dereito a indemnización**: "1. Son comisións de servizo con dereito a indemnización **os labores especiais que circunstancialmente se ordenen ao persoal comprendido no artigo anterior e que deba desempeñar fose do termo municipal onde radique a súa residencia oficial**, entendéndose como tal o termo municipal correspondente á oficina ou dependencia en que se desenvolvan as actividades do posto de traballo habitual, salvo que, de forma expresa e segundo a lexislación vixente, autorizouse a residencia do persoal en termo municipal distinto ao correspondente ao devandito posto de traballo e fágase constar na orde ou pasaporte en que se designe a comisión tal circunstancia".*

Dita autorización non altera o concepto de residencia oficial polo que, en ningún caso, poderá ter a consideración de comisión de servizo o desprazamento habitual desde o lugar onde se estea autorizado a residir ata o do centro de traballo, aínda que estes atópense en termos municipais distintos.

2. Nas situacións administrativas nas que o persoal continúe percibindo as súas retribucións das Administracións públicas e demais organismos establecidos no artigo 2.1 anterior, non se considerarán comisións de servizo con dereito a indemnización aqueles servizos que estean retribuídos ou indemnizados por un importe igual ou superior á contía da indemnización que resultaría por aplicación do presente Real Decreto, calquera que sexa a Administración ou organismo nacional ou internacional, público ou privado, que retribúa ou indemnice o servizo. As comisións nas que o importe da devandita retribución ou indemnización fose inferior á contía da indemnización que por aplicación do presente Real Decreto corresponda serán resarcidas pola diferenza entre a devandita indemnización e o importe mencionado.

SENDO NESTE CASO:

1º.-A expresión normativa "comisión especial" debe entenderse, neste caso, que é a propia acumulación en si mesma considerada, debidamente solicitada e autorizada.

2º.-A residencia oficial é a propia do posto de orixe, é dicir, o Concello de Sanxenxo, estando ademais acreditado o feito de dispor o perceptor da súa residencia particular nese municipio.

3º.- No presente caso non se trata dunha comisión de servizos estrito sensu, senón dunha acumulación que nos termos autorizados, supón a prestación de servizos, tanto no posto de orixe como no posto de destino do acumulado, é dicir, tanto en Sanxenxo como en Valga coincidente

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 60 a 120

nos mesmos días (mañá nun e tarde noutro), non sendo de aplicación en consecuencia o apartado 2 do artigo 3 do RD 462/2002 (que ademais utiliza a expresión "continuar" no que a situacións administrativas refírese, por exemplo a de servizos especiais, o cal non é o caso), dado que a gratificación do 30% das retribucións do posto de orixe (retribución máxima por todos os conceptos referida no artigo 31 do Real Decreto 1732/1994, do 24 de xullo, modificado por Real Decreto 834/2003, normativa que se mantén en vigor tras a Lei 27/2013) está destinada a Retribuír o exercicio das funcións (sendo compatible, no seu caso, coa percepción de complemento de produtividade), para cuxo exercicio é ademais preciso incorrer nos gastos descritos.

4º.- O concepto gratificación ao que se refire o artigo 31 do RD 1732/1994, non é coincidente co concepto de gratificación referido na Lei 7/2007, xa que, o primeiro é unha auténtica retribución fixa, unha vez que se acoutou nun porcentual concreto da banda comprendida entre o 0 e o 30%.

b) Xustificación dos expedientes de gasto de indemnizacións.

1. Xustificación recibida.

A única documentación achegada son as liquidacións mensuais realizadas por cada un dos habilitados nacionais en réxime de acumulación. Na liquidación indican os días nos que se trasladan desde o seu domicilio habitual ao concello, mais non especifican as horas de saída e chegada.

En todo caso, liquidan a dieta de manutención íntegra, que supón a imputación dos gastos de manutención correspondentes á comida e á cea, sen incorporar xustificante algún.

No caso da persoa titular da Intervención, liquídanse uns gastos de peaxe dos que non inclúe os correspondentes xustificantes.

Tamén neste suposto, os días 27 de xullo, 13 de outubro e o 28 e novembro do 2017 liquídanse os importes correspondentes a dúas viaxes (quilometraxe e peaxe) e dúas dietas de gastos de manutención íntegras (comida e cea).

2. Análise da xustificación en relación coas indemnizacións e o réxime horario.

Respecto desta forma de xustificación cabe realizar as seguintes observacións:

A norma que recolle os documentos a presentar para a percepción destas indemnizacións é a Orde do 8 de novembro de 1994 sobre xustificación e anticipos das indemnizacións por razón do servizo, tal e como se sinala no apartado I.3.

Na xustificación da liquidación no suposto en cuestión, asimílase a situación en acumulación a unha comisión por razón do servizo.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 61 a 120

Aínda neste suposto hipotético vinculado á aplicabilidade do réxime previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, existirían os seguintes defectos cualificados na xustificación:

a) Gastos de manutención.

Non se xustifica o motivo da imputación íntegra dos gastos de manutención (comida e cea). De acordo co Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, tería dereito á comida se a comisión se inicia antes das 14 horas (cousa pouco probable se fai o horario que lle corresponde no seu concello de orixe) e terá dereito á cea se retorna despois das 22 horas. No expediente non se achegan datos nin xustificantes que permitan comprobar estes feitos.

b) Gastos de locomoción.

Respecto dos gastos de locomoción, ao indicar que se trasladan en vehículo particular, só teñen que xustificar o motivo do desprazamento, mais no caso das peaxes que se liquida o titular do órgano interventor tería que incorporar a súa xustificación documental, non sendo o caso. Desde o Concello de Valga a xustificación que se efectúa á petición de información complementaria, non achega os xustificantes dos gastos de peaxe, só alude á existencia duns xustificantes bancarios de gasto de telepeaxe que non se inclúen na resposta ao requirimento de información, sen que se acrediten nin as horas de ida, nin de retorno -aos efectos de xustificar a dieta de manutención íntegra-, nin as rutas efectuadas e a aplicación de descontos por habitualidade que operan na vía empregada, o que cuestionaría que se tratasen de gastos efectivos. Na dita xustificación confúndense os conceptos de dieta de manutención e dieta de aloxamento, tal e como se contemplan no apartado I.3.1 do presente informe.

c) Xornada laboral.

A xustificación recibida do Concello de Valga, en relación ao requirimento efectuado sobre a xornada laboral destes funcionarios, baseada na inexistencia dun horario nin día de asistencia fixos ou preestablecidos de forma estruturada para os habilitados, salvo no suposto da secretaría en relación cun día. Se ben indícase que se as asistencias eran pola mañá, xeralmente estendíase á tarde, e se eran pola tarde adoitaban chegar a última hora da mañá para garantir a interlocución co persoal municipal. Neste escrito tamén informa de que no caso da intervención, xeralmente as asistencias efectúanse unha ou dúas veces á semana e en ocasións pola tarde ou horario vespertino. No caso da secretaría está establecido como día de asistencia física á semana os mércores, así como sempre que é requirido para asistencia a sesións plenarias, ou da Xunta de Goberno, mesas de contratación e a outras reunións específicas, que ven a supoñer unha asistencia presencial media de oito días mensuais. Esta ausencia de horario fixo, fai máis necesaria a xustificación da xornada realizada para a comprobación da posibilidade de devindicar a correspondente indemnización por razón do servizo.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 62 a 120

En ningún caso cabe resarcir gastos por manutención dúas veces nun día como liquida o titular da Intervención os días: 27 de xullo, 13 de outubro, 28 de novembro de 2017 e o 30 de novembro de 2018. Nestas datas tamén xustifica dúas veces os gastos de locomoción e de peaxe, que para poder ser admitidos tería que motivalos particularmente.

Nalgunhas liquidacións do titular do órgano interventor constan datas posteriores á da propia liquidación e nalgúns casos son anteriores ao decreto de aprobación. Estes supostos resúmense no cadro seguinte:

Cadro 12: Incongruencias en datas de liquidación e de aprobacións

Data liquidación	Data aprobación	Última data liquidada
27/07/2017	28/07/2017	31/07/2017
30/08/2017	30/08/2017	31/08/2017
30/10/2017	31/10/2017	31/10/2017
28/12/2017	28/12/2017	29/12/2017
27/02/2018	28/02/2018	28/02/2018
31/07/2018	30/07/2018	31/07/2018
26/12/2018	26/12/2018	28/12/2018
29/05/2019	30/05/2019	30/05/2019
26/09/2019	27/09/2019	30/09/2019
29/11/2019	28/11/2019	29/11/2019

Nas liquidacións do titular da Secretaría só se atopa unha discrepancia de datas en setembro de 2017, en que a data da liquidación é do 28 e a da aprobación do 27, en novembro de 2019 que datan a liquidación o 26 de outubro cando as dietas son de novembro e o decreto de aprobación ten data 26 de novembro.

Comparando os maiores coas liquidacións atopamos os seguintes feitos:

a) Hai as seguintes discrepancias entre os importes contabilizados e as liquidacións:

No ano 2018 aboase ao titular da Secretaría por gastos de locomoción correspondentes ao mes de agosto 224,4 euros máis do importe que liquida.

En setembro de 2019 a suma de dietas e locomoción liquidadas polo interventor contabilízanse erroneamente no concepto «231. Obrigas contraídas polo persoal por razón do servizo en concepto de gastos de desprazamento e locomoción».

b) Hai liquidacións de indemnizacións todos os meses do ano.

c) Non achegan xustificación do período de vacacións que teñen cada un dos habilitados.

d) Imputación de gastos de manutención íntegros e nalgúns casos dobres.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 63 a 120

V. ASISTENCIAS POLA CONCURRENCIA EFECTIVA ÁS SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS

V.1 XUSTIFICACIÓN DA FISCALIZACIÓN

A fiscalización é consecuencia da decisión pola que o Pleno do Consello de Contas considera a conveniencia de examinar os feitos comunicados a través do rexistro do Consello de Contas do 29 de novembro de 2022, polo que se informaba de supostos indicios de irregularidades na constitución e funcionamento das Comisións de Coordinación no Concello de Valga.

O Pleno do Consello de Contas o 29 de decembro de 2022 acordou a inclusión da fiscalización no «Informe horizontal sobre percepcións económicas non salariais e indemnizacións por gastos efectivos en entidades locais: indemnizacións por razón do servizo, asistencia a órganos colexiados e outros gastos», en virtude da identidade do ámbito obxectivo e subxectivo cos traballos en curso.

V.2 CONCLUSIÓNS EN RELACIÓN COA COMUNICACIÓN RELATIVA ÁS ASISTENCIAS POLA CONCURRENCIA EFECTIVA ÁS SESIÓNS DAS COMISIÓNS DE COORDINACIÓN DE CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS DO CONCELLO DE VALGA

1. Desde o ano 1991 ata o 15 de xuño de 2017 tanto as reunións como as percepcións de asistencias á Comisión de Coordinación non se adecúan á legalidade ao non estar previsto como órgano complementario no Regulamento Orgánico Municipal, tal e como require o artigo 20.3 da LRBRL e o correlativo artigo 59 da LALGA.

2. O 15 de Xuño do 2017 constitúese formalmente a devandita Comisión de Coordinación no Concello de Valga. Nesa data é cando o Regulamento Orgánico Municipal do concello crea mediante Acordo plenario a *Comisión de Coordinación de Concelleiros/as Delegados/as* (artigo 14) como órgano complementario e regula a súa composición pola persoa titular da Alcaldía-Presidencia e as persoas que ostentan delegacións de área, como órgano de natureza consultiva e deliberante.

No artigo 14 *in fine* do Regulamento Orgánico Municipal do concello indícase que «(...) de cada sesión da Comisión de Coordinación levantarase acta por parte dun concelleiro/a designado no seu caso, e que terá a condición de concelleiro/a Secretario/a da Comisión de Coordinación, podendo igualmente nomearse concelleiro/a secretario/a suplente».

A previsión do citado artigo 14 transcrito conculca a esixencia legal de que sexa un funcionario/a público o que actúe como Secretario/a da devandita Comisión de Coordinación, tal e como se dispón no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, ao definir

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 64 a 120

a función pública de secretaría, que integra a fe pública en relación coas sesións que celebren o Pleno, a Xunta de Goberno e calquera outro órgano colexiado da Corporación no que se adopten acordos que a vinculen.

3. A regulación da Comisión de Coordinación carece dalgúns dos elementos esenciais que dispón o artigo 59.3 da LALGA como a delimitación das súas funcións e competencias ou os créditos necesarios para a súa posta en funcionamento, o que imposibilita determinar se as funcións asignadas a dito órgano complementario xustifican o establecemento dun réxime de indemnizacións por asistencia, así como o cumprimento do mandato previsto no apartado 4 do citado artigo, en relación coa prohibición expresa de duplicidades de órganos existentes na organización municipal.

4. Debilidade manifesta do control interno. Durante o período analizado o órgano interventor non emite reparos en relación con ditas percepcións económicas.

V.3 RECOMENDACIÓNS ESPECÍFICAS AO CONCELLO DE VALGA

1. De estimarse preciso o mantemento da *Comisión de Coordinación de Concelleiros/as Delegados/as* como órgano complementario do Concello de Valga resulta preceptivo a súa adecuación ao marco xurídico vixente, no relativo á delimitación das súas funcións e competencias, a determinación dos créditos necesarios para o seu funcionamento e a xustificación da non existencia de duplicidades con outros órganos municipais, sen a previa supresión ou restrición de competencias destes, e a xustificación do establecemento dun réxime de indemnizacións por asistencia atendendo ás funcións e competencias encomendadas.

2. No suposto de mantemento da citada Comisión de Coordinación o seu réxime de organización e funcionamento debe axustarse á normativa de réxime local, en relación coa presenza preceptiva como secretario/a dun funcionario/a público que vele pola legalidade formal e material das actuacións do órgano colexiado, certifique as súas actuacións e garanta que os procedementos e regras de constitución e adopción de acordos son respectados. Máxime no suposto en que os asistentes ás sesións da Comisión de Coordinación perciben asistencias pola concorrencia efectiva, o que configura como imprescindible o levantamento de acta das sesións que acrediten tanto a súa celebración, como a relación de asistentes, que implica a función de fe pública prevista no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

3. O control interno do concello debe acreditar o cumprimento das operacións, así como a súa xustificación, e no caso de que o criterio seguido pola entidade non sexa conforme co marco xurídico aplicable, poñelo de manifesto por medio do correspondente reparo da intervención conforme ás obrigas previstas no artigo 5 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 65 a 120

regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, e as súas obrigas de remisión de información de control interno ao Consello de Contas.

O dito reparo debera incluír mención expresa ás autoridades e ao persoal ao servizo das entidades das consecuencias e responsabilidades que derivan das devanditas actuacións, conforme ao disposto nos artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

4. Así mesmo resulta obrigatoria a remisión da información relativa ao exercicio do control interno ao Consello de Contas de Galicia (https://www.ccontasgalicia.es/gl/content/rendicion-do-sector-local-v2), conforme ao disposto na Resolución do 10 de marzo de 2020, anteriormente citada, a través da plataforma de rendición de contas das entidades locais e con anterioridade á data límite: 2 de maio. E iso, en virtude do deber de colaboración previsto no artigo 23 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, de conformidade co disposto no artigo 223.4 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que impón a obriga de remisión da información que se sinala nos artigos 5.2, 12.5, 15.7 e disposición adicional quinta do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, así como a información xeral sobre a estrutura do órgano de intervención, da actividade que desenvolve e os resultados obtidos.

V.4 RESULTADOS DOS TRABALLOS DERIVADOS DA FISCALIZACIÓN

V.4.1. CONTIDO DA COMUNICACIÓN RECIBIDA

Comunícase o pago por parte do citado Concello, aos Concelleiros/as delegados/as do grupo de goberno de asistencias pola concorrencia efectiva á Comisión de Coordinación. Alégase que dita comisión non ten cobertura xurídica de ningún tipo e que son reunións do grupo político municipal que da sustento ao goberno, que se celebran -supostamente- semanalmente nas dependencias da entidade local, sen asistencia de funcionario/a algún.

Achégase unha acta dunha reunión da Comisión de Coordinación dos Delegados datada o 2 de xaneiro de 2015, da que resulta que actúa como Presidente o propio Alcalde e como secretario un dos concelleiros asistentes ás devanditas reunións. Non se achegan máis actas da referida.

Asemade, sinálase que as reunións da devandita Comisión carecen de funcionalidade para a administración municipal, e cada un dos concelleiros de goberno desde o ano 1991 percibiu unha cantidade, superior á de calquera órgano colexiado no concello, pola asistencia ás devanditas reunións. Na actualidade, perciben 75€ por cada asistencia como se acredita na proposta de Alcaldía para o Pleno organizativo da corporación.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 66 a 120

En base a estes feitos presentouse denuncia penal perante o xulgado de Caldas de Reis. No devandito Xulgado incoáronse as Dilixencias Previas 322/2016 nas que se solicitou informe ao Colexio de Secretarios e Interventores de Administración Local (COSITAL).

No devandito informe, conclúese que «para determinar no presente caso a legalidade da percepción de dietas por asistencia a Comisións de Coordinación de delegados, habería que determinar, o que non se desprende da documentación achegada, se estas funcións teñen suficiente entidade como para xustificar ou establecemento dun réxime de indemnizacións na contía que se establece, se estas funcións non se solapan respecto das realizadas por outro órgano da corporación e que non resulta superfluo respecto da organización municipal regulada pola normativa de réxime local».

Nas citadas Dilixencias Previas acordouse o sobresemento provisional da causa e o arquivo do procedemento, acordándose posteriormente o auto de arquivo definitivo da causa penal, no que se sinala expresamente que malia que non corresponde estimar a existencia dun delito de prevaricación e malversación, as actuacións "(…) poderían ter dado lugar, no seu caso, a un expediente administrativo no que se puidese declarar a nulidade dese gasto noutro orde xurisdicional».

Neste sentido, citando a xurisprudencia do Tribunal Supremo (entre outras, sentenza 49/2010, de 4 de febreiro) destaca que «(…) non se trata de substituír a Xurisdición Administrativa, na súa labor de control da legalidade da actuación da Administración Pública, pola Xurisdición Penal a través do delito de prevaricación, senón de sancionar supostos límite, nos que a actuación administrativa non só sexa ilegal, senón ademais inxusta e arbitraria. Pero máis aínda, o carácter doloso do delito en cuestión implica que por parte do suxeito activo se teña coñecemento desa ilegalidade caracterizada nos termos que se acaban de describir».

V.4.2. REGULACIÓN INTERNA DO CONCELLO DE VALGA EN MATERIA DE ASISTENCIAS POR CONCORRENCIA EFECTIVA ÁS SESIÓNS DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN

No apartado I.3 do presente informe contémplase o marco xurídico vixente en relación coa constitución de órganos complementarios nas entidades locais. Neste sentido, no Concello de Valga non foi ata o 15 de xuño de 2017 cando se regula por primeira vez no Regulamento Orgánico Municipal a *Comisión de Coordinación de Concelleiros/as Delegados/as*, malia que se acredita a súa existencia á marxe do Regulamento Orgánico Municipal e do marco xurídico aplicable dende o ano 1991.

No citado artigo 14 prevese a citada Comisión de Coordinación:

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Cabe destacar que **os membros do grupo municipal do BNG**, que denuncian, anos despois da súa aprobación, a percepción da indemnización en Fiscalía, Consello de Contas e INSS, **tamén a aprobaron cos seus votos na sesión plenaria de 2015**, e non teñen presentado, nos exercicios posteriores, **ningunha reclamación ou recurso administrativo ou contencioso-administrativo** contra a mesma, nun claro exercicio de contradición inxustificable, por canto de todos e coñecido que ninguén pode ir contra os seus propios actos, principio xurídico recollido na xurisprudencia. Atrévome a dicir que, por non ter argumentos xurídicos para opoñerse ou recorrer, nos exercicios posteriores, os acordos plenarios, deixaron que outras institucións e organismos públicos fixeran o traballo que a eles, como oposición, lles correspondía.

2º. Carácter da indemnización.

a) Resulta evidente que a indemnización acordada polo Pleno da Corporación **non é un resarcimento de gastos efectivamente realizados (locomoción, dieta, aloxamento, peaxe, aparcamento, etc.)**, se non que ten o carácter de **"lucro cesante"**, de ganancia deixada de obter polo tempo de ocupación que esixen as tarefas do cargo, e tamén, en definitiva, pola perda ou dedicación de un tempo a unha actividade cando se podería ter dedicado a outra actividade particular.

Como de sobra coñece o Consello de Contas, a xurisprudencia ao respecto deste tipo de indemnizacións **non é pacífica**, pero precisamente por isto, débese ter en conta,

Cod. Validación: 95QFXCF7D7DKT5S7E5K522N7X | Corrección: https://catoira.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 16

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 85 a 120

CSV: BOPGDSPG-ITglA0Pfm-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

prioritariamente, aquela que resulte de aplicar o sentido común a cada caso en concreto, sen prexuízo de entender que, por aplicación do principio xurídico **"o que non está prohibido, está permitido"**, recollido para o ámbito administrativo en sentencias como a do Tribunal Supremo de 9 de xuño de 1987, rec. 1588/1985, que recolle a facultade de facer licitamente, sen necesidade de autorización expresa, todo o no prohibido, seguindo, como é lóxico, o procedemento legalmente establecido, como neste caso supón a probación polo Pleno da Corporación da indemnización que se cuestiona.

Aínda que o Anteproxecto de Informe xa as cita, non está de máis recoller os fundamentos xurídicos dalgunha das sentencias que avalan a legalidade da indemnización aprobada en Catoira:

-Sentencia do Tribunal Supremo de 13 de decembro de 2.000 (rec.3526/1995):

"Convén lembrar, con todo, que por mor do pronunciamento do Tribunal Constitucional 214/89 esta Sala tivo sobradas ocasións para pronunciarse en torno ao problema da orde de suposta prelación xerárquica entre os regulamentos municipais locais e as normas regulamentarias emanadas do Estado e Comunidades Autónomas, deixando ben sentado (Sentenzas 20 de maio e 15 de xuño de 1.992, 26 de setembro e 12 de novembro de 1.997, 11 de maio de 1.998, entre outras), non soamente que de ningún xeito cabe descoñecer a subordinación dos devanditos regulamentos orgánicos ás normas con carácter de Lei do Estado e Comunidades Autónomas, senón que a súa eficacia con relación á normativa meramente regulamentaria emanada dos mesmos non pode describirse en termos de primacía ou subordinación, ***senón que partindo do modelo organizativo común delineado para as Entidades Locais pola normativa estatal, é innegable a facultade de que gozan estas últimas para dotarse dunha organización complementaria, como consecuencia da súa capacidade de autogoberno, que desenvolvendo o modelo antedito permítalles engadir, mesmo, novas regras que aclaren, desenvolvan e completen o modelo deseñado, aínda que sen alteralo nin contradicilo****."*

"E é que calquera que sexa o sentido que haxa de outorgárselle ao artigo 75 da Lei de Bases do Réxime Local, non cabe dúbida de que está a contemplar un abanico de posibilidades máis amplo que o recolleito no artigo 13.5º; o cal permite que, en desenvolvemento dese precepto legal básico, o Regulamento Municipal Orgánico do 5 de decembro de 1.987 acóllase á posibilidade, xa apuntada no seu día pola Resolución da Dirección Xeral de Administración Local do 27 de xaneiro do mesmo ano, de regular de modo diverso as situacións concretas que dan lugar ao percibo da indemnización, sequera iso non haxa de desvirtuar o carácter ocasional, incompatible cunha remuneración fixa e periódica a percibir polo mero desempeño do cargo do Concelleiro, das compensacións previstas para os membros das Corporacións non suxeitos a dedicación exclusiva, como se desprende do mesmo artigo 75."

"Iso non é óbice para que se recoñecera, así mesmo, a lexitimidade das compensacións económicas que acorde o Pleno da Corporación pola maior dedicación e asunción de responsabilidades que supón o desempeño de actividades de xestión sobre engadidas ao simple cargo de Concelleiro, xa que entón o seu abono obedece á realización desas actividades extraordinarias, que precisamente no caso dos Concelleiros-Delegados posibilitan o artigo 21 da Lei de Bases e 43 do R.D. 2.568/86 (Sentenza desta mesma Sala do 18 de xaneiro de 2.000). A maior dedicación que iso implica xustifica o outorgamento da indemnización como compensación á perda do eventual beneficio económico que podería reportar a realización doutras actividades de índole particular, sen que iso signifique que haxa de deixar de ponderarse a contía da compensación outorgada. Agora ben: é indubidable que a cuantificación do beneficio económico deixado de percibir

Cod. Validación: 95GFXCF7D7DK1S3TE5K522N7X | Corrección: https://catoira.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 16

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 86 a 120

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non pode fixarse coa desexada exactitude na maioría das ocasións, comportando con iso a posibilidade, e aínda a conveniencia, de fixar unha cifra concreta que sirva de módulo indemnizador. Se ese módulo é razoable, e a suma de 2.100 pesetas a hora, cun límite máximo de 60 horas mensuais por Concellería, o é, requiríndose ademais a previa xustificación do número de horas de dedicación a remunerar polo concepto correspondente, o acordo impugnado axústase ás previsións do artigo 75 da Lei 7/85…"

***-Sentenza do Tribunal Supremo de 12 de xullo de 2006 (rec.3977/2003)**:*

Convén **resaltar esta sentenza por enriba de todas** (sentenzas que menciona o Anteproxecto de Informe de 3 e 10 de xullo, 18 de xaneiro e 13 de decembro de 2000 e 6 de febreiro de 2001, entre outras) porque foi ditada polo **Tribunal Supremo** (órgano xudicial de superior rango que os Tribunais Superiores de Xustiza) **cando xa estaba en vigor a reforma do artigo 75 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, introducida pola Lei 11/1999, do 29 de decembro**, de modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e outras medidas para o desenvolvemento do Goberno Local, en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria e en materia de augas.

*"Pois ben, á luz de todo o anterior, pódese e débese entender, que o concepto de indemnización a que se refire o artigo 75 da Lei 7/85 non se esgota coas indemnizacións a que se refire o artigo 13 do Real Decreto , dunha parte, porque como se viu a norma de inferior xerarquía que trata de desenvolver unha Lei non pode alterar ou restrinxir o seu contido, e doutra, principalmente porque mentres a Lei, no seu artigo 75, fala con xeneralidade e sen ningunha limitación de indemnización o Real Decreto refírese a indemnizacións por gastos, e é sabido que a indemnización por estar destinada, tanto no seu significado gramatical, usual ou xurídico a resarcir un dano ou prexuízo, este dano ou prexuízo, tanto pode vir, por un gasto realizado, **como por unha ganancia deixada de obter como consecuencia do traballo ou dedicación que impida a obtención doutro ingreso durante o tempo que tal traballo ou dedicación ao cargo sexa esixido, como en fin, pola "perda" ou dedicación dun tempo a unha actividade cando se podía dedicar a outra actividade particular**. Do que facilmente se pode inferir que a indemnización por gasto realizado, a que se refire o artigo 13 do Real Decreto 2568/86 , non esgota nin con moito o concepto xenérico e sen concreción algunha que de indemnización, refire a Lei 7/85.*
Doutrina que reiteramos en Sentenzas de tres e dez de xullo e trece de decembro de dous mil e seis de febreiro de dous mil uno, entre outras."

Creo que sobran comentarios, á vista da claridade do fundamento xurídico da sentenza do Tribunal Supremo nun caso, como se di no Anteproxecto de Informe, "análogo".

b) A indemnización aprobada polo Pleno da Corporación, **non é unha retribución**, non consiste nunha cantidade **periódica e fixa**, por máis que non Anteproxecto de Informe conteña a frase ***"A xuízo deste órgano, no caso en cuestión… cabería ser interpretado como unha retribución encuberta."*** Pois vai a ser que non, que dito xuízo e subxectivo e interesado, e que se formula **contradicindo o que a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo establece** para caso **"análogo"**.

Precisamente, por ser unha indemnización diaria, **non se corresponde cunha retribución mensual**, e a súa contía, na práctica, non se ten repetido ao longo dos meses, xa que logo **non se percibe se non se asiste ao concello**, independentemente de que se liquide mensualmente. Por certo, canta diferencia coas indemnizacións dos deputados, que se cobran de forma periódica e fixa se celebren sesións no parlamento ou non.

Cod. Validación: 95QFXCF7D7DKT5S7E5K522N7X | Corrección: https://catoira.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 16

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 87 a 120

CSV: BOPGDSPG-ITglA0Pfm-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por isto mesmo, polo seu carácter de indemnización por perda ou lucro cesante, tampouco ten nada que ver cos casos que se citan no Anteproxecto de Informe, estudados polo Tribunal Administrativo de Navarra e os Tribunais Superiores de Cataluña e Castela e León, que resolveron supostos nos que se establecía unha *cantidade* ***fixa mensual*** *como indemnización, «en concepto de compensación por indemnización de* ***gastos ocasionados*** *no exercicio do seu cargo»*, aínda que, postos a pedir, non estaría de máis que os privilexios dos deputados se ampliaran aos membros das Corporacións Locais, que son, igual que eles, servidores públicos.

3º) Contía da indemnización.

Convén ter en conta que a dedicación exclusiva, total ou parcial, que prevé o artigo 75 da Lei 7/1985, **non é obrigatoria, se non voluntaria**, pero que isto non pode significar que un membro da Corporación Local desenvolva actividades e dedique tempo ao cargo, podéndose dedicar a outra activade particular, **e non sexa indemnizado pola súa dedicación e responsabilidade**.

Por iso, as Bases de Execución dos Orzamentos de Catoira contempla que **"***De non exercer o seu cargo con dedicación exclusiva, o Alcalde-Presidente percibirá por asistencia diaria e desenvolvemento das súas funcións e responsabilidades de goberno a* ***cantidade equivalente ao 75% do importe da dieta de manutención en España.***"**, é dicir, **75 euros**, cantidade máis que prudente se temos en conta que, pola indemnización de asistencia ás Comisións Informativas, que teñen **unha duración media de 10 minutos**, os membros da Corporación perciben **50 euros**, e pola indemnización de asistencia ás sesións plenarias, que duran, de media, **30 minutos**, unha cantidade de **72 euros**. Nin que dicir ten, que na maioría das ocasións, os/as concelleiros/as se limitan, durante a celebración das sesións, a votar no sentido que anuncian os voceiros dos grupos nos que se integran, e máis nada.

Polo contrario, o Alcalde-Presidente que exerce o seu cargo e desenvolve as súas funcións e responsabilidades de goberno sen dedicación exclusiva, cada día que asiste ao concello, reúnese co persoal traballador para coordinar, coñecer os asuntos novos e impartir ordes; cos membros do seu grupo e goberno, para compartir información e tomar decisións; con veciños/as que, a título particular, requiren da súa atención en asuntos relacionados coa administración local; coas asociacións de veciños, para coñecer as súas petición e inquedanzas; con representantes doutras administracións, para acordar as bases da colaboración e cooperación mutuas, etc. etc., sen esquecer que asina documentos, lee a correspondencia, redacta escritos para ser mecanografados e remitidos aos seus destinatarios e, cando toca, se despraza a outras localidades (o que supón máis tempo de dedicación) para realizar as xestións que redunden en beneficio do municipio.

Por último, **non é certo** que concretar a cantidade da indemnización referenciándoa ao que se percibe por dieta de manutención en España supoña **"***...unha asimilación na súa determinación ao réxime de gastos efectivos…***"** e parécelle a este informante que o órgano que confecciona o Anteproxecto de Informe remitido a este concello, non fai máis que contradicirse no intento de xerar confusión onde non a hai, porque non só o título do apartado onde ser recolle a indemnización cuestionada **"***4. Respecto das indemnizacións por asistencia diaria ao concello:***"**, se non tamén a súa definición **"***...percibirá por asistencia diaria e desenvolvemento das súas funcións e responsabilidades de goberno...***"**, non deixan lugar a dúbidas do carácter desta indemnización, como ganancia deixada de obter, dedicación que impida a obtención doutro ingreso, ou perda ou dedicación dun tempo a unha actividade cando se podía dedicar a outra actividade particular. De novo, unha asimilación errónea e forzada para chegar a unha conclusión previamente buscada.

Cod. Validación: 95GFXCF7D7DKT53TE5K522HN7X | Corrección: https://catoira.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 16

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 88 a 120

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

QUINTO. COMPATIBILIDADE DA INDEMNIZACIÓN APROBADA POLO PLENO COA PENSIÓN QUE PERCIBE O SR. ALCALDE-PRESIDENTE.

Como se recolle no Anteproxecto de Informe, o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 2 de Vilagarcía de Arousa, iniciou Dilixencia Previas número 535/2020, motivadas pola presentación dunha querela por parte do Ministerio Fiscal, como consecuencia da posible incompatibilidade da percepción da indemnización aprobada polo Pleno da Corporación e a pensión do Sr. Alcalde-Presidente.

Na miña opinión xurídica, resulta difícil de comprender por que un tema administrativo ou social é coñecido pola xurisdición penal, por máis que o Ministerio Fiscal lle comprara o relato aos integrantes do grupo municipal do BNG que, lembremos, aprobaron cos seus votos a indemnización cuxo cobro motivan as Dilixencias Previas.

Dito isto, e para poñer ao día ao Consello de Contas, cómpre informarlle que a Dirección Provincial de Pontevedra do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS-Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións), a requirimento do Ministerio Fiscal e petición da titular do xulgado que coñece das dilixencias, remitiu ao mesmo, con data do 24 de maio de 2022, comunicación cuxo contido é o seguinte:

"En contestación a su Diligencia previa de procedimiento abreviado de fecha 18/05/2022, dictada por el Juzgado de primera instancia e instrucción n°2 de Vilagarcía de Arousa con n° DPA 535/2020, siendo el demandado Alberto García García se informa de que en esta Dirección Provincial tuvo entrada informe de la Inspección de Trabajo y Seguridad Social de Vigo de fecha 28/10/2021 en el que se concluía que "no se pudo determinar con absoluta certeza que la percepción indemnizatoria mensual durante el periodo octubre 2018 a junio 2019 abonada a Alberto García García por el desarrollo de las funciones y responsabilidades de gobierno como Alcalde, así como las funciones desempeñadas desde 09/06/2020 a la actualidad, sin percepción indemnizatoria, sea incompatible con su pensión de jubilación. No procede actuación reglamentaria alguna con respecto a la consideración de dicha incompatibilidad."

Es por ello que no hemos procedido a iniciar expediente sancionador.

Adjuntamos dicho informe a este escrito."

(Remítese copia do escrito)

Hai que dicir que a querela do Ministerio Fiscal fundamentábase na incompatibilidade contida no artigo terceiro.2, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, que establece que *"O desempeño dun posto de traballo no sector público, delimitado no parágrafo segundo do apartado 1 do artigo primeiro, é incompatible coa percepción de pensión de xubilación ou retiro por Dereitos Pasivos ou por calquera réxime de Seguridade Social público e obrigatorio."*, pero esqueceuse de ler o contido do artigo quinto.2 da mesma lei, que recolle que *"Nos supostos comprendidos neste artigo só poderá percibirse a retribución correspondente a unha das dúas actividades, sen prexuízo das dietas, indemnizacións ou asistencias que correspondan pola outra."*. E, á vista está, tamén obviou a xurisprudencia sobre o tema.

En definitiva, que a administración competente para apreciar as incompatibilidades do cobro dunha pensión pública coa percepción doutra cantidade de diñeiro, **acorda non iniciar expediente sancionador porque non teñen claro que a percepción da indemnización sexa incompatible coa da pensión**, pero o Ministerio Fiscal, desde

Cod. Validación: 95QFXCF7D7DKT5S7E5K522N7X | Corrección: https://catoira.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 16

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 89 a 120

CSV: BOPGDSPG-lTglA0Pfm-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

maio do pasado ano, en un claro exemplo de *"sostenella e non enmendalla"*, aínda non foi quen de pedir o arquivo do procedemento, co prexuízo que iso significa para calquera persoa que soporte unha presión desta natureza. Este informante, que non é máis papista que o Papa, coincide, loxicamente, coa administración competente na materia, e entende que a indemnización prevista nas Bases de Execución dos Orzamentos municipais, é compatible coa percepción de calquera tipo de pensión.

SEXTO.- COMENTARIOS DO INFORMANTE ÁS CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS DO ANTEPROXECTO DE INFORME DO CONSELLO DE CONTAS.

1.- Como xa recollín neste informe, de xeito ben fundamentado, polo que non reiterarei o que xa queda exposto, os membros das Corporacións Locais **son servidores públicos, pero non persoal ao servizo das mesmas**, polo que non lles é de aplicación, aos efectos da percepción de indemnizacións por dietas, locomoción, etc**., o previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio**, **se non as normas que o Pleno da Corporación aproba, en aplicación dos principios de autonomía propia e capacidade de auto organización**.

Polo tanto, non procede a súa asimilación con altos cargos ou funcionarios do grupo A1, se non, en todo caso, con servidores públicos como os deputados nacionais e autonómicos.

2.- É posible que exista *"debilidade no control interno na súa modalidade de fiscalización previa en relación coas esixencias vinculadas á xustificación de ditos conceptos económicos das percepcións económicas non salariais e as indemnizacións de gastos efectivos, e tamén na adecuada contabilización de ditos gastos"*, **pero en ningún caso se abona o que non se xustifica**, tendo en conta as declaracións que os membros da Corporación asinan nos modelos confeccionados para tal fin.

En todo caso, non hai que esquecer que, nun concello como o de Catoira, para desenvolver as tarefas de Secretaría, Intervención, Tesourería, contabilidade, pagos e ingresos, control das contas, seguimento do Plan de Axuste, elaboración de información para as administracións xeral e autonómica, etc. etc., so existen dous postos de traballo: Secretaría-Intervención e Auxiliar Administrativo que actúa como tesoureiro, así que xa me parece un milagre que, razoablemente, o traballo se faga e a tempo.

Non estaría de máis que o Consello de Contas fixera un informe sobre a situación dos medios persoais, económicos e materiais cos que contan os concellos de menos de 10.000 habitantes para a xestión económica-financeira dos seus municipios, e que avogaran porque as administracións xeral e autonómica, que cada dous por tres discuten por un novo marco de financiamento, lembraran que, se a administración local non funciona, dificilmente a xestión que realizan conseguirá chegar a tempo, en cantidade e calidade, aos cidadáns.

3.- Non hai mellor nin maior código ético ou de conduta que o da **"boa fe"**, que debe presidir as relacións entre administracións, entre administracións e administrados, e entre os servidores públicos e a administración na que desenvolven a súa xestión. Os empregados públicos non traballamos para vixiar aos cargos políticos das administracións públicas. Se un membro da Corporación asina unha declaración sobre os seus quilómetros recorridos, sobre as dietas de manutención ou aloxamento, etc., **debemos considerar que é verídica, e non o contrario.**

De igual modo sucede cando se trata de deputados. Ninguén controla se estiveron enfermos e non se trasladaron a Madrid ou Santiago, para descontarlles a parte proporcional das indemnizacións para gastos derivados da súa actividade. Se estiveron ou

Cod. Validación: 95QFXCF7D7DK1S3TE5K522N7X | Corrección: https://catoira.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 16

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 90 a 120

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non nas reunións de grupo, ou se dormen en Madrid ou Santiago e non van e volven no mesmo día aos seus domicilios. Non, ese control non existe, porque se presume a boa fe.

En canto a publicación das axendas dos responsables locais, mesmo parece que o persoal do Consello de Contas non ten moi claro cal é a actividade diaria dun Alcalde ou Concelleiro, que pode recibir a 20 persoas no mesmo día; reunirse con varios colectivos; acudir a un lugar do municipio para comprobar o estado dunha obra ou a certeza dun problema; desprazarse a outra administración para xestionar unha axuda, un convenio, unha colaboración ou unha información, etc. etc. Así que, ¿a que empregado público lle encomendamos a axenda e a súa publicación sen que teña que deixar as súas outras tarefas?

En todo caso, correspóndelle á Corporación, ao goberno municipal, ou á Alcaldía, tomar decisións sobre se adoptar medidas deste tipo, ou aprobar Plans de acción de medidas correctoras.

4.- Os reparos responden a adopción dun acto administrativo que vulnera o marco xurídico aplicable, así que ten que existir a seguridade ou, como mínimo, unha presunción ben motivada desa antixuricidade, o que non sucedeu nin ocorre no presente caso, no que ata a xurisprudencia e a doutrina muda de opinión a cada momento. E se non se vulnera con claridade a lei, non pode haber responsabilidade contable, como xa ten manifestado, en numerosas sentencias, o propio Tribunal de Contas.

5.- Parece que o Consello de Contas pon en dúbida a vixencia do acordo adoptado polo Pleno da Corporación no ano 1988, esquecéndose de que, por seguridade xurídica, os actos administrativos firmes, que non son recorridos, manteñen a súa vixencia ata que outros actos os modifiquen ou revoquen, sempre que non haxa prexuízo de terceiros. Polo tanto, o acordo do Pleno da Corporación en cuestión mantén a súa vixencia e produce efectos, sen dúbida algunha, no día de hoxe.

Por outra parte, dito acordo non vulnera a lexislación vixente, posto que o artigo 75.1 da Lei 7/85, ademais de establecer como obrigación legal que as Corporacións Locais asuman o pago das cotas empresariais da Seguridade Social que correspondan no caso de concelleiros/as con dedicación exclusiva, non prohibe que se faga cargo das que corresponderían aos concelleiros/as liberados, posto que, se o lexislador o houbera querido, bastaría con engadir ao parágrafo o adxectivo "so", para que o seu tenor literal foro o seguinte: *"...asumindo as Corporacións **so** o pago das cotas empresariais que corresponda..."*

Hai que ter en conta, tamén, que na lexislación vixente en materia de réxime local, e máis concretamente no **artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,** que desenvolve a denominada "sesión organizativa das Corporacións Locais", a celebrar dentro dos 30 días seguintes á de sesión constitutiva, **non se esixe que se adopten acordos novos sobre dedicacións exclusivas e outros relacionados con esta materia**, xa que logo se entende que os citados acordos, adoptados no seu día polas Plenos das Corporacións, manteñen a súa vixencia ata que se modifiquen ou revoquen.

E non hai que esquecer, por último, que no tenor literal do réxime de protección social dos deputados nacionais e autonómicos, aos que realmente se asimilan os membros das Corporacións Locais, dedúcese que tanto o Congreso como o Parlamento abonan todas as cotizacións á Seguridade Social, como xa vimos anteriormente.

Cod. Validación: 95QFXCF7D7DKT5S7E5K522N7X | Corrección: https://catoira.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 16

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 91 a 120

CSV: BOPGDSPG-ITglA0Pfm-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6.- En canto á afirmación de que *"En consecuencia, non se estima que os devanditos gastos (dietas e gastos de locomoción) se xustifiquen debidamente e de forma suficiente, non podendo comprobarse a súa efectividade."*, tamén discrepo rotundamente nos seguintes termos:

-Se non se achega factura de locomoción cando se utilizan medios públicos, non se percibe por este concepto cantidade algunha, seguramente por que utilizáronse medios privados (vehículo propio). No caos da utilización dun taxi, os membros da Corporación entregan a factura e son reembolsados do gasto.

-Cando se utiliza o tren ou o avión, o gasto é directamente abonado polo propio concello, que é quen reserva os billetes. Neste caso, tampouco se reembolsa gasto algún.

-Se non existen xustificantes de gastos de peaxes ou aparcadoiros, tampouco se reembolsan, o que significa que o membro da Corporación que os abona carga con eles.

-Polo que respecta á inexistencia de retención do IRPF nas dietas e locomoción, que non son superiores na súa contía ás dos deputados nacionais e autonómicos, remítome ao disposto no artigo 17.2.b), da Lei 35/2006 do 28 de novembro, que establece a exclusión, como rendementos de traballo, incluíndo aos concelleiros/as, as cantidades que se asignen polas institucións para gastos de viaxe e desprazamento.

-Respecto da recomendación de que o concepto de indemnización por asistencia diaria e desenvolvemento das funcións e responsabilidades de goberno do Alcalde, cando no ocupe o cargo con dedicación exclusiva, non figure nas Bases de Execución do Orzamento municipal, tal e como quedou explicado neste informe non ten fundamento legal sólido, aínda que, como é lóxico, correspóndelle á Corporación Municipal manter, modificar ou suprimir o citado concepto mediante acordo plenario.

-En canto ao control interno en materia económica, evidentemente se levará a cabo conforme as disposicións legais vixentes que lle son de aplicación, pero cando haxa motivo para elo.

-En canto ás cantidade percibidas polo Sr. Alcalde nos exercicios 2018, 2019, 2020, 2021, relativas ás indemnizacións, dietas de manutención, aloxamento e locomoción, un sinxelo cálculo de suma e división e contabilizando 22 días por mes cada ano, nos leva á conclusión de que o gasto diario por todos eses conceptos, é dicir, gastos ocasionados ao concello polo desenvolvemento da súa actividade, foi de **52,44 euros**, cantidade ben modesta fronte o **217,73 euros** don deputado nacional, ou os **156,81 euros**, dun deputado autonómico.

E nestes termos queda redactado o meu informe, que someto gustosamente ao criterio da Corporación e doutro informe xurídico mellor fundado.

Catoira, 13 de xaneiro de 2023.

Asdo. Joaquín Javier Gago López,
Secretario-Interventor

Cod. Validación: 95GFXCF7D7DKT53TE5K522N7X | Corrección: https://catoira.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 16

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 92 a 120

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña

correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169

Eu, D. Fernando Javier Pérez Fernández con DNI 32806179Z, como Alcalde do Concello de Vilasantar é dentro do prazo de quince días hábiles outorgado pola comunicación do «Anteproxecto do Informe de fiscalización horizontal sobre percepcións económicas non salariais e indemnizacións de gastos efectivos en entidades locais: indemnizacións por razón do servizo, asistencias e outros gastos» remitida polo Consello de Contas de Galicia asinado en data 27.01.2023, realizo as seguintes **ALEGACIÓNS**

Primeira. Actuación segundo os principios de boa fe e confianza lexítima.

O artigo 3.1.3) da LRXSP establece que as Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á Lei e o Dereito, de acordo co sinalado no artigo 103 da CE.

Como Alcalde do Concello de Vilasantar e representante do mesmo nos termos do disposto no artigo 21.1.b) da LBRL, os gastos sinalados no anteproxecto foron realizados en aras da consecución do interese xeral do Concello; na participación das distintas xestións requiridas ante os distintos organismo (Xunta, Deputación, etc.) para cumprir coas necesidades dos habitantes de Vilasantar.

Esta boa fe pode extraerse mesmo do acordo do Pleno do Concello do 26 de xuño de 2019 polo que se suprimen as dietas por desprazamentos e gastos de manutención, no intento de que o Concello non incorrera en maior gasto; pese a que como expón o Consello de Contas, as indemnizacións por razón do servizo son cantidades ás que teñen dereito as persoas integrantes da Corporación, sempre que estes gastos sexan efectivos e polo exercicio do seu cargo.

Deste xeito, a actuación por parte desta Alcaldía en ningún momento utilizou de forma inxustificada e abusiva as súas potestades, adoptando medidas desvinculadas da persecución do interese xeral, que se reveleran inadecuadas para cumprir o seu obxectivo; que non é outro que o benestar dos cidadáns de Vilasantar, a través da consecución de mellores servizos para os mesmos.

Neste senso pronunciouse a xurisprudencia, entre outras, a **SAN de data 26.02.2021 (Nº de Recurso: 1060/2018):**

"(...) La jurisprudencia de la Sala Tercera del Tribunal Supremo, recogida en las sentencias de 10 de mayo de 1999 (RCA 594/1995), 17 de junio de 2003 (RCA 492/1999) 6 de julio de 2012 (RCA 288/2011), 22 de enero de 2013 (RCA 470/2011), y 21 de septiembre de 2015 (RCA 721/2013), sostiene que el principio de protección de la confianza legítima, relacionado con los más tradicionales en nuestro ordenamiento de la seguridad jurídica y la buena fe en las relaciones entre la Administración y los particulares, comporta " el que la autoridad pública no pueda adoptar medidas que resulten contrarias a la esperanza inducida por la razonable estabilidad en las decisiones de aquélla, y en función de las cuales los particulares han adoptado determinadas decisiones".

Este principio de confianza legítima encuentra su fundamento último en la protección que objetivamente requiere la confianza que fundadamente se puede haber depositado en el comportamiento ajeno y el deber de coherencia de dicho comportamiento y en el principio de buena fe que rige la actuación administrativa, pues como afirma las sentencias de 15 de abril de 2005 (recurso 2900/2002) y de 20 de septiembre de 2012 del Alto Tribunal, " si la Administración desarrolla una actividad de tal naturalezaque pueda inducir razonablemente a los ciudadanos a esperar determinada conducta por su parte, su ulterior decisión adversa

CVD: SaqubMLUWF66vi01fx/i
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CSV: BOPGDSPG-ITglA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 93 a 120

CONCELLO DE VILASANTAR
R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169

supondría quebrantar la buena fe enque ha de inspirarse la actuación de la misma y defraudar las legítimas expectativasque su conducta hubiese generado en el administrado".

Ahora bien, la protección de la confianza legítima no abarca cualquier tipo de convicción psicológica subjetiva en el particular, sino que se refiere a " la creencia racional y fundada de que por actos anteriores", la Administración habría de adoptar una determinada decisión con fundamento en que hubo una serie de signos concluyentes. No es el caso, como se ha visto, a tenor del contenido de la resolución del Consejo de la CMT de fecha 14 de enero de 2010.

El Tribunal Supremo igualmente ha establecido que la violación del principio de confianza legítima debe ser apreciada por los tribunales de lo contencioso-administrativo cuando constaten que el poder público utiliza de forma injustificada y abusiva sus potestades normativas, adoptando medidas desvinculadas de la persecución de fines de interés general, que se revelen inadecuadas para cumplir su objetivo y que sorprendan las expectativas legítimas de los destinatarios de la norma. No es claramente el caso por el conjunto de circunstancias descritas en las resoluciones impugnadas.

No se aprecia, en consecuencia, la alegada infracción de los principios de seguridad jurídica, buena fe y confianza legítima *(...)".*

Por outra banda, dentro dos principios de colaboración e cooperación propugnados polos artigos 3 e 140.1 da LRXSP, tiveron lugar numerosas reunións tanto "*formais*" como "*informais*" nas sedes institucionais das distintas Administracións Públicas, que foron o gasto fundamental estipulado e recollido no Anteproxecto; sendo o resto de gastos "*residuais*" con respecto as actuacións realizadas.

Por todo o exposto, está clara e manifesta a actuación desta Alcaldía con respecto íntegro ao principio de boa fe.

Segunda. Inexistencia de enriquecemento inxusto.

Como ben expón o Anteproxecto de xeito expreso "*(...) A eventual inexistencia de indicios de enriquecemento inxusto e a ausencia de reparos de intervención, así como o carácter limitado dos gastos de restauración (...)*"; é dicir, é patente que lonxe de producirse o mesmo, por parte desta Alcaldía tentouse todo o contrario, como xa se sinalou antes, suprimindo a percepción das indemnizacións por razón de servizo no acordo plenario de data 26.06.2019.

Así mesmo, como expresa o Consello a subida salarial está lonxe do máximo permitido polo artigo 75 da LBRL, polo que xunto co anterior, amosan o "*animus*" desta Alcaldía de prestar a un servizo íntegro aos cidadáns de Vilasantar.

Deste xeito, respecto a carencia de enriquecemento inxusto, pódese traer a colación, entre outras, o disposto na STSXCL n.º 212/2021 de data 01.03.2021 (Nº de Recurso: 388/2020) que sinala:

"(...) Debe recordarse así, conforme ha tenido ocasión de declarar la jurisprudencia de esta Sala Tercera -entre otras, sentencias de 16 de abril de 2002 (recurso 6917/1996), 23 de junio de 2003 (recurso 7705/1997), 18 de junio de 2004 (recurso 2000/1999) y 11 de julio de 2005 (recurso 5557/2000)-, que los requisitos del mencionado principio del enriquecimiento injusto -como los que la jurisprudencia civil ha venido determinando desde la sentencia de la Sala Primera de este Tribunal Supremo de 28 de enero de 1956 -, son los siguientes: en primer lugar, el aumento del patrimonio del enriquecido; en segundo término, el correlativo

CVD: SaqubMLUMF66vi01fx/i
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 94 a 120

CONCELLO DE VILASANTAR
R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169

empobrecimiento de la parte actora; ***en tercer lugar, la concreción de dicho empobrecimiento representado por un daño emergente o por un lucro cesante; en cuarto término, la ausencia de causa o motivo que justifique aquel enriquecimiento y, por último, la inexistencia de un precepto legal que excluya la aplicación del citado principio*** *(...)".*

Polo exposto, os defectos alegados polo Consello de Contas, son meramente formais, xa que os gastos están amparados en causa ou motivo legalmente recollido como xa o mesmo ente sinalou, no dereito a percepción das indemnizacións por razóns de servizo; debendo ser admitidos como dispón expresamente o Tribunal de Contas na súa Sentenza n.º 18/2011 de data 18/12/2011 (Recurso de apelación nº 24/10):

"(...) Se han examinado todos los justificantes aportados, los informes de Intervención obrantes en autos y el resto de pruebas practicadas. ***El criterio seguido basado en la doctrina jurisprudencial antes expuesta, ha consistido en dar por justificados los gastos soportados por facturas, recibos, tickets o incluso albaranes, aun cuando presenten deficiencias de tipo formal,*** *siempre que esté identificado el concepto, el importe, el proveedor y el destinatario (bien a través del nombre, denominación social, DNI o CIF),* ***si bien en cuanto a los gastos en restaurantes u otros de pequeña cuantía, como gasolina, correos o desplazamientos, se han admitido las facturas, recibís y tickets de los establecimientos aun cuando no esté identificado el destinatario del servicio.***

No se han admitido, en cambio, los justificantes que no reúnen esos requisitos ni aquéllos que son genéricos, aunque estén en papel con membrete del grupo municipal, si no se han adjuntado las facturas, recibos o tickets correspondientes que acrediten el gasto efectivamente realizado (...)".

Terceira. Ausencia de reparos por parte da intervención municipal.

A carencia de reparos por parte da intervención municipal conforme ás obrigas previstas no artigo 5 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, e as súas obrigas de remisión de información de control interno ao Consello de Contas, dentro das funcións estipuladas dentro do artigo 4.1 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional; son totalmente axenas a actuación desta Alcaldía, que en todo momento entendeu que coa achega de documentos xusfiticativos era suficiente para o cumprimento das súas obrigas legais.

Redundar na boa fe e confianza lexítima desta Alcaldía no asesoremento por parte dos funcionarios con habilitación de carácter nacional deste Concello, que en ningún momento advertiron de ningún tipo de irregularidade no procedemento de xustificación de indemnizacións por razón de servizo; xa que no caso, de que fosen advertidas, sen dúbida procederíase ao cumprimento íntegro das súas recomendacións ou requirimentos.

Por todo o exposto, **SOLICITO** sexan admitidas as anteriores alegacións e se procede a modificar o texto do *"Proxecto do Informe de fiscalización horizontal sobre percepcións económicas non salariais e indemnizacións de gastos efectivos en entidades locais: indemnizacións por razón do servizo, asistencias e outros gastos»* emitido polo Consello de Contas de Galicia; de xeito que se recalque a actuación conforme a boa fe e o interese xeral por parte desta Alcaldía, así como a carencia total de enriquecemento inxusto e as simples deficiencias de tipo formal dos documentos xustificativos e a falla de calquera tipo de

CVD: SaqubMLUWF66vri01fx/i
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CSV: BOPGDSPG-ITglA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 95 a 120

CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña

correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169

recomendación ou requirimento durante todo o período examinado por parte dos funcionarios con habilitación de carácter nacional do Concello.

Documento asinado electronicamente

CVD: SaqubMLUMF66Vi01fx/i
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CSV: BOPGDSPG-ITglA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 96 a 120

C O N C E L L O D E V A L G A (PONTEVEDRA)

Avda. da Coruña, nº 14, Valga. Tfn. 986 55 94 56
concello.valga@eidolocal.es - www.valga.gal

José María Bello Maneiro (1 para 1)
Alcalde-Presidente
Data de Sinatura: 09/03/2023
HASH: 7aadd1bd40e8e6378c245660a9c001f

AO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

Expediente de Fiscalización: 1702023-10

JOSÉ MARÍA BELLO MANEIRO, Alcalde-Presidente do Concello de Vaga (Pontevedra), con enderezo a efectos de notificación na Avda. de A Coruña núm. 14 – Ponte Valga, en virtude da atribución xenérica que me confire o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, perante o Consello de Contas de Galicia comparece, e como mellor proceda en Dereito, **E X P Ó N**:

Que o pasado día 30 de xaneiro de 2.023 notificouse a esta administración o *"Anteproxecto do informe de fiscalización horizontal sobre percepcións económicas non salariais e indemnización de gastos efectivos en entidades locais: indemnización por razón de servizo, asistencias e outros gastos"*, ó tempo que se lle concedeu un prazo de quince días, que se veu ampliado finalmente ata o día 10 dos correntes mediante resolución notificada a este Concello o pasado día 1 de marzo de 2.023, polo que en forma e prazo procédense a realizar as seguintes **CONSIDERACIÓNS**:

P r i m e i r a.- Sobre a adecuación á legalidade da percepción de indemnizacións por razón de servizo dos habilitados nacionais en réxime de acumulación no Concello de Valga.

En canto á percepción de indemnizacións por razón de servizo dos habilitados nacionais (Secretario e Interventor) en réxime de acumulación, cabe indicar que non se comparten as argumentacións e conclusións contidas no Anteproxecto de fiscalización trasladado. En canto a iso, debe indicarse que non é a primeira vez que esta Administración ten defendido a plena legalidade do seu actuar nestes feitos, sendo que ata a data non houbo resolución xudicial algunha que resolvera en contra do criterio fundado deste Concello. Para maior fundamento da adecuación á plena legalidade do realizado polo Concello de Valga, acompáñase coma **documento UN**, informe do servizo xurídico de data 28/05/2021, no cal xa se deu oportuna explicación da regulación que nos ocupa, o cal foi atendido ata a data por aqueles órganos de control pertinentes.

Cod. Validación: A3EEEPRKLTTRFJPPJXEK2PR93
Corrección: https://valga.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 97 a 120

CSV: BOPGDSPG-ITglA0Pfm-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. da Coruña, nº 14, Valga. Tfn. 986 55 94 56
concello.valga@eidolocal.es - www.valga.gal

En todo caso, a cuestión a dilucidar á vista do Anteproxecto de informe de fiscalización horizontal que se traslada, é a procedencia ou non do abono de dietas e gastos de quilometraxe ao Secretario e ao Interventor do Concello de Valga, por razón dos desprazamentos que fan a este municipio para a prestación dos seus servizo acumulados. E o problema pósusase a partires da regulación anterior, contida na Disposición Transitoria Terceira do RD 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración o cal, na súa disposición transitoria terceira, establecía:

"Cando por motivos de interese público se acumule a unha praza a funcionarios con habilitación de carácter nacional, que haberá de ser titular da praza próxima, percibirá en concepto de gratificación ata o 40 por 100 do soldo correspondente a que se refire o artigo 23.2.a) da Lei 30/1984, de 2 de agosto. A praza acumulada será servida fora do horario da xornada legalmente establecida pola Corporación da que sexa titular".

"Será de aplicación a este suposto o previsto no segundo parágrafo do número 2, do artigo 8º, de este Real Decreto".

Pola súa banda, o parágrafo segundo do número 2 do artigo 8, establece: "Non obstante, ningún dos supostos contemplados no número anterior do presente artigo dará lugar á percepción de dietas".

Deste xeito o anteproxecto de informe de fiscalización entende que os funcionarios aos que se refire non teñen dereito á percepción de dietas por mor da aplicación de dito precepto.

Perante a iso, este Concello entende que se ben o RD 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local non foi derrogado expresamente, a previsión contida na Disposición Transitoria Terceira (e a súa remisión ao parágrafo segundo do seu artigo 8.2) debe entenderse derrogada polas Disposicións Derrogatorias do RD 1732/1994, de 29 de xullo e do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, en canto tales Reais Decretos, posteriores, conteñen normas (os mencionados artigos 17 e 50.3) que contraveñen o contido da Disposición

Cod. Validación: AJEEEPRKLTTRFJPPJXEK2PR93
Corrección: https://valga.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 7

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 98 a 120

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. da Coruña, nº 14, Valga. Tfn. 986 55 94 56
concello.valga@eidolocal.es - www.valga.gal

Transitoria Terceira do RD 861/1986, relativa á non previsión de percepción de dietas, co efecto, polo tanto, en esta, da perda da súa vixencia.

O artigo 17 do RD 1732/1994, de 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional e o artigo 50.3 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, modificaron a regulación das retribucións dos funcionarios que prestaran servizos en réxime de acumulación previsto con anterioridade na Disposición Transitoria Terceira do RD 861/1986, de 235 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local, reducindo para determinar os límites máximos da gratificación, do 40 ao 30 por cen das retribucións fixas do posto principal; e, na derradeira regulación das mencionadas, e agora vixente, excluíndo os trienios das retribucións fixas, a considerar como base para dito cálculo.

E na medida que, nin o RD 1732/1994, de 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, nin o RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, contemplaron a improcedencia do abono de dietas no caso de postos ocupados por acumulación, coma si recollía expresamente o RD 861/1986, que desbotaba tal dereito, (contando ademais que a regulación que contiña este último se fixo nunha disposición transitoria e que a posterior inclúese no articulado das dúas normas posteriores), este Concello considera o pago das dietas ao Secretario e Interventor do Concello de Valga axustadas a Dereito.

Por outra parte, a natureza e corrección de asimilación dos postos de Secretario e Interventor acumulados, e a previsión orzamentaria das súas retribucións nas contas do Concello, non é un tema novo sobre o que xa existen resolucións xudiciais ao respecto, non só na orde Penal, a cal menciona o anteproxecto de informe de fiscalización, senón tamén na orde Contencioso Administrativa, coma é o Proceso Ordinario nº 288/2017 seguido perante o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 de Pontevedra a instancia do Colexio de Secretarios Interventores e Tesoureiros de Pontevedra (COSITAL) contra este Concello, e por mor do Acordo adoptado polo Pleno do Concello de Valga de 25.04.2017 polo que se aprobou definitivamente o orzamento do ano 2017 cos seus Anexos. Únese

Cod. Validación: A3EEEPRKLTTRFJPPJXEK2PR93
Corrección: https://valga.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 7

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 99 a 120

CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. da Coruña, nº 14, Valga. Tfn. 986 55 94 56
concello.valga@eidolocal.es - www.valga.gal

coma **documento DOUS** a sentencia núm. 224/2018 de 30 de novembro, a cal é firme, resolutoria do recurso de COSITAL, a meros efectos ilustrativos. Polo tanto, non se pode dicir que as retribucións dos funcionarios con habilitación nacional que exercen as súas funcións baixo réxime de acumulación no Concello non fose xa motivo de pronunciamento xudicial, avalando o actuar municipal. Os mesmos presupostos foron obxecto de recurso contencioso administrativo seguido polo Grupo Municipal Socialista perante o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 3 de Pontevedra, no Procedemento Ordinario núm. 362/2017, do cal, a recorrente, acabou desistindo.

Segunda.- Sobre a percepción de indemnizacións por asistencia aos órganos colexiados de goberno (e, en concreto a comisión informativa de coordinación) dos concelleiros delegados.

No referente á percepcións de indemnizacións por asistencia aos órganos colexiados de goberno, consta a adecuación das mesmas á legalidade vixente, tanto ao disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, coma nas normas fixadas con ocasión da aprobación do presuposto xeral do Concello e as súas bases de execución. Deste xeito, acompáñanse coma **documentos TRES e CATRO**, informes da Asesoría Xurídica do Concello de data 6/07/2015 e de Secretaría do Concello de data 21/12/2016 respectivamente, informando o axuste legal e a lexitimidade das Comisión de Coordinación.

No Anteproxecto de informe de fiscalización, arguméntase como irregularidade substancial que o artigo 14 do Regulamento Orgánico Municipal aprobado o 15 de xuño de 2017 no que se crea a Comisión de Coordinación de Concelleiros/as Delegados/as é contrario ás funcións propias reservadas ao Secretario Municipal no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, se ben, tal denuncia non ten en conta que o artigo 16 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, incardinado no Capítulo II, Secc. 3ª do Título Preliminar do devandito texto legal, en canto ao funcionamento de órganos colexiados da Administración, dispón claramente que:

"1. Os órganos colexiados terán un Secretario que poderá ser un membro do propio órgano ou unha persoa ao servizo da Administración Pública correspondente.

2. Corresponderá ao Secretario velar pola legalidade formal e material das actuacións do órgano colexiado, certificar as actuacións do mesmo e garantir que os procedementos e regras de constitución e adopción de acordos son respectadas.

Cod. Validación: A3EEEPRKLTTRFJPPJXEK2PR93
Corrección: https://valga.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 7

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 100 a 120

CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. da Coruña, nº 14, Valga. Tfn. 986 55 94 56
concello.valga@eidolocal.es - www.valga.gal

3. No caso de que o Secretario non membro sexa suplido por un membro do órgano colexiado, este conservará todos os seus dereitos como tal".

Esta "colisión normativa" (a cal sería doada de resolver pola maior xerarquía normativa da Lei 40/2015), é tan só aparente, pois o RD 128/2018 inclúe, dentro da función de fe pública, a transcrición das resolucións adoptadas por calquera órgano con competencias resolutivas (artigo 3.2.e)) e dentro da función de asesoramento legal preceptivo, a emisión de informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Ordenanzas, Regulamentos e Estatutos reitores de Organismos Autónomos, Sociedades Mercantís, Fundacións, Mancomunidades, Consorcios ou outros Organismos Públicos adscritos á Entidade Local (artigo 3 .d) 1º).

En relación coas funcións de secretaría, de fe pública e asesoramento legal preceptivo, o Real Decreto 128/2018, non atribúe de forma expresa ao secretario da Corporación estas funcións, senón de modo moi xenérico refírese a "*órganos colexiados decisorios*", *"calquera outro órgano da Corporación en que se adopten acordos que vinculen á mesma".*

Coma se expón anteriormente, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, en relación coa figura do secretario dos órganos colexiados, establece no referido artigo 16, a existencia dun secretario *que poderá ser un membro do propio órgano ou una persoa ao servizo da Administración Pública correspondente.* Tendo en conta a normativa exposta, poderíase entender que lle corresponde ao secretario da Corporación o desempeño das funcións de fe pública e asesoramento legal preceptivo nos organismos autónomos e outras entidades instrumentais, unicamente si se considera a estas entidades como órganos colexiados decisorios de actos administrativos (que evidentemente as Comisións analizadas non o son) ou órganos da Corporación en que se adopten acordos que vinculen á mesma, (o cal parece forzar moito a interpretación á vista da regulación que a propia Lei 7/1985, de 2 de abril) , ou ben cando os estatutos do organismo ou entidade correspondente, que son aprobados polo Pleno da Corporación, contemplen esta atribución (que tampouco é o caso).

Polo tanto, non cabe afirmar a esixencia do Anteproxecto de Informe de fiscalización de que teña que ser un funcionario habilitado nacional para actuar coma Secretario das Comisións analizadas. Por outra banda, débese afirmar que o Regulamento Orgánico

Cod. Validación: A3EEEPRKLTTRFJPPJXEK2PR93
Corrección: https://valga.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 7

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 101 a 120

CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. da Coruña, nº 14, Valga. Tfn. 986 55 94 56
concello.valga@eidolocal.es - www.valga.gal

Municipal aprobado o 15 de xuño de 2017 (BOP de Pontevedra, núm. 114 do 15/06/2017), non foi impugnado trala súa aprobación. No mesmo, regúlase a Comisión de Coordinación de Concelleiros/as Delegados/as (artigo 14).

O asunto que nos ocupa, é un tema recorrente por parte da oposición municipal denunciante, que ten sido obxecto de avaliación en diferentes xurisdicións, pese a constancia documental da perfecta legalidade do actuado.

Terceira.- Non se poden rematar as presentes consideracións sen facer especial mención a que a "Comunicación Recibida" por ese Consello de Contas non deixa de ser un instrumento promovido pola oposición municipal con fins estritamente políticos, ante as próximas eleccións municipais. A oposición segue o mesmo *modus operandi* dende fai anos, tratando de recorrer aos ordes xurisdicionais para promover unha campaña empregando aos distintos organismos xurisdicionais e de control con fins espurios, polo que o Consello de Contas ao cal teño a honra de dirixirme, está sendo empregado con ese único fin.

Por outra parte, a pesares de que presuntamente as comunicacións, coma a realizada polo grupo municipal socialista do Concello de Valga, non confiren a quen as formula a condición de interesado no procedemento fiscalizador iniciado en virtude do acordo do Pleno, o certo é que causa certo malestar e preocupación a esta Administración o emprego do presente procedemento polos *comunicantes* tal e coma se pode comprobar nas notas de prensa e anuncios en redes sociais que se unen a modo exemplificativo coma **documento núm. CINCO**, o cal demostra non só o coñecemento das actuacións de fiscalización sen que existira trámite de audiencia (pese a que supostamente non haxa información aos comunicantes por non ter a condicións de interesados), senón tamén o emprego indebido das actuacións de fiscalización coma bandeira perante supostas irregularidades inexistentes, o que debe ser tido en conta por ese Consello aos efectos de evitar a súa inxusta instrumentalización.

_____

Cod. Validación: AJEEEPRKLTTRFJPPJXEK2PR93
Corrección: https://valga.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 7

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 102 a 120

CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. da Coruña, nº 14, Valga. Tfn. 986 55 94 56
concello.valga@eidolocal.es - www.valga.gal

Polo exposto,

SOLICITO DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA, que tendo por presentado este escrito, xunto coa documentación que ao mesmo acompaña, admítao e, na súa virtude, teña por realizadas as precedentes consideración ao anteproxecto de informe de fiscalización horizontal sobre percepcións económicas non salariais e indemnizacións de gastos efectivos en entidades locais, todo iso aos efectos oportunos, procedendo no seu caso, á corrección das conclusións do devandito informe, acollendo as poderosas argumentacións do presente escrito.

Documento asinado dixitalmente en Valga en data ao marxe referenciada.

O Alcalde.
José María Bello Maneiro

Cod. Validación: A3EEEPRKLTTRFJPPJXEK2PR93
Corrección: https://valga.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 103 a 120

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 104 a 120

VII. RÉPLICA ÁS ALEGACIÓNS PRESENTADAS

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 105 a 120

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 106 a 120

RÉPLICAS DO CONSELLO DE CONTAS ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS POLA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL, CONCELLO DE VILASANTAR, CONCELLO DE CATOIRA E CONCELLO DE VALGA.

Trámite de alegacións

En cumprimento do disposto no artigo 47 do Regulamento do Consello de Contas de Galicia, o anteproxecto de informe de fiscalización foi remitido aos Concellos de Catoira, Valga, Vilasantar, Trazo e á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma para que formulasen as alegacións que estimasen pertinentes, que foron presentadas en prazo pola Dirección Xeral de Administración Local e os concellos de Vilasantar, Catoira e Valga. O Concello de Trazo non efectuou alegacións, limitándose a remitir documentación complementaria xustificativa de gastos de servizos de restauración.

Con relación ao seu contido e tratamento, independentemente das aclaracións e puntualizacións que en cada caso figuran nas réplicas, cómpre sinalar que, agás nos casos concretos que así o requiran, non se valoran as alegacións que confirmen deficiencias ou irregularidades sinaladas no informe; que expoñan criterios e opinións sen soporte documental ou normativo ou ben que non rebatan o contido do informe, senón que se trate de explicacións ou xustificacións sobre as actuacións da entidade fiscalizada. Nos supostos nos que se modifica total ou parcialmente o contido dalgún punto do informe, indicarase este feito expresamente mediante nota a pé de páxina.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 107 a 120

ALEGACIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

RECOMENDACIÓN:

2. Recoméndase á Comunidade Autónoma que proceda á actualización do réxime de acumulación de funcións de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional previsto no artigo 44 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, complementando a previsión de gratificación de ata o 30% das remuneracións correspondentes ao posto principal, coa posibilidade de devindicar indemnizacións por razón do servizo, en base aos gastos de desprazamento efectivamente realizados e xustificados.

ALEGACIÓN:

Solicítase a «eliminación expresa» da recomendación de actualización do artigo 44 do Decreto 44/2009, de 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, complementando a previsión de gratificación de ata o 30% das remuneracións correspondentes ao posto principal, coa posibilidade de devindicar indemnizacións por razón do servizo, en base aos gastos de desprazamento efectivamente realizados e xustificados, en virtude da súa consideración como ámbito material reservado á normativa básica estatal.

RÉPLICA:

Efectúase na alegación unha referencia a que a normativa básica neste ámbito está constituída polo Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional e a normativa autonómica de desenvolvemento polo Decreto 44/2009, do 26 de febreiro. En relación con dito marco xurídico, cómpre sinalar, en primeiro lugar, que no ámbito da regulación da acumulación de funcións a normativa autonómica de desenvolvemento -anterior- obriga a facer unha integración co marco xurídico básico -máis restritivo- no tocante ás retribucións vinculadas ao desempeño das funcións acumuladas. Na normativa autonómica prevese unha gratificación de ata o 30% das «remuneracións correspondentes ao posto principal», mentres que na normativa básica se limita «ata o 30% das retribucións fixas, excluídos os trienios, correspondentes ao posto principal». En consecuencia, procede reiterar a necesidade de actualización do marco xurídico autonómico.

Asemade, en canto á recomendación específica vinculada á regulación da posibilidade de devindicar indemnizacións por razón do servizo, en base aos gastos de desprazamento efectivamente realizados e xustificados, esta é a opción que se adoptou na normativa autonómica de desenvolvemento da normativa básica noutras Comunidades Autónomas como a Rexión de Murcia, en concreto no Decreto 58/2012, de 27 de abril, polo que se regula o réxime xurídico dos

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 108 a 120

funcionarios con habilitación de carácter estatal, que no artigo 46.6 in fine en relación coas remuneracións vinculadas ao desempeño das funcións acumuladas engade a seguinte previsión «(…) si bien además se podrá percibir una indemnización por gastos de desplazamiento que se genere para el funcionario con habilitación de carácter estatal en acumulación desde la residencia habitual a la Corporación Local». A mesma práctica se verifica na Comunidade Autónoma de Castela e León.

En consecuencia, non se estima a alegación.

RECOMENDACIÓN

2. Recoméndase á Comunidade Autónoma que proceda á actualización do réxime de acumulación de funcións de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional previsto no artigo 44 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, complementando a previsión de gratificación de ata o 30% das remuneracións correspondentes ao posto principal, coa posibilidade de devindicar indemnizacións por razón do servizo, en base aos gastos de desprazamento efectivamente realizados e xustificados.

ALEGACIÓN:

De conformidade co disposto no artigo 50.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, «(…) a citada lexislación básica non fai un pronunciamento expreso sobre a regulación da percepción de gastos de desprazamento efectivamente realizados e xustificados por parte do persoal funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional que desempeñe funcións reservadas en réxime de acumulación».

RÉPLICA:

No tocante ao marco xurídico aplicable cómpre sinalar que este ven configurado, a diferenza do que se sinala nas alegacións e tal e como se explícita no proxecto de informe, non só polo Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo e a normativa autonómica de desenvolvemento, senón polo Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local e que expresamente prevé a non percepción de dietas polo desempeño de funcións en réxime de acumulación. Iso, en base á remisión expresa da disposición transitoria terceira ao número 2 do artigo 8 do citado Real decreto.

Dita referencia efectúase ás dietas, nos termos previstos no número 1 do artigo 9 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, pero non á limitación da posibilidade de percibir «gastos de viaxe», nos termos previstos no número 2 do citado artigo.

En consecuencia, non se estima a alegación.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 109 a 120

ALEGACIÓNS DO CONCELLO DE CATOIRA

CONCLUSIÓN

O marco xurídico complétase co disposto no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF) que dispón que, aos efectos do presente informe:

5. Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva, terán dereito a recibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que neste sentido aproba o Pleno corporativo.

(...)

En relación coas indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas, son as previstas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. (páxina 13).

O importe das indemnizacións por razón do servizo, e especialmente a falta de xustificación adecuada contemplada nas Bases de Execución do Orzamento, mais non así no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, e os requirimentos previstos na normativa xeral aplicable, constitúen un risco de xestión que pode conlevar prácticas fraudulentas na percepción das indemnizacións por razón do servizo, sen que se xustifiquen medidas adecuadas para mitigar o devandito risco.

Á vista de que as bases de execución orzamentaria non establecen a forma de xustificación destes gastos, á luz da normativa xeral na materia e a consideración das cantidades previstas como límites máximos de conformidade co disposto no artigo 13 do ROF e ao 75 do LRBRL, que dispoñen que, respecto á percepción por dietas e gastos de desprazamento ou locomoción polos membros da corporación, unicamente caberá indemnizar polo importe realmente gastado e documentalmente xustificado.

ALEGACIÓN

Estímase que non resulta aplicable o Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo aos membros das corporacións locais, concluíndose que:

«(...) En definitiva, que clara está a vontade do lexislador recollida no Real Decreto 462/2002, norma xurídica na que, en ningún momento, faise referencia aos membros das Corporacións Locais como persoal ou alto cargo suxeitos ao seu ámbito de aplicación, polo que, en aplicación dos citados Principios Xerais do Dereito (o primeiro, a contrario sensu), da xurisprudencia e da doutrina, así como o resto de consideración contidas neste apartado, rexéitase completa e radicalmente a

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 110 a 120

súa aplicación aos membros das Corporacións Locais, polo que, toda a referencia que se fai no Anteproxecto de Informe á citada normativa, por non ser de aplicación, non se axusta a dereito».

Xustifícase que corresponde ao Pleno, no marco da potestade de autoorganización da Administración Local, determinar o réxime económico que considere máis idóneo para os seus membros, «(...) respectando, como así o fai, os límites que establece a lexislación básica estatal sobre a materia».

RÉPLICA

Tanto o artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local como o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais contemplan de forma expresa a posibilidade dos membros das Corporacións Locais de percibir indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo «(...) segundo ás normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e nas que en desenvolvemento destas aprobe o pleno corporativo.»

A estes efectos, si ben é certo que os membros corporativos non están incluídos *prima facie* no ámbito de aplicación do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, a remisión expresa que se efectúa tanto no artigo 75.4 da LBRL e no artigo 13.5 do ROF ás «normas de xeral aplicación nas Administracións Públicas» debe entenderse efectuada ao citado Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sen prexuízo da posibilidade do pleno corporativo de desenvolvemento destas normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas, pero en todo caso, e a xuízo deste órgano, debera existir unha fundamentación das razóns obxectivas que xustifican ese regulación diferenciada, gardando a debida proporcionalidade e determinando o réxime de xustificación preceptivo.

En consecuencia, acéptase parcialmente a alegación efectuada, procedendo á modificación do apartado IV.4.3 engadindo os seguintes parágrafos:

«Todo iso sen prexuízo da posibilidade do pleno corporativo de desenvolvemento destas normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas, pero en todo caso, e a xuízo deste órgano, debera existir unha fundamentación das razóns obxectivas que xustifican esa regulación diferenciada, gardando a debida proporcionalidade e determinando o réxime de xustificación preceptivo, no marco dos criterios constitucionais que rexen o gasto público conforme ao previsto no artigo 31.2 da Constitución Española cando dispón que: «O gasto público realizará unha asignación equitativa dos recursos públicos, e a súa programación e execución responderán aos criterios de eficiencia e economía".

E iso, cumprindo o disposto no artigo 75.6 da LBRL que esixe a consignación expresa nos «(...) orzamentos das retribucións, indemnizacións e asistencias (...) Deberán publicarse integramente no «Boletín Oficial» da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 111 a 120

plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros desta que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial».

CONCLUSIÓN

Respecto da remuneración por asistencia diaria, a contía ponse en relación coa dieta de manutención fixada nas propias bases (100 euros) e hai que cuestionar a propia adecuación ao marco xurídico vixente, analizado no apartado I.3, do concepto dado que:

Por unha banda, estas remuneracións por asistencia e desenvolvemento das funcións da Alcaldía-Presidencia terían que ser retribuídas, a xuízo deste órgano, polas percepcións salariais, porque se definen como cantidades para retribuír as súas funcións e responsabilidades de goberno e se recoñecen polo exercicio do seu cargo -no caso de non desempeñalo con dedicación exclusiva-, sen que se deban asimilar como conceptos substitutivos ou alternativos.

Ademais a persoa titular da Alcaldía-Presidencia é o único membro da corporación con dereito a súa percepción e nas propias BEO estas asistencias diarias figuran diferenciadas do resto de indemnizacións por asistencias aos Plenos, Xuntas de Goberno e comisións que teñen dereito a percibir todas as persoas integrantes da Corporación, incluída a persoa titular da Alcaldía.

(...) A xuízo deste órgano, no caso en cuestión, ao non aludirse ao termo de indemnización e retribuírse por xornadas, efectuando unha asimilación na súa determinación ao réxime de gastos efectivos, cabería ser interpretado como unha retribución encuberta, fóra do marco de asistencias e indemnizacións previsto no artigo 75 da LRBRL, sen axustarse ao réxime de dedicación parcial e sen a conseguinte alta no réxime da Seguridade Social procedente.

ALEGACIÓN

Resulta evidente que a indemnización acordada polo Pleno da Corporación non é un resarcimento de gastos efectivamente realizados (locomoción, dieta, aloxamento, peaxe, aparcamento, etc.), se non que ten o carácter de "lucro cesante", de ganancia deixada de obter polo tempo de ocupación que esixen as tarefas do cargo, e tamén, en definitiva, pola perda ou dedicación de un tempo a unha actividade cando se podería ter dedicado a outra actividade particular.

RÉPLICA

A xuízo deste órgano o artigo 75.4 da LBRL vincula expresamente as indemnizacións aos «gastos efectivos» ocasionados no exercicio do cargo, a diferenza da regulación previa á modificación operada pola Lei 14/2000, do 29 de decembro. A dita norma establece un réxime específico a través doutros conceptos retributivos para a compensación das ganancias deixadas de obter polos

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 112 a 120

membros corporativos en virtude do tempo requirido para o desempeño do cargo – réxime de dedicación parcial ou asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación-. Neste sentido, a sentenza 12/2017, de 16 de outubro do Tribunal de Cuentas:

« (...) Convén precisar que a actual redacción do artigo 75.4 da LRBRL unicamente contempla a indemnización de "gastos efectivos". Esta redacción procede da Lei 14/2000, do 29 de decembro, que reformou a regulación anterior na que se recoñecía o dereito dos membros das Corporacións Locais a ser indemnizados en termos máis amplos, sen facer referencia a "gastos efectivos", e remitindo exclusivamente ao acordado polo Pleno en canto a contía e condicións da indemnización. Durante a vixencia desta regulación, o Tribunal Supremo realizou unha interpretación ampla dos conceptos indemnizables ao amparo da norma. Neste sentido, a STS 3ª, Sección 4ª, do 18 de xaneiro 2000, baseándose en que o artigo 75.2 da LRBRL referíase, en xeral, a "indemnizacións", sen facer referencia a "gastos", interpretou que a norma autorizaba o resarcimento, non soamente de gastos, senón de danos ou prexuízos derivados doutros conceptos como ganancias deixadas de obter como consecuencia do traballo ou dedicación que impida a obtención doutro ingreso durante o tempo que tal traballo ou dedicación ao cargo sexa esixido, ou a "perda" ou dedicación dun tempo a unha actividade cando se podía dedicar a outra actividade particular.

Esta interpretación ampla non pode manterse tras a reforma da LRBRL operada pola citada Lei 14/2000, xa que a reforma refire expresamente as indemnizacións aos "gastos efectivos" ocasionados no exercicio do cargo, ao mesmo tempo que establece outros conceptos retributivos que dan unha cobertura máis adecuada á compensación das ganancias deixadas de obter polos membros das Corporacións Locais como consecuencia do tempo requirido para o cumprimento dos deberes do cargo (retribución por dedicación parcial, ou asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación).»

En consecuencia, non se estima a alegación.

CONCLUSIÓN

Nestes documentos asinados pola Alcaldía-Presidencia non figura que se practique retención algunha por IRPF, malia que as dietas e o importe da quilometraxe supera o máximo legal para a exención de tributación. Tanto as dietas por manutención, como os gastos de locomoción dentro da Comunidade relaciónanse dunha forma xenérica totalizando un número ou importe de quilómetros por mes e indicando un número de dietas. Non consta nin os itinerarios, nin as datas, nin os horarios de saída e chegada, nin o lugar ou motivo do desprazamento. (páx. 37).

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 113 a 120

ALEGACIÓN

En canto á afirmación de que "En consecuencia, non se estima que os devanditos gastos (dietas e gastos de locomoción) se xustifiquen debidamente e de forma suficiente, non podendo comprobarse a súa efectividade.", tamén discrepo rotundamente nos seguintes termos:

- Se non se achega factura de locomoción cando se utilizan medios públicos, non se percibe por este concepto cantidade algunha, seguramente porque utilizáronse medios privados (vehículo propio). No caso da utilización dun taxi, os membros da Corporación entregan a factura e son reembolsados do gasto.

- Cando se utiliza o tren ou o avión, o gasto é directamente abonado polo propio concello, que é quen reserva os billetes. Neste caso, tampouco se reembolsa gasto algún.

- Se non existen xustificantes de gastos de peaxes ou aparcadoiros, tampouco se reembolsan, o que significa que o membro da Corporación que os abona carga con eles.

- Polo que respecta á inexistencia de retención do IRPF nas dietas e locomoción, que non son superiores na súa contía ás dos deputados nacionais e autonómicos, remítome ao disposto no artigo 17.2.b), da Lei 35/2006 do 28 de novembro, que establece a exclusión, como rendementos de traballo, incluíndo aos concelleiros/as, as cantidades que se asignen polas institucións para gastos de viaxe e desprazamento.

- Respecto da recomendación de que o concepto de indemnización por asistencia diaria e desenvolvemento das funcións e responsabilidades de goberno do Alcalde, cando no ocupe o cargo con dedicación exclusiva, non figure nas Bases de Execución do Orzamento municipal, tal e como quedou explicado neste informe non ten fundamento legal sólido, aínda que, como é lóxico, correspóndelle á Corporación Municipal manter, modificar ou suprimir o citado concepto mediante acordo plenario.

- En canto ao control interno en materia económica, evidentemente se levará a cabo conforme ás disposicións legais vixentes que lle son de aplicación, pero cando haxa motivo para iso. -En canto ás cantidade percibidas polo Sr. Alcalde nos exercicios 2018, 2019, 2020, 2021, relativas ás indemnizacións, dietas de manutención, aloxamento e locomoción, un sinxelo cálculo de suma e división e contabilizando 22 días por mes cada ano, nos leva á conclusión de que o gasto diario por todos eses conceptos, é dicir, gastos ocasionados ao concello polo desenvolvemento da súa actividade, foi de 52,44 euros, cantidade ben modesta fronte o 217,73 euros dun deputado nacional, ou os 156,81 euros, dun deputado autonómico.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 114 a 120

RÉPLICA

Non se estima que a alegación permita xustificar de forma suficiente a efectividade dos gastos realizados conforme ao marco xurídico previsto no apartado 1.3 do informe, agás en relación coa retención por IRPF que procede aceptala e eliminar a citada referencia.

CONCLUSIÓN

A retribución da persoa titular da Alcaldía apróbase no Pleno do 26 de xuño do 2015 xunto coa súa dedicación exclusiva, percibindo por iso a contía establecida dentro dos marxes previstos pola normativa conforme coa poboación do Concello de Catoira.

Tanto na nómina como nos documentos contables consta o concepto de «desconto por Adeslas» e non o correspondente á Seguridade Social, baseándose nun acordo plenario do ano 1988, no que o Concello asume o gasto de asistencia sanitaria e clases pasivas.

Este acordo, non se estima como xustificación suficiente para as remuneracións ou retencións de mandatos posteriores. De feito, no período que estamos a analizar as remuneracións das persoas integrantes da Corporación recóllense no punto 8.2 do Acordo do Pleno do 26 de xuño do 2015 remitíndose ao disposto no artigo 75 bis.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local. Por outra banda o artigo 75.1 determina que os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda.

ALEGACIÓN

Parece que o Consello de Contas pon en dúbida a vixencia do acordo adoptado polo Pleno da Corporación no ano 1988, esquecéndose de que, por seguridade xurídica, os actos administrativos firmes, que non son recorridos, manteñen a súa vixencia ata que outros actos os modifiquen ou revoquen, sempre que non haxa prexuízo de terceiros.

Polo tanto, o acordo do Pleno da Corporación en cuestión mantén a súa vixencia e produce efectos, sen dúbida algunha, no día de hoxe. Por outra parte, dito acordo non vulnera a lexislación vixente, posto que o artigo 75.1 da Lei 7/85, ademais de establecer como obrigación legal que as Corporacións Locais asuman o pago das cotas empresariais da Seguridade Social que correspondan no caso de concelleiros/as con dedicación exclusiva, non prohibe que se faga cargo das que corresponderían aos concelleiros/as liberados, posto que, se o lexislador o houbera querido, bastaría con engadir ao parágrafo o adxectivo "so", para que o seu tenor literal fora o seguinte: "...asumindo as Corporacións so o pago das cotas empresariais que corresponda…" Hai que ter en conta, tamén, que na lexislación vixente en materia de réxime local, e máis concretamente no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 115 a 120

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que desenvolve a denominada "sesión organizativa das Corporacións Locais", a celebrar dentro dos 30 días seguintes á de sesión constitutiva, non se esixe que se adopten acordos novos sobre dedicacións exclusivas e outros relacionados con esta materia, xa que logo se entende que os citados acordos, adoptados no seu día polos Plenos das Corporacións, manteñen a súa vixencia ata que se modifiquen ou revoquen. E non hai que esquecer, por último, que no tenor literal do réxime de protección social dos deputados nacionais e autonómicos, aos que realmente se asimilan os membros das Corporacións Locais, dedúcese que tanto o Congreso como o Parlamento abonan todas as cotizacións á Seguridade Social, como xa vimos anteriormente.

RÉPLICA

A validez e aplicación íntegra dun acordo do Pleno de 1988, cando pasaron mais de trinta anos, só se podería chegar a defender se o acordo retributivo, cuxa validez se defende nas alegacións, non fose *ad personam* para o Alcalde en cuestión, como sucede no caso do concello de Catoira, ou non estivera sometido a condición temporal algunha que o ligase á duración do mandato e a denominación dos cargos que teñen dereito a esas retribucións e que as persoas, réxime, e retribucións fosen exactamente as mesmas. Situacións de feito, que non concorre no concello de Catoira e, adicionalmente, o Consello de Contas recomenda, en todo caso, a adopción do acordo plenario, que fixe o réxime e retribucións dos seu membros para cada Corporación constituída, tralas eleccións municipais, co fin de garantir en todo caso o pleno cumprimento das obrigas previstas no artigo 75.5 da LBRL.

O artigo 74 da LBRL establece que os membros das Corporacións locais cando sexan funcionarios de carreira doutras Administracións Públicas e desempeñen na Corporación para a que foron elixidos un cargo retribuído e de dedicación exclusiva, a Corporación abonará as cotizacións das mutualidades obrigatorias correspondentes a aqueles funcionarios que deixen de prestar o servizo que motivaba a súa pertenza a elas, estendéndose á cuota de clases pasivas. Non se fai referencia a outro tipo de gastos de asistencia sanitaria. En consecuencia, non se estima aplicable un acordo corporativo de 1988, feito para unha circunstancia concreta e relativo a un encadramento no réxime de mutualismo administrativo e clases pasivas, a un suposto de feito distinto, tendo en conta a regulación prevista nos citados artigos 74 e 75 da LBRL.

En consecuencia, non se estima a alegación, sen prexuízo da inclusión da mención ao artigo 74 da LBRL, no informe –páxina 33:

Sen prexuízo do disposto no artigo 74 da LBRL en relación cos membros das Corporacións locais en situación de servizos especiais, e o aboamento das cotizacións das mutualidades obrigatorias e as cotas de clases pasivas.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 116 a 120

ALEGACIÓNS DO CONCELLO DE VILASANTAR

As alegacións remitidas fan referencia a que as actuacións reflexadas no informe se efectuaron conforme aos principios de boa fe e confianza lexítima, a inexistencia de enriquecemento inxusto e a ausencia de reparos por parte da intervención municipal. Como se puxo de manifesto anteriormente, non se valoran as alegacións que confirmen deficiencias ou irregularidades sinaladas no informe; que expoñan criterios e opinións sen soporte documental ou normativo ou ben que non rebatan o contido do informe, senón que se trate de explicacións ou xustificacións sobre as actuacións da entidade fiscalizada.

ALEGACIÓNS DO CONCELLO DE TRAZO

Non se efectúan alegacións, limítanse ao envío de acordos corporativos e facturas de servizos de restauración.

ALEGACIÓNS DO CONCELLO DE VALGA

CONCLUSIÓN

Recomendase ao Concello de Valga con relación ás indemnizacións por razón de servizo -no que respecta ás dietas e aos gastos por desprazamento- a suxeición ao establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, coa xustificación e documentación que corresponda, tendo en conta que os postos acumulados por habilitados nacionais non devindican dietas, de conformidade co previsto no marco xurídico aplicable.

ALEGACIÓN

Arguméntase por parte do Concello de Valga nas consideracións remitidas a adecuación á legalidade da percepción de indemnizacións por razón do servizo dos habilitados nacionais en réxime de acumulación de funcións no Concello de Valga, en base á derrogación expresa da prohibición prevista no Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local.

Sinalándose expresamente que «(...) na medida que, nin o RD 1732/1994, de 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, nin o RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, contemplaron a improcedencia do abono de dietas no caso de postos ocupados por acumulación, coma si recollía expresamente o RD 861/1986, que desbotaba tal dereito, (contando ademais que a regulación que contiña este último se fixo nunha disposición transitoria e que a posterior inclúese no

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 117 a 120

articulado das dúas normas posteriores), este Concello considera o pago das dietas ao Secretario e Interventor do Concello de Valga axustadas a Dereito».

RÉPLICA

Este órgano non comparte o argumento da derrogación da prohibición prevista no Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, en virtude do disposto na Disposición derrogatoria única do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, cando dispón que: «Quedan derrogados (...) e, cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido no real decreto».

Dita derrogación expresa de carácter xenérico e innominado ten os mesmos efectos que unha derrogación tácita, e en consecuencia, require identidade material entre ambas regulacións, identidade de destinatarios e contradición e incompatibilidade entre os fins de ambas normas.

No suposto en cuestión non cabe apreciar ningunha contradición ou incompatibilidade entre ambas normas.

Este mesmo criterio é o seguido polo órgano competente da Administración Xeral do Estado cando se pronuncia expresamente sobre a non procedencia do abono de dietas en relación coas funcións acumuladas, tal e como se sinala no informe, ou polo propio Tribunal de Cuentas, no Informe nº 1032 «Informe de fiscalización de las retribuciones y de la gestión de los sistemas de provisión y promoción de los puestos de intervención de las entidades locales», ao concluír- páxina 91- que «(...) A este respecto ha de tenerse en cuenta que la DA 3ª del RDRFAL, establece que los nombramientos por acumulación no darán lugar a la percepción de dietas».

En consecuencia, non se estima a alegación efectuada.

CONCLUSIÓN

No artigo 14 *in fine* do Regulamento Orgánico Municipal do concello indícase que «(...) de cada sesión da Comisión de Coordinación levantarase acta por parte dun concelleiro/a designado no seu caso, e que terá a condición de concelleiro/a Secretario/a da Comisión de Coordinación, podendo igualmente nomearse concelleiro/a secretario/a suplente».

A previsión do citado artigo 14 transcrito conculca a esixencia legal de que sexa un funcionario/a público o que actúe como Secretario/a da devandita Comisión de Coordinación, tal e como se dispón no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, ao definir a función pública de secretaría, que integra a fe pública en relación coas sesións que celebren o Pleno, a Xunta de Goberno e calquera outro órgano colexiado da Corporación no que se adopten acordos que a vinculen.

CSV: BOPGDSPG-ITgIA0Pfm-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cod. Validación: 9H3Y4KZYJ4N3CRT9XYWLD2242
Corrección: https://consellodecontasgalicia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 118 a 120

3. A regulación da Comisión de Coordinación carece dalgúns dos elementos esenciais que dispón o artigo 59.3 da LALGA como a delimitación das súas funcións e competencias ou os créditos necesarios para a súa posta en funcionamento, o que imposibilita determinar se as funcións asignadas a dito órgano complementario xustifican o establecemento dun réxime de indemnizacións por asistencia, así como o cumprimento do mandato previsto no apartado 4 do citado artigo, en relación coa prohibición expresa de duplicidades de órganos existentes na organización municipal.

ALEGACIÓN

En relación coas Comisións de Coordinación de Concelleiros/as Delegados/as, a única alegación que se efectúa ao contido do informe, sen prexuízo da achega de documentación e valoracións xurídicas en relación coa previsión da existencia dun órgano complementario, que non se cuestiona neste, é a relativa á posibilidade que a secretaría da citada Comisión a ostente un dos concelleiros/as membros. Neste sentido, alégase que o artigo 16 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, habilita que o Secretario da citada Comisión sexa un membro do citado órgano cando dispón: «1. Os órganos colexiados terán un Secretario que poderá ser un membro do propio órgano ou unha persoa ao servizo da Administración Pública correspondente».

RÉPLICA

